

# GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA

## “GOLFO ÁRTABRO”



# DOCUMENTO PLAN ESTRATÉGICO ZONAL “GOLFO ÁRTABRO”



SADA, 15 DE OUTUBRO DE 2008

---

# **GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA GOLFO ÁRTABRO**

## **ÍNDICE PLAN ESTRATÉGICO ZONAL (P.E.Z.)**

Modelo de Solicitud para o concurso de selección do GAC. (Anexo B.1.)

Metodoloxía desenvolvida para a elaboración do P.E.Z.

### **1. DIAGNOSE.**

#### **1.1. Estudo socioeconómico**

##### **1.1.1. Presentación do territorio**

##### **1.1.2. Poboación.**

- 1.1.2.1. Introducción
- 1.1.2.2. Evolución da poboación
- 1.1.2.3. Estructura demográfica da poboación
- 1.1.2.4. Nivel de instrucción
- 1.1.2.5. Indicadores da calidade de vida
- 1.1.2.6. Servizos sanitarios
- 1.1.2.7. Servizos educativos
- 1.1.2.8. Servizos culturais de lecer
- 1.1.2.9. Servizos sociais
- 1.1.2.10. Aspectos relacionados coa vivenda
- 1.1.2.11. Tecido asociativo
- 1.1.2.12. Elementos culturais propios do territorio

##### **1.1.3. Infraestruturas**

- 1.1.3.1. As infraestruturas e comunicacións do territorio
- 1.1.3.2. Outras infraestruturas de comunicacións

##### **1.1.4. Mercado de traballo**

- 1.1.4.1. Evolución das taxas de actividade, ocupación e desemprego
- 1.1.4.2. Evolución da poboación ocupada por sectores
- 1.1.4.3. Situación laboral das mulleres e xóvenes no territorio

##### **1.1.5. Actividade económica**

- 1.1.5.1. Parques empresariais do territorio
- 1.1.5.2. Actividade por sectores empresariais
- 1.1.5.3. O sector agroindustrial
- 1.1.5.4. Microempresas do sector alimentario no territorio
- 1.1.5.5. O sector turístico

##### **1.1.6. A actividade pesqueira**

- 1.1.6.1. Infraestruturas pesqueiras no territorio
  - 1.1.6.1.1. Lonxas
  - 1.1.6.1.2. Embarcacións
  - 1.1.6.1.3. Instalacións portuarias
  - 1.1.6.1.4. Depuradoras de marisco
- 1.1.6.2. Recursos humanos
- 1.1.6.3. Empresas transformadoras
- 1.1.6.4. Análise económica das lonxas do territorio

- 1.1.6.4.1. Ventas das lonxas do territorio respecto ó total de Galicia
- 1.1.6.4.2. Evolución das vendas nas lonxas do territorio nos últimos anos
- 1.1.6.5. Principais especies vendidas nas lonxas do territorio
- 1.1.6.6. Evolución dos prezos de venta das principais especies
- 1.1.6.7. Prioridades estratéxicas no sector pesqueiro para Galicia
- 1.1.6.8. Conclusións da enquisas con confrarías

### **1.1.7. Situación ambiental do territorio.**

- 1.1.7.1. Espazos naturais e protexidos na Rede Natura
  - 1.1.7.1.1. LIC Costa da morte
  - 1.1.7.1.2. LIC Costa de Dexo
  - 1.1.7.1.3. LIC Beanzos-Mandeo
  - 1.1.7.1.4. LIC Parque Natural As Fragas do Eume
  - 1.1.7.1.5. LIC Río Xuvia-Castro
  - 1.1.7.1.6. LIC Costa Artabra-ZEPA Costa de Ferrolterra-Valdoviño
  - 1.1.7.1.7. Encoro de Abegondo-Cecebre
- 1.1.7.2. Proxecto sen marcha de incidencia ambiental
- 1.1.7.3. Problemas medioambientais detectados

## **1.2. Análise DAFO.**

- 1.2.1. DAFO económico e do sector pesqueiro.
- 1.2.2. DAFO social.
- 1.2.3. DAFO ambiental.

## **2. ESTRATEXIA DO GAC.**

- 2.1. Introducción.
- 2.2. Obxectivo xeral e obxectivos específicos. Eixos de actuación.
- 2.3. Actuacións previstas para cada Eixo (Fichas de accións).
- 2.4. Criterios de valoración de proxectos.
  - 2.4.1. Proxectos productivos.
  - 2.4.2. Proxectos non productivos.

## **3. PLAN DE EXECUCIÓN.**

- 3.1. Plan financeiro (Anexo B.5.)
- 3.2. Gastos de xestión.
- 3.3. Sistemas de control e seguimento do Plan (Indicadores de resultado e Indicadores de realización).
- 3.4. Cronograma execución do Plan (Anexo B.6)

## **4. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**

- 4.1. Igualdade de oportunidades.
- 4.2. Enfoque innovador da Estratexia e das actuacións previstas.
- 4.3. Plan de información, publicidade e transparencia.
  - 4.3.1. Obxectivos xerais.
  - 4.3.2. Obxectivos específicos
  - 4.3.3. Actuacións.
    - 4.3.3.1. Deseño de Imaxe Corporativa.
    - 4.3.3.2. Sinalización da sede.

- 4.3.3.3. Elaboración de tarxetas de presentación.
  - 4.3.3.4. Difusión na prensa local.
  - 4.3.3.5. Trípticos, guía do promotor e carteis informativos.
  - 4.3.3.6. Charlas en asociacións ou colectivos.
  - 4.3.3.7. Páxina Web.
  - 4.3.3.8. Publicacións periódicas.
  - 4.3.3.9. Divulgación dirixida a colectivos específicos.
- 4.4. Sostenibilidade.

## **5. DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA REFERIDA ÓS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS G.A.C.**

- 5.1. Criterios de solvencia técnica.
- 5.2. Criterios de representatividade.
- 5.3. Criterios de coherencia.
- 5.4. Criterios de xénero.

## **6. BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN.**

## **METODOLOXÍA DESENVOLVIDA PARA A ELABORACIÓN DO P.E.Z.**

Para a elaboración da candidatura do Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”, deseñouse un cronograma por parte da Comisión Xestora, có obxectivo de fixar as accións precisas para difundir o proxecto, animar a participación, constituír o G.A.C. realizar a diagnose participativa, formular estratexias e redactar o documento final candidatura.

Dito cronograma dividiuse en tres fases diferenciadas polos seus tipos de accións: Fase de difusión e animación, Fase de diagnose compartida e Fase Propositiva.

### **Fase de difusión e animación**

Esta primeira fase iniciouse cá presentación dos Grupos de Acción Costeira na Delegación Provincial de A Coruña, nunha reunión celebrada na Casa do Mar de A Coruña o día 10 de xullo de 2008. A esta reunión asistiron distintos axentes do territorio interesados en formar parte do Grupo de Acción Costeira. Esta reunión fo convocada pola Consellería de Pesca e CETMAR.

Dende a Delegación Provincial de Pesca de A Coruña explicouse a distribución territorial dos distintos Grupos, as liñas xerais do Programa así coma as datas e metodoloxía para a elaboración da candidatura.

No mes de xullo constituíuse a Comisión Xestora do Golfo Ártabro entre todas as entidades interesadas, encargada de establecer os pasos para a elaboración do documento-candidatura, e se elixiu á equipa para poñer en marcha o proceso, formada polos técnicos da Asociación Terra das Mariñas e da Fundación Comarcal de Betanzos.

A dinamización das asociacións do territorio, acordouse facela dende cada un dos concellos e dende a propia equipa redactora.

Con este fin, os 15 concellos do Golfo Ártabro fixeron a difusión da información sobre os Grupos de Acción Costeira durante os meses de agosto e setembro no que se viron involucrados tanto alcaldes, concelleiros e axentes locais de emprego entre outros.

Así mesmo elaborouse un tríptico promocional para distribuir no territorio e un panel, procedendo a facer unha rolda de prensa de presentación.

## Imaxes do tríptico informativo editado.

### Obxectivos dos G.A.C.

- Seleccionar os proxectos que se levarán a cabo na súa zona.
- Participar en iniciativas zonais, rexionais, nacionais e internacionais que contribúan a potenciar o desenvolvemento socioeconómico do sector pesqueiro da zona.
- Servir ás entidades asociadas de centro receptor, canalizador e distribuidor de toda a información relativa ao campo de acción do desenvolvemento local e rexional.
- Realizar a prospección e coñecemento das dotacións, recursos e proxectos existentes no territorio en cada momento.
- Ser factor de sensibilización das administracións, entidades públicas e privadas, así como das institucións comunitarias europeas co obxecto de poder optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento equilibrado, sostido e rexional.
- Posibilitar entre os asociados o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo e intervención no ámbito de desenvolvemento.

### Máis información:

- **Fundación Comarcal Betanzos**  
Tel. 981 776 455  
Fax 981 776 456  
fbetanzos@gmail.com
- **Asociación Terra das Mariñas**  
Tel. 981 669 532  
www.terradasmariñas.org  
info@terradasmarinas.com
- **Asociación Euroeume**  
Tel. 981 440 668  
www.euroeume.org
- **Asociación Costa Ártabra**  
Tel. 981 333 398  
www.costaartabra.org


ou sigue o día a día no blog:  
<http://gacgolfoartabro.blogspot.com>



ou tamén en:  
[www.accioncosteira.es](http://www.accioncosteira.es)

LUGAR AVISO GÓLFO - TEL. 981 774 171

### Lanzamento Grupo de Acción Costeira "Golfo Ártabro" 2007-2013



### Constitución G.A.C.

#### ¿Que é un Grupo de Acción Costeira (G.A.C.)?

É unha asociación sen ánimo de lucro de carácter supramunicipal de cooperación e compromiso, formada por distintos axentes tanto públicos como privados da zona, con especial protagonismo dos pertencentes e relacionados co mundo pesqueiro.

#### ¿Como se constitúe un GAC?

Todas as organizacións interesadas en participar deben presentar:

1. Copia dos estatutos
2. Relación dos membros da asociación
3. CIF
4. Memoria de actividades



### Ámbito territorial

#### ¿Cantos existen en Galicia?

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos identificou **sete zonas ao longo do litoral de Galicia**, que serán as beneficiarias das axudas con cargo ao Eixe 4 do F.E.P.

- Zona 1: A Mariña-Ortega
- Zona 2: Golfo Ártabro**
- Zona 3: Costa da Morte
- Zona 4: Seo de Fisterra, Ría de Muros-Noia
- Zona 5: Ría de Arousa
- Zona 6: Ría de Pontevedra
- Zona 7: Ría de Vigo-A Guarda

#### Zona 2



#### Ámbito territorial

Narón, Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, Arteixo

### Composición dos G.A.C.

#### ¿Quenes o compoñen?

Debe estar constituída por entidades representativas dos seguintes sectores:


- **Sector pesqueiro:** intégrano as asociacións e entidades de interese colectivo pesqueiro, marisqueiro e acuícola con personalidade xurídica propia. Este sector é o líder do G.A.C.
- **Sector social:** integrarán este sector as asociacións socioculturais, deportivas, ecoloxistas, recreativas e educativas, as asociacións de mulleres e outras similares.
- **Sector económico:** integrado polas asociacións de empresarios, de axentes económicos, grupos de desenvolvemento rural e organizacións sindicais.
- **Sector público:** integrado polas administracións públicas de ámbito local e entidades do sector público vinculadas ou dependentes destas.

**Cada zoa contará cun único grupo de acción costeira.**

**O sector pesqueiro terá unha clara posición predominante na Xunta Directiva do G.A.C., representando polo menos o 50% dos votos.**

**Non poderán formar parte as persoas físicas.**

Tamén se abriu un blog (<http://gacgolfoartabro.blogspot.com/>) para manter a máxima transparencia no proceso.



### Fase de diagnose participativa

Nesta segunda fase elaborouse unha diagnose do sector pesqueiro de xeito participativo. Para isto, a equipa redactora elaborou unha serie de enquisas que foron enviadas ás distintas confrarías có fin de coñecer a situación real do mundo do mar, para posteriormente facer visitas a todas as confrarías do territorio.

Ó longo do mes de setembro a equipa técnica mantivo reunións cos socios das sete confrarías do territorio para analizar as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que poidan xurdir dende a situación actual.

Deste xeito establecéronse unhas liñas de actuación axustadas ás necesidades reais do territorio ó mesmo tempo que se implicaron os axentes da zona e do sector. Desta forma conséguese reforzar a participación e garantir a continuidade das accións.

O día 03 de outubro tivo lugar a constitución do Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” nunha Asemblea Xeral celebrada na Casa da Cultura “Pintor Lloréns”, no Concello de Sada. Nesta reunión aprobáronse os estatutos definitivos do Grupo que

posteriormente foron firmados polos representantes de todas as asociacións fundadoras do “Golfo Ártabro” así coma a Acta Fundacional do mesmo.

### **Fase propositiva**

Para poder facer unha análise profunda dos sectores máis destacados no territorio, agrupáronse as asociacións socias do Golfo Ártabro en catro Mesas Sectoriais, segundo o eido o que pertencen:

- Sector Público
- Sector Económico.
- Sector Social.
- Sector Pesqueiro.

No mes de outubro desenvolvéronse reunións con estas Mesas, onde os seus representantes aportaron información sobre posibles proxectos susceptibles de encadrarse dentro do Programa e que teñen como obxectivo a mellora do territorio e do sector do mar. Estes proxectos aparecen recollidos no documento-candidatura.


O documento final foi aprobado pola a Asemblea Xeral o día 13 de outubro de 2008. Dita reunión celebrouse no Salón de Plenos do Concello de Sada, contando cá asistencia dos representantes das distintas asociacións que compoñen o G.A.C. “Golfo Ártabro”



A continuación xúntase un cronograma da elaboración da candidatura, así como os cadros nos que se recollen os datos máis destacados de cada unha das accións seguidas durante todo o proceso.



## CRONOGRAMA GRÁFICO DO PROCESO DESENVOLVIDO



## CADROS RESUMO DO PROCESO DE ELABORACIÓN DA CANDIDATURA

FASE	DATA	ACTO, LUGAR E HORA	ASUNTO	DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA
L A N Z A M E N T O  D I F U S I Ó N  E A N I M A C I Ó N	10/xullo/2008	Reunión na Delegación Provincial de Pesca de A Coruña con distintas asociacións do territorio. Casa do Mar (A Coruña). 12:00 horas. Convocada pola Consellería de Pesca e CETMAR.	Presentación dos Grupos de Acción Costeira.	
	18 /xullo/2008	Reunión dos colectivos interesados. Casa da Cultura Pintor Lloréns (Sada). 18:30 horas.	Creación da Comisión Xestora para a constitución do G.A.C. Golfo Ártabro.	Carta informativa da reunión e orde do día. Acta reunión. Fotos.
	30/ xullo/2008	1ª Reunión da Comisión Xestora. Casa da Cultura Pintor Lloréns (Sada). 12:30 horas.	Establecer os pasos a seguir na elaboración da candidatura. Elaboración dun primeiro borrador de estatutos do G.A.C. Realización dunha carta informativa ós concellos do Golfo Ártabro.	Carta informativa da reunión e orde do día. Acta reunión. Fotos.
	Agosto de 2008	Dinamización e información por parte dos concellos das asociacións do territorio.	Dar a coñecer o Grupo de Acción Costeira, as accións e datas para a súa constitución e as novas liñas de acción.	
	Agosto de 2008	Creación do Blog do Golfo Ártabro.	Divulgación da información referente a constitución do G.A.C.	<a href="http://gacgolfoartabro.blogspot.com">http://gacgolfoartabro.blogspot.com</a>
	20/agosto/2008	2ª Reunión da Comisión Xestora. Casa da Cultura Pintor Lloréns (Sada). 11:30 horas.	Aprobación das actas de reunións anteriores. Presentación do panel e trípticos informativos do Programa. Acordo de difusión do Programa por parte dos concellos pertencentes ó Golfo Ártabro.	Carta informativa da reunión e orde do día. Acta reunión. Fotos.

<b>FASE</b>	<b>DATA</b>	<b>ACTO, LUGAR E HORA</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</b>
<b>D I A G N O S E  P A R T I C I P A T I V A</b>	22/setembro/2008	Reunión da equipa técnica cá confraría de Sada. Casa do Mar (Sada). 17:00 horas.	Recollida de información sobre a problemática do sector na zona e posibles proxectos que se poidan encadrar no Programa.	Acta da reunión.
	23/setembro/2008	Reunión da equipa técnica cá confraría de Barallobre. Confraría de Barallobre (Fene). 13:00 horas.	Recollida de información sobre a problemática do sector na zona e posibles proxectos que se poidan encadrar no Programa.	Acta da reunión.
	23/setembro/2008	Reunión da equipa técnica cá confraría de Lorbé e Asociación de Redeiras de Lorbé. Confraría de Lorbé (Oleiros). 20:00 horas.	Recollida de información sobre a problemática do sector na zona e posibles proxectos que se poidan encadrar no Programa.	Acta da reunión.
	24/setembro/2008	Reunión da equipa técnica cá confraría de Pontedeume. Confraría de Pontedeume. 11:30 horas.	Recollida de información sobre a problemática do sector na zona e posibles proxectos que se poidan encadrar no Programa.	Acta da reunión.
	24/setembro/2008	Reunión da equipa técnica cá confraría de Mera. Confraría de Mera. 19:00 horas.	Recollida de información sobre a problemática do sector na zona e posibles proxectos que se poidan encadrar no Programa.	Acta da reunión.
	25/setembro/2008	Reunión da equipa técnica cá confraría de Mugar dos. Confraría de Mugar dos 13:30 horas.	Recollida de información sobre a problemática do sector na zona e posibles proxectos que se poidan encadrar no Programa.	Acta da reunión.
	26/setembro/2008	Reunión da equipa técnica cá confraría de Ares. Confraría de Ares. 12:00 horas	Recollida de información sobre a problemática do sector na zona e posibles proxectos que se poidan encadrar no Programa.	Acta da reunión.
<b>C O N S T I T U C I Ó N</b>	03/outubro/2008	Reunión Xunta Directiva. Casa da Cultura Pintor LLoréns (Sada). 19:30 horas		Acta da reunión. Fotos.
	03/outubro/2008	Asemblea Xeral. Casa da Cultura Pintor LLoréns (Sada). 19:30 horas	Constitución do Grupo de Acción Costeira. Aprobación e firma dos estatutos. Firma da Acta Fundacional.	Acta da reunión. Acta fundacional. Estatutos. Fotos. Gravación de vídeo.

<b>FASE</b>	<b>DATA</b>	<b>ACTO, LUGAR E HORA</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</b>
<b>P R O P O S I T I V A</b>	07/outubro/2008	Celebración da mesa do sector público. Casa da Cultura Pintor Lloréns. 13:00 horas.	Diagnose compartida do sector entre os socios de cada Mesa Sectorial. Elección de representantes na Xunta Directiva.	Acta reunión. Fotos.
	07/outubro/2008	Celebración do sector económico. Casa da Cultura Pintor Lloréns. 19:00 horas.	Diagnose compartida do sector entre os socios de cada Mesa Sectorial. Elección de representantes na Xunta Directiva.	Acta reunión. Fotos.
	08/outubro/2008	Celebración da Mesa do sector social. Casa da Cultura Pintor Lloréns. 19:00 horas.	Diagnose compartida do sector entre os socios de cada Mesa Sectorial. Elección de representantes na Xunta Directiva.	Acta reunión. Fotos.
	10/outubro/2008	Celebración da Mesa do sector pesqueiro. Casa da Cultura Pintor Lloréns. 17:30 horas.	Diagnose compartida do sector entre os socios de cada Mesa Sectorial. Elección de representantes na Xunta Directiva.	Acta reunión. Fotos.
	10/outubro/2008	Reunión da Xunta Directiva. Casa da Cultura Pintor Lloréns (Sada). 19:00 horas	Elección de cargos. Aprobación do borrador do P.E.Z.	Acta reunión. Fotos.
	13/outubro/2008	Asemblea Xeral. Salón de Plenos do Concello de Sada. 19:00 horas.	Ratificación dos cargos da Xunta Directiva. Aprobación do Borrador do P.E.Z.	Acta reunión. Fotos.
<b>ENTREGA DO DOCUMENTO</b>				
	15/outubro/2008	Consellería de Pesca Santiago de Compostela.	Entrega do documento no Rexistro do Concello Abegondo	Documento candidatura

## 1.1. ESTUDO SOCIOECONÓMICO.

### 1.1.1. PRESENTACIÓN DO TERRITORIO



O Golfo Ártabro sitúase ó noroeste de Galicia e está formado por catro rías que conforman o territorio, estas son: A Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol.

No seu conxunto constitúen unha unidade socioeconómica que se asenta nas cidades de A Coruña e Ferrol, apoiada por concellos de gran tradición como Sada, Pontedeume, Ares, Mugardos, Fene, Neda o Narón.

Existen paisaxes de gran beleza, tanto pola presenza do mar como pola gran cantidade de ríos que percorren o territorio.



Fragas do Eume



Ría de Ares

A costa, é de contorno moi recortado, salpicada de numerosas praias moi ben dotadas e de suave oleaxe, así como fermosos acantilados. Os numerosos pobos e aldeas que salpica as súas ribeiras ofrecen ó visitante a posibilidade de disfrutar tanto do baño como das visitas a centros históricos e monumentos de interese, así como de degustar pratos típicos nos que os peixes e mariscos teñen un papel primordial, xunto á repostería.



Praia de Cabanas



Praia Grande de Miño

O territorio do Golfo Ártabro abarca 15 municipios: Ares, Arteixo, Bergondo, Cabanas, Cambre, Culleredo, Fene, Miño, Mugardos, Narón, Neda, Oleiros, Paderne, Pontedeume e Sada.

No presente documento analízanse as principais características do territorio, como son os aspectos relacionados cá poboación, infraestructuras, actividade económica e medio ambiente, facendo especial fincapé no sector pesqueiro e en todas aquelas actividades relacionadas có mesmo.



Vista aérea da praia de Sada

## 1.1.2. POBOACIÓN.

### 1.1.2.1. Introdución

No ano 2007 os quince concellos que compoñen o territorio do Golfo Ártabro tiñan unha poboación total de 234.951 habitantes, sobre unha superficie de 580,9 Km<sup>2</sup>.

A densidade de poboación no territorio no ano 2007 era de 404,5 habitantes por kilómetro cadrado. Este dato é moi significativo tendo en conta a media da provincia de A Coruña (142 hab/km<sup>2</sup>), e moito máis observado a media autonómica (93 hab/km<sup>2</sup>) para o mesmo ano. Isto significa que estamos ante un dos territorios máis poboados de Galicia, debido en gran parte á cercanía das cidades da Coruña e Ferrol, que actúan como polo de atracción de poboación. É por esa cercanía que os concellos máis próximos á Coruña e Ferrol se están a converter nunha área metropolitana con dinámicas propias.

### 1.1.2.2. Evolución da poboación.

A evolución da poboación dende o ano 1999 ata o ano 2007 amosa que mentres na provincia da Coruña aumentou un 2,15% e en Galicia un 1,50%, no territorio de candidatura aumentou nun 18%.

Evolución da poboación por concellos

CONCELLO	Ano 1999	Ano 2003	Ano 2007	Evolución (%) (1999-2007)
Galicia	2730337	2751094	2772533	1,54%
A Coruña	1108980	1120814	1132792	2,14%
Ares	4662	5188	5598	20,07%
Arteixo	21679	24668	27713	27,83%
Bergondo	5941	6391	6540	10,08%
Cabanas	3271	3330	3272	0,03%
Cambre	17074	20297	22513	31,85%
Culleredo	19867	23851	26707	34,42%
Fene	14875	14530	14222	-4,38%
Miño	4888	5096	5256	7,52%
Mugardos	6056	5737	5636	-6,93%
Narón	31108	33825	36245	16,51%
Neda	6192	5913	5649	-8,76%
Oleiros	25166	28643	31694	25,93%
Paderne	2755	2680	2710	-1,63%
Pontedeume	8857	8746	8635	-2,50%
Sada	10621	11963	13606	28,10%
<b>TOTAL</b>	<b>178350</b>	<b>195670</b>	<b>210398</b>	<b>17,96%</b>

Fonte: IGE. Padrón municipal de habitantes. Elaboración propia.

Como se pode apreciar na táboa anterior, os concellos máis poboados son Arteixo, Narón e Oleiros, mentres que os menos poboados son Cabanas, Miño e Paderne, sendo Paderne o de menor poboación, con 2.710 habitantes.

En canto á evolución da poboación nos últimos anos, pódese apreciar que a metade dos concellos pertencentes ó territorio ten unha porcentaxe de crecemento de poboación superior á media galega. Deste xeito, a media de aqueles concellos que máis medraron, como é o caso de Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada sitúanse nun crecemento do 22,8%.

Doutra banda, o 40% dos concellos comprendidos no Golfo Ártabro presentan un descenso na poboación. Ditos concellos son: Cabanas, Fene, Mugardos, Neda, Paderne e Pontedeume, cun descenso medio da poboación entre os anos 1999-2007 de entre o 1% e o 4%

Todo isto deixa en evidencia as profundas diferencias demográficas dentro do territorio. Basicamente se podería concluír que canto máis preto da cidade da Coruña, i en menor medida da cidade de Ferrol, maior crecemento demográfico se produxo nos últimos 7 anos.

Para explicar máis en detalle as circunstancias que inciden na dinámica demográfica, se analizan os tres factores que poden afectar a este fenómeno: a natalidade, a mortalidade e as migracións.

En canto ós dous primeiros factores, a taxa bruta de **natalidade** no ano 2007 no territorio do GAC Golfo Ártabro era do 1,00‰ e a de **mortalidade** de 0,95‰. Isto significa que a taxa de natalidade no territorio do G.A.C está por riba da media autonómica (0,78‰), mentres que a taxa de mortalidade é inferior á media galega (1,07‰), situación que se ven mantendo nos últimos anos.



Estas medias, positivas de cara ó crecemento da poboación, poderían semellar que a evolución da poboación nos concellos que experimentaron un incremento de habitantes foi debido a unha alta natalidade e a unha baixa mortalidade. Nembargantes, como se pode apreciar nos saldos vexetativos, esta teoría non serviría para explicar a evolución da poboación nos concellos que perderon habitantes ou nos que experimentaron un alto crecemento.

#### Saldos vexetativos por municipios

	<b>Saldo vexetativo</b> (Nº de nacementos menos nº de defuncións por ano)		
	<b>2001</b>	<b>2004</b>	<b>2007</b>
Galicia	-8939	-7919	-8129
A Coruña	-2970	-2746	-2771
Ares	-9	-8	-4
Arteixo	81	154	186
Bergondo	-42	-25	-38
Cabanas	-58	-29	-27
Cambre	106	96	99
Culleredo	112	110	194
Fene	-40	-74	-73
Miño	-23	-37	-32
Mugardos	-40	-26	-37
Narón	-27	27	-13
Neda	-37	-36	-76
Oleiros	-23	2	7
Paderne	-38	-26	-24
Pontedeume	-37	-42	-45
Sada	-63	-33	-3
<b>TOTAL</b>	<b>-138</b>	<b>43</b>	<b>114</b>

Fonte: IGE. Elaboración propia.

Por ese motivo, e aínda que a natalidade ou a mortalidade puideron influír na evolución da poboación do territorio do G.A.C., se pode afirmar que non foron estes os factores que a determinaron.

Dado que o territorio do Golfo Ártabro non é un territorio administrativo para o que existan datos globais, sería difícil calcular o seu saldo migratorio. Tampouco se pode elaborar a partir dos datos municipais, xa que os datos das migracións recollidas poden facer referencia á migración cara outro concello (ou dende outro concello) pertencente ó mesmo territorio.

Tendo en conta esta limitación, a análise centrase no **saldo migratorio** por concellos. Neste senso, aqueles concellos nos que o saldo migratorio foi alto nos últimos anos foron os concellos nos que se incrementou a poboación. Polo contrario, os concellos nos que o saldo migratorio foi negativo ou positivo pero moi baixo, son concellos que perderon poboación nos últimos anos<sup>1</sup>.

#### Saldo migratorio por municipio

<b>Concellos</b>	<b>2000</b>	<b>2003</b>	<b>2006</b>
<b>Galicia</b>	6894	11175	17601
<b>A Coruña</b>	3331	6190	7644
<b>Ares</b>	143	92	198
<b>Arteixo</b>	580	875	859
<b>Bergondo</b>	108	94	47
<b>Cabanas</b>	39	44	-32
<b>Cambre</b>	689	543	325
<b>Culleredo</b>	1069	684	243
<b>Fene</b>	-49	-13	-113
<b>Miño</b>	140	21	80
<b>Mugardos</b>	14	-82	29
<b>Narón</b>	-785	490	623
<b>Neda</b>	62	-43	19
<b>Oleiros</b>	863	944	568
<b>Paderne</b>	41	47	14
<b>Pontedeume</b>	-4	-31	60
<b>Sada</b>	358	556	472
<b>TOTAL</b>	<b>3268</b>	<b>4221</b>	<b>3392</b>

Fonte: IGE. Elaboración propia.

As migracións son as causas principais de cara a explicar tanto a evolución da poboación como as diferencias internas existentes entre os concellos do territorio, xa que estas seguen a mesma liña que as existentes no referente ó crecemento da poboación.


<sup>1</sup> Nestes últimos casos unha alta mortalidade xunto con unha baixa natalidade repercutiron máis que un pequeno saldo migratorio positivo.

Desta maneira, os concellos de Culleredo, Cambre, Sada, Oleiros, Arteixo, Ares, Narón e en menor medida os de Bergondo e Miño, forman un grupo onde a emigración (ben sexa doutros municipios limítrofes, doutros concellos da comunidade autónoma galega ou doutras comunidades), é o factor que determina o seu crecemento demográfico. Neste senso se constata que esta evolución está fortemente vinculada ó crecemento das cidades da Coruña e Ferrol así como tamén a unha expansión de poboación onde o sector turístico é moi importante (Sada, Ares e Miño).

Pola contra, municipios como os de Cabanas e Fene presentan saldos migratorios negativos para os últimos anos, así como saldos vexetativos moi pequenos. Tamén se aprecian concellos que a pesar de ter saldos migratorios positivos presentan unha evolución en retroceso en canto a inmigración, este é o caso de Mugarbos, Neda, Paderne e Pontedeume. Nestes concellos apreciase unha evolución descendente no censo de habitantes.

### 1.1.2.3. Estructura demográfica da poboación.

Facendo unha análise da poboación segundo os grupos de idade, a mellor representación gráfica é a das pirámides de poboación. Estas gráficas reflexan a distribución de poboación por grupos de idade e xénero.



Fonte: IGE


Á vista da pirámide de poboación do territorio “Golfo Ártabro”, amosa unha poboación cunha elevada porcentaxe de poboación comprendida entre os 20 e 45 anos. Este feito explícase pola proximidade a importantes núcleos de poboación, como pode ser A Coruña ou Ferrol, de gran parte dos concellos do territorio. Estas cidades e os polígonos industriais da súa periferia demandan gran cantidade de man de obra. Este feito xunto con outros factores, como pode ser o prezo da vivenda máis económico no ámbito destes municipios, propicia o asentamento de poboación en idade de traballar nestes municipios.

A poboación está relativamente envellecida xa que as bandas dos tramos intermedios (entre 20 e 60 anos) indican que a maioría da poboación está incluída nestes grupos de idade. A porcentaxe de xente maior de 65 anos supera á dos menores de 20 anos, aínda que se pode esperar que esta situación remita nos próximos anos debido ó aumento da natalidade e á gran masa de poboación do territorio comprendida en idades medias para a creación dunha familia.


Afondando na análise por concellos, aprécianse diferencias considerables entre eles, podendo identificar dous grandes grupos.

En primeiro lugar se diferencia o grupo de concellos cunha estrutura de poboación xoven, isto é, baixa porcentaxe de poboación maior de 65 anos, nos que a maioría da súa poboación ten entre 25 e 50 anos. Neste grupo estarían Arteixo, Cambre, Culleredo, Narón, Oleiros e Sada.

### ARTEIXO




### CAMBRE




## CULLEREDO

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade




## NARÓN

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade




## OLEIROS

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade



## SADA


Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade



O segundo grupo estaría formado por aqueles concellos que perderon poboación nas décadas pasadas e que nestes últimos anos comezaron a recuperala, debido en gran parte á expansión da área metropolitana da Coruña e Ferrol, así como polas boas comunicacións existentes entre ditos concellos e ambas cidades. Están incluídos neste grupo o 53,3% dos concellos do territorio. Os municipios con esta estrutura son Ares, Bergondo, Cabanas, Fene, Miño, Mugardos, Neda e Pontedeume.


## ARES

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade




## BERGONDO

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade




## CABANAS

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade




## FENE

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade




## MIÑO

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade




## MUGARDOS

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade




## NEDA

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade



## PONTEDEUME


Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade



Estes concellos comparten unha estrutura poboacional similar. Se no conxunto do territorio do G.A.C. as fortes inmigracións duns municipios complementan as perdas de poboación doutros e fan que a estrutura piramidal teña similar tamaño nos grupos de idade a partires de 20 anos, de modo parecido sucede cos municipios deste grupo, onde as perdas de poboación de décadas anteriores que fan amplo o teito da pirámide, foron compensadas coa recente chegada de poboación que “anchean” os tramos centrais da mesma. Isto fai que tanto nos grupos de idade máis altos como nos intermedios, a porcentaxe de poboación existente sexa parecido.

Un caso distinto é o concello de Paderne, que é o que presenta un maior envellecemento da poboación, aínda que a tendencia indica que está a xurdir unha lixeira recuperación da poboación nos grupos intermedios polos motivos antes comentados de proximidade e boas vías de comunicación.

## PADERNE



En ningún dos grupos analizados existen grandes diferencias de xénero en canto á súa dinámica, manténdose un equilibrio con similar evolución nos distintos intervalos de idade. Unicamente a partires dos 60-65 anos comeza a romperse esa equidade pola maior esperanza de vida das mulleres que se vai acentuando segundo se avanza na vellez.

Respecto ós índices de dependencia, éstos relacionan ós grupos de poboación segundo a súa dependencia. Enténdese como dependencia, aquela situación na que unha persoa, que se supón non está no mercado laboral, depende doutras persoas que sí están en idade de traballar e que poden aportan cotas ou cotizar á Seguridade Social. Isto supón que canto maior sexa este índice, maior será a carga que a poboación traballadora terá que soportar. Na táboa seguinte recóllense estes índices para cada municipio.

Índices de dependencia por municipios (Año 2007)

Concellos	Índice de Envellecemento	Índice de dependencia xeral	Índice de dependencia xuvenil	Índice de dependencia senil
Galicia	135,2	60,1	25,5	34,5
A Coruña	130	57	24,8	32,2
Ares	142,6	56	23,1	32,9
Arteixo	65,8	46,4	28	18,4
Bergondo	158,3	60,1	23,3	36,9
Cabanas	162,4	60,1	22,9	37,2
Cambre	65,7	48,2	29,1	19,1
Culleredo	67,3	47,9	28,6	19,3
Fene	160,6	54,4	20,9	33,5
Miño	161,7	60,9	23,3	37,6
Mugardos	190,9	59,5	20,5	39,1
Narón	112,4	52,8	24,9	28
Neda	204,5	63	20,7	42,3
Oleiros	79,8	52,7	29,3	23,4
Paderne	302,1	71,5	17,8	53,7
Pontedeume	122,5	56,1	25,2	30,9
Sada	129,6	54,6	23,8	30,8
<b>TOTAL</b>	<b>106,8</b>	<b>52,5</b>	<b>26,03</b>	<b>26,4</b>

Fonte: IGE. Elaboración propia.

O **IDXE** (Índice de dependencia xeral), indica a porcentaxe de poboación menor de 20 anos e maior de 65 en relación coa poboación activa (entre 20 y 65 anos).

O **IDX** (Índice de dependencia xuvenil), indica a porcentaxe de poboación menor de 20 anos en relación á poboación activa (entre 20 y 65 anos).

O **IDS** (Índice de dependencia senil), indica a porcentaxe de poboación maior de 65 anos en relación á poboación activa (entre 20 y 65 anos)

Tanto o *Índice de Dependencia Xeral* como o *Índice de Dependencia de Senil* son inferiores no territorio do G.A.C. “Golfo Ártabro” ó do conxunto da provincia da Coruña ou de Galicia. Polo contrario o *Índice de Dependencia Xuvenil* é lixeiramente superior no territorio que na provincia de A Coruña ou que en Galicia.

Como era de agardar estes índices corroboran as tendencias apuntadas a través da estrutura da poboación do territorio.



Máis do 66,6% dos concellos do Golfo Ártabro teñen un Índice de Dependencia Xeral por riba da media do territorio. Estes son os concellos de Ares, Bergondo, Cabanas, Miño, Mugardos, Neda, Paderne, Pontedeume e Sada. Destacan Paderne, Neda e Miño para os cales o índice é moi superior á media rexional. En canto ó envellecemento da poboación tamén destacan os concellos de Paderne, Neda e Mugardos, cun índice moi superior á media do territorio. Constátase que estes son os concellos máis rurais de todo o territorio nos que o envellecemento poboacional, coas consecuencias negativas tanto sociais como económicas que esto ten, afecta substancialmente á súa estrutura demográfica.

Por outra banda están os concellos onde o índice de dependencia está por baixo da media do territorio. Estes son concellos nos que, como xa se comentou anteriormente, a proximidade ás cidades da Coruña ou Ferrol motivou que a poboación xoven se asentara neles, aspecto que fai que estes índices de dependencia sexan máis favorables de cara ó futuro (Arteixo, Cambre, Culleredo Narón e Oleiros).


Como conclusión pode afirmarse que neste territorio existen dúas dinámicas diferenciadas.

#### **1.1.2.4. Nivel de Instrucción.**

O nivel de instrucción amosa que a maioría da poboación ten estudos de nivel básico ou medio (60,78% da poboación total maior de 16 anos). A porcentaxe de analfabetismo é moi baixa, un 1,71%, superado por moito pola poboación que ten estudos superiores (11,57%), que case iguala a porcentaxe de poboación que ten menos de 5 anos de escolarización (12,05%).

Á vista destes datos pódese afirmar que o nivel de instrucción neste territorio é lixeiramente superior á media de Galicia. A porcentaxe de habitantes con estudos medios é de 37,31% para Galicia e a porcentaxe de persoas con estudos superiores é de 9,03%; en canto que no territorio estas porcentaxes son do 49,76% e do 11,12%, respectivamente.

Na gráfica inferior apreciase o reparto de poboación segundo o nivel de estudos para o ano 2001



Elaboración propia

Apuntar tamén que os concellos con poboación máis envellecida coincide con niveis básicos de instrucción, e concellos con poboación máis xoven teñen un nivel medio de instrucción como predominante.

#### 1.1.2.5. Indicadores da calidade de vida.

Un dos indicadores máis importantes á hora de analizar a calidade de vida é o nivel de renda dos fogares. Neste senso segundo os datos do IGE para os anos 2000, 2001 e 2002, o territorio do Grupo de Acción Costeira presentaba uns indicadores lixeiramente superiores ó nivel medio da provincia da Coruña e de Galicia. É significativo que este nivel foi descendendo entre os anos 2000 e 2002 na maioría dos concellos integrantes do G.A.C.<sup>2</sup>. Isto amosa a relativa perda no poder adquisitivo do territorio e polo tanto na calidade de vida con respecto ó resto da provincia e da comunidade.

En canto ás diferencias internas entre os concellos que forman o G.A.C., existe unha clara diferenza de cara ós indicadores municipais de renda dos fogares.

A media do territorio para o ano 2002 é de 104,73. Tan só o 40,0% dos municipios superan esta media, sendo estes concellos: Cambre, Culleredo, Fene, Narón, Oleiros e Sada.

<sup>2</sup> Coa excepción dos concellos de Fene, Mugarbos, Narón, Neda e Pontedeume, nos que este indicador incrementouse lixeiramente.

Por outra banda, o 60,0% dos concellos teñen rendas inferiores á media, é o caso de Ares, Mugardos, Paderne, Pontedeume, Neda, Arteixo, Bergondo e Cabanas os cales presentan en conxunto, unha media para a renda nos fogares de 95,16 no ano 2002, media que é inferior á Galega.

Todo isto corrobora a existencia de grandes diferenzas no territorio do G.A.C. Na táboa seguinte recóllense os indicadores de renda nos fogares para os anos 2000, 2001 e 2002 segundo os últimos datos do I.G.E.

#### Indicadores de renda nos fogares

<b>Concellos</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002</b>
<b>Galicia</b>	100	100	100
<b>Prov. A Coruña</b>	102	102	102
<b>Ares</b>	96	96	95
<b>Arteixo</b>	105	101	98
<b>Bergondo</b>	104	103	100
<b>Cabanas</b>	104	103	102
<b>Cambre</b>	114	110	107
<b>Culleredo</b>	113	110	107
<b>Fene</b>	104	106	107
<b>Miño</b>	95	93	92
<b>Mugardos</b>	94	95	96
<b>Narón</b>	107	108	110
<b>Neda</b>	94	92	97
<b>Oleiros</b>	117	114	112
<b>Paderne</b>	97	96	96
<b>Pontedeume</b>	94	94	96
<b>Sada</b>	112	108	107
<b>TOTAL</b>	<b>107</b>	<b>105</b>	<b>104</b>

Fonte: IGE

Según os datos do Atlas Socioeconómico de Galicia do ano 2007 que publica Caixanova, a renda familiar dispoñible por habitante se recolle na táboa seguinte.

Renda familiar dispoñible por habitante (Ano 2007)

<b>CONCELLO</b>	<b>€ / habitante</b>
Ares	10495
Arteixo	10147
Bergondo	12002
Cabanas	11066
Cambre	10796
Culleredo	11028
Fene	10759
Miño	10955
Mugardos	10436
Narón	10502
Neda	10582
Oleiros	12204
Paderne	9616
Pontedeume	11077
Sada	11306
<b>A Coruña</b>	<b>11288</b>
<b>Galicia</b>	<b>11833</b>

Fonte: Atlas Socioeconómico de Galicia Caixanova

Segundo a táboa, o nivel de renda no territorio do G.A.C. no ano 2007 é de 10.946€ por habitante o que significa un 7,49% menos que a media galega. Tan só o 40% dos municipios superan a media do territorio, polo que se pode considerar como concellos prósperos dentro do territorio. Este concellos son Bergondo, Culleredo, Miño, Oleiros, Pontedeume e Sada.

Destacar que tan só os municipios de Bergondo e Oleiros superan a media rexional de renda por habitante. Este dato indica que se está ante un territorio desfavorecido en canto a calidade de vida dos seus habitantes dende o punto de vista da renda.

#### **1.1.2.6. Servizos sanitarios.**

A media de recursos humanos do territorio que prestan servizo en atención primaria, segundo o Banco de Datos Municipal do IGE, é inferior ó da provincia da Coruña e de Galicia. Existe un/unha médico de atención primaria por cada 1.599,97 habitantes, e aproximadamente un/unha ATS/DUE por cada 1.770,45 habitantes, mentres que estes índices rexionais fíxase en 1.226,24 médicos/as por habitante e 1.371,86 ATS ou DUE por habitante. Estes datos indican unha clara deficiencia en persoal sanitario para o territorio do Golfo Ártabro.

Respecto ás infraestructuras, segundo o SERGAS existen 17 centros de atención primaria (centros de saúde) e 13 consultorios para todo o territorio. En todos estes centros existe como mínimo un/unha médico (que é o mesmo que atende os consultorios) e un/unha ATS/DUE. Destes 17 centros, nove (Arteixo, Cambre, Perillo, Sta. Cruz, Culleredo, Fene, Narón, Pontedeume e Sada) dispoñen de servizos máis específicos, como odontólogos, fisioterapeutas, farmacéuticos, técnicos especialistas, matronas ou pediatras.

Os hospitais correspondentes a todos os concellos do territorio do G.A.C. “Golfo Ártabro” son os situados nas cidades de A Coruña e Ferrol.

#### **1.1.2.7. Servizos educacionais.**

No relativo ós servizos educacionais, segundo a base de datos do IGE, existen un total de 108 centros que imparten ensinanza en varios niveis: 68 centros que imparten educación infantil, 66 centros de primaria, 38 de educación secundaria obrigatoria, 28 de educación postobrigatoria e 2 centros de educación especial. No territorio non aparece ningún centro de educación de adultos.

De entre todos os concellos do “Golfo Ártabro”, destacan polo número de centros educativos adscritos os de Arteixo, Cambre, Culleredo, Narón e Oleiros. Mentres que na outra banda destacan pola escaseza de centros educativos os concellos de Ares, Bergondo, Cabanas e Paderne.

Mentres que a maioría destes centros situados nas zonas máis urbanas do territorio imparten case que todos os ciclos formativos e acollen a alumnos de todo o territorio, os centros educativos situados nos concellos menos poboados ofrecen na súa maioría educación infantil e/ou primaria. A medida que se avanza nos ciclos formativos de máis idade a escaseza de centros é máis acusada. Un gran número de concellos do territorio non posúen centros de educación secundaria nin educación postobrigatoria. Deste xeito, un gran número dos alumnos maiores teñen que desprazarse ó concello máis próximo para acudir ás clases.

#### 1.1.2.8. Servizos culturais e de lecer.

Aínda existindo lugares de esparcemento e infraestructuras de tipo cultural, no territorio este tipo de servizos non están suficientemente cubertos. Por unha banda, nos concellos menos poboados, estes servizos son escasos e en numerosas ocasións a poboación ten que desprazarse a outro concello ou a cidade da Coruña para participar nalgunha actividade ou disfrutar do seu tempo libre.

Na táboa seguinte recóllese o número de bibliotecas por municipio e o ratio de habitantes por biblioteca. En todo o territorio do Golfo Ártabro hai un total de 39 bibliotecas. A media para o territorio é de 5.366,28 habitantes por biblioteca mentres que a media galega é de 4.309,20 habitantes. Esta diferenza suporía que se precisan ata 10 bibliotecas mais para igualar a media galega e aínda así o ratio sería inferior ó da provincia da Coruña.

Nº de bibliotecas públicas por habitante (Ano 2005)

	<b>Poboación Total</b>	<b>Bibliotecas totais</b>	<b>Ratio habitantes/biblioteca</b>
Galicia	2762198	641	4309
A Coruña	1126707	291	3871
Ares	5301	1	5301
Arteixo	26272	4	6568
Bergondo	6495	1	6495
Cabanas	3368	0	0
Cambre	21523	4	5380
Culleredo	25650	2	12825
Fene	14355	1	14355
Miño	5127	2	2563

	<b>Poboación Total</b>	<b>Bibliotecas totais</b>	<b>Ratio habitantes/biblioteca</b>
Mugardos	5628	1	5628
Narón	35083	3	11694
Neda	5771	3	1923
Oleiros	30467	9	3385
Paderne	2715	1	2715
Pontedeume	8663	1	8663
Sada	12867	6	2144
<b>TOTAL</b>	<b>209285</b>	<b>39</b>	<b>5366</b>

Consellería de Cultura e Deporte.

Fonte : I.G.E.

Ó número de clubs deportivos dentro do territorio é elevado. Segundo o I.G.E., no ano 2004 había rexistrados un total de 644. Isto demostra que unha porcentaxe significativa da poboación mostra un forte interese en canto ás actividades deportivas. Este dato é relevante pois indica a necesidade dun grande número de instalacións deportivas así como lugares de esparcemento no medio natural. Na táboa seguinte apréciase que os concellos cun maior número de clubs deportivos rexistrados son Cambre, Culleredo, Narón e Oleiros, cunha media entre eles de 90 clubs por concello.

Clubes deportivos por concello (Ano 2004)

	<b>Nº de clubs deportivos</b>
A Coruña	3199
Ares	20
Arteixo	62
Bergondo	25
Cabanas	6
Cambre	92
Culleredo	83
Fene	37
Miño	17
Mugardos	9
Narón	83
Neda	18
Oleiros	102
Paderne	10
Pontedeume	42
Sada	58
<b>TOTAL</b>	<b>664</b>

Consellería de familia, xuventude, deporte e voluntariado

Fonte: I.G.E.

Os concellos con menos asociacións deste tipo son Cabanas, Mugardos e Paderne, que presentan menos de 9 clubs de media por municipio.

En canto ós centros de cultura, o I.G.E. distingue catro tipos: Casa da cultura, Centros cívicos e sociais, Fogar do pensionista e Museos. O número de instalacións deste tipo a nivel de municipios presentase na táboa seguinte. O número de centros cívicos e sociais é o tipo de instalación máis abundante do territorio. Todos os concellos do G.A.C. posúen polo menos un centro. Como se reflexa noutros apartados desta análise, o índice de envelhecimento do territorio presenta unha tendencia ascendente; a pesar disto tan só un 13,3% dos concellos teñen un fogar do pensionista: Arteixo e Cambre. Noutro orde, aínda que o turismo parece un sector que pode dinamizar economicamente o Golfo Ártabro, só se atopan 6 museos no territorio

Centros de cultura segundo o tipo de instalación (Ano 2001)

	<b>Casa de cultura</b>	<b>Centro cívico social</b>	<b>Fogar do pensionista</b>	<b>Museo</b>
Ares	0	4	0	0
Arteixo	2	5	2	0
Bergondo	1	6	0	0
Cabanas	0	3	0	0
Cambre	0	7	1	2
Culleredo	1	7	0	1
Fene	2	4	0	1
Miño	0	3	0	0
Mugardos	1	1	0	0
Narón	1	13	0	0
Neda	2	11	0	0
Oleiros	3	14	0	0
Paderne	0	7	0	0
Pontedeume	1	7	0	1
Sada	6	4	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>20</b>	<b>96</b>	<b>3</b>	<b>6</b>

Fonte: I.G.E.



As instalacións adicadas ó esparcemento son un indicador da calidade de vida dentro dos núcleos de poboación. No territorio do Golfo Ártabro aprecíase un déficit deste tipo de instalacións. Parques urbáns e infantís son as instalacións de esparcemento máis extendidas, mentres que se contabilizan poucos xardíns e parques non urbanos. Pontedeume, Mugar dos e Cabanas son os concellos con máis carencia deste tipo de instalacións.

#### Instalacións de esparcemento (Año 2000)

Concello	Total	Parque urbano	Parque non urbano	Parque infantil	Xardíns	Outras instalacións
Ares	6	1	0	1	4	0
Arteixo	6	2	3	1	0	0
Bergondo	8	0	0	3	0	5
Cabanas	4	1	0	1	0	2
Cambre	15	6	0	0	0	9
Culleredo	9	5	0	0	3	1
Fene	20	11	1	1	6	1
Miño	18	2	1	7	4	4
Mugar dos	4	1	1	2	0	0
Narón	8	4	0	1	0	3
Neda	10	1	3	3	0	3
Oleiros	31	16	0	0	7	8
Paderne	12	0	0	0	9	3
Pontedeume	5	3	0	0	1	1
Sada	9	2	3	4	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>165</b>	<b>55</b>	<b>12</b>	<b>24</b>	<b>34</b>	<b>40</b>

Fonte: I.G.E.

#### 1.1.2.9. Servizos sociais.

No referente ós servizos sociais ofertados no territorio, todos os concellos dispoñen de persoal cualificado para prestar este tipo de asistencia. Segundo os datos reflexados na Guía de Servizos Sociais do 2004 editada pola Consellería, cantos máis habitantes ten o concello máis persoal público adicado a estas tarefas existe.

Así hai concellos que dispoñen de educadoras/es familiares, traballadoras/es sociais, auxiliares administrativos/as, técnicos/as de SS.SS. de grao medio ou superior, auxiliares de axuda no fogar, monitores, animadores/as socioculturais e coordinadores/as (caso de Arteixo, Narón, Culleredo, Oleiros ou Sada), e concellos que contan únicamente cun traballador/a social e/ou educador/a familiar e/ou auxiliares de axuda no fogar (caso de Paderne). Todos os concellos dispoñen de centros sociais onde realizar distintas actividades.

Respecto ós inmigrantes, concellos como o de Paderne, Cabanas, Mugar dos e Neda apenas contan con casos de inmigración, polo que non precisan maiores servizos que os de información e orientación destes colectivos. O perfil tipo destes inmigrantes é de persoas casadas con habitantes da zona, é dicir, perfectamente adaptados e integrados, así como emigrantes retornados coa súa vida practicamente resolta e acompañados da xubilación. En cambio, nos concellos onde máis poboación extranxeira existe, como son os concellos de Arteixo, Oleiros, Culleredo, Cambre, e Sada sí dispoñen dun ou varios servizos, aparte dos ofertados pola Xunta.

Poboación estranxeira por concellos.

<b>CONCELLOS</b>	<b>POBOACIÓN ESTRANXEIRA</b>
<b>Ares</b>	175
<b>Arteixo</b>	1.291
<b>Bergondo</b>	156
<b>Cabanas</b>	23
<b>Cambre</b>	659
<b>Culleredo</b>	935
<b>Fene</b>	141
<b>Miño</b>	161
<b>Mugar dos</b>	46
<b>Narón</b>	517
<b>Neda</b>	66
<b>Oleiros</b>	1285
<b>Paderne</b>	20
<b>Pontedeume</b>	186
<b>Sada</b>	584
<b>TOTAL</b>	<b>6.245</b>

Fonte:I.G.E.

### 1.1.2.10. Aspectos relacionados coa vivenda.

No territorio hai rexistradas, segundo datos do I.G.E. (ano 2001), un total de 65.775 vivendas. En canto á calidade das mesmas, os maiores problemas sinalados polo IGE son: o escaseo de zonas verdes (30,20%), pouca limpeza nas rúas (29,39%), malas comunicacións (27,36%), ruídos exteriores (24,49%), contaminación (18,82%) e delincuencia (14,13%). En base a isto, a falla de zonas verdes sitúase como o problema que máis preocupa á poboación do territorio comprendido no Golfo Ártabro.

Respecto ás medias galegas para estes problemas, destaca no territorio a problemática da delincuencia, a contaminación, os ruídos e moi especialmente as malas comunicacións no territorio, referidas na súa maioría ó transporte público, tendo estes problemas unha porcentaxe claramente superior á media galega. Segundo esta enquisa, este último aspecto parece especialmente relevante nos concellos de Paderne, Cabanas, Oleiros e Miño.

En canto á problemática da limpeza, tendo en conta unha análise máis detallada do territorio, é significativamente importante nos concellos de Neda, Miño, Pontedeume, Cabanas e Fene, presentando unha porcentaxe moi superior non só con respecto á media do territorio se non tamén á media rexional. A problemática dos ruídos semella representativa nos concellos de Culleredo, Cambre e Arteixo.

Na táboa seguinte aparecen recollidos os datos do I.G.E. para os problemas máis salientables das vivendas.

Principais problemas das vivendas por concello (Año 2001)

	Ruídos	Polución	limpeza nas rúas	Malas comunicacións	Poucas zonas verdes	Delincuencia	Falta de servizos de aseo
Galicia	20,14	14,00	30,49	21,34	30,74	13,67	1,48
A Cor.	21,71	15,16	26,52	21,28	29,69	15,06	1,32
Ares	19,19	6,717	39,12	21,69	35,37	19,93	0,96
Arteixo	25,87	37,12	32,70	24,55	57,91	19,33	1,00
Berg	13,92	13,50	23,75	25,95	18,33	6,36	1,48
Cabanas	25,37	18,31	36,63	41,28	15,90	7,77	1,16
Cambre	26,04	26,38	33,07	29,86	29,31	17,07	1,13
Culleredo	38,81	23,72	28,51	26,73	20,63	15,97	0,84

	Ruídos	Polución	limpeza nas rúas	Malas comunicacións	Poucas zonas verdes	Delincuencia	Falta de servizos de aseo
Fene	21,91	17,39	36,35	29,99	34,87	11,21	0,97
Miño	17,34	11,25	42,55	33,76	23,18	5,65	0,67
Mugar	11,95	13,59	23,90	15,18	21,24	4,56	0,25
Narón	25,38	15,33	15,27	18,13	36,62	17,70	0,96
Neda	19,00	10,20	51,49	31,13	36,57	10,82	0,91
Oleiros	20,82	11,59	31,73	40,41	15,45	12,25	1,20
Paderne	8,36	0,33	1,92	51,75	1,58	0,22	0,67
Ponted.	23,36	12,71	39,12	20,14	21,46	12,16	0,43
Sada	24,29	15,89	26,41	23,22	30,51	11,08	1,08
<b>TOTAL</b>	<b>24,48</b>	<b>18,82</b>	<b>29,39</b>	<b>27,35</b>	<b>30,20</b>	<b>14,13</b>	<b>0,97</b>

Fonte: I.G.E.

Outro aspecto relacionado coa vivenda é a recollida de residuos e os servizos de saneamento de augas residuais. No referido ó primeiro aspecto, na actualidade todos os concellos do territorio do G.A.C dispoñen de servizos de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) que cobren a toda a poboación do territorio, aínda que con calidade na recollida diferente.

En canto á depuración de augas residuais, en varios casos, e segundo a enquisa realizada pola Deputación da Coruña (EIEL<sup>3</sup>), ademais de ser insuficientes, moitas das estacións de depuración de augas residuais existentes (EDAR), atópanse en mal estado de conservación e están sendo explotadas dunha forma incorrecta.

#### 1.1.2.11. Tecido asociativo.

O tecido asociativo no territorio do G.A.C. “Golfo Ártabro” pódese considerar extenso. Como se indica noutros apartados conta con máis de 660 clubs deportivos, así como diversas asociacións de interese social, medioambiental, cultural, muller e xuventude.

En canto ó mundo do mar hai rexistradas 8 confrarías de pescadores que amosan como obxectivo principal a sustentabilidade dos recursos, existindo tamén unha asociación de redeiras.

<sup>3</sup> Enquisa sobre Equipamentos e Infraestrutura Local.

Entre as inquiredas detectadas nas diferentes entrevistas e reunións mantidas cás entidades deste sector, destacan o alto grao de contaminación das rías, o furtivismo, a falta de relevo xeneracional no sector e a dificultade de comercialización, aspectos estes que se recollerán máis adiante.

#### **1.1.2.12. Elementos culturais propios do territorio.**

Neste apartado se analizarán os diferentes elementos culturais que aportan ó territorio unha singularidade especial e o distingue doutros. Desta maneira a análise se centrará no patrimonio cultural, festas, romarías, lendas e aspectos históricos relevantes susceptibles de ser explotados de cara ó desenvolvemento do territorio.

O patrimonio cultural analizado, inclúe tanto a arquitectura relixiosa como a arquitectura civil, conxuntos históricos-artísticos, arquitectura popular, museos, xardíns e parques etnográficos. No territorio existen aproximadamente 200 igrexas, capelas ou ermidas de indudable valor histórico e arquitectónico.



Igrexia de Cambe



Ermida da Nosa Señora da Mercé de Chanteiro Ares

Tendo en conta a arquitectura civil, son tamén moi numerosos os pazos, casas señoriais, cruceiros, fontes e xardíns que contribúen a incrementar o patrimonio cultural. De especial interese son o Pazo de Lánacara ou Mariñan (no concello de Bergondo) ou o Castelo dos Andrade en Pontedeume.

Dentro do apartado de museos, sinalar o Museo Galego de Arte Contemporánea "Carlos Maside" en Sada, o Museo de La Voz de Galicia en Arteixo, o Museo dos Oleiros "José María Kaydeda" en Sta. Cruz (Oleiros), o Xacemento Romano de Cambre, o Museo dos Muíños de Acea de Ama, en Culleredo, o Castelo de Santa Cruz, o Xardín botánico en O Burgo, a Aula do Mar en Dexo (Oleiros), o museo do Humor de Fene e o Muíño do Pedroso (Narón), que conta cunha mostra permanente de artesanía



Vista do Castelo de Santa Cruz

Existen ademais un grande número de festas e celebracións que tendo referentes culturais, gastronómicos ou relixiosos son referencia non só na zona senón en toda Galicia.

En cada concello do territorio celébranse as propias festas patronais, enchendo principalmente o calendario dos meses de verán. Estas celebracións manteñen viva a cultura popular e elementos tradicionais de cada municipio. Entre elas destacan polo seu alcance as seguintes:

- Festas Patronais de San Roque de Sada a mediados de agosto, convértese en obrigado punto de encontro para todo tipo de atraccións, especialmente a grande e popular sardiñada, que recolle as mellores tradicións festivas.
- Procesión do Corpus Christi de Ares. É tradicional a realización de alfombras de flores que enchen de cor as rúas do municipio. Teñen lugar o fin de semana posterior a Corpus.



- Festa do Pan de Neda. Celébrase anualmente o primeiro domingo de setembro e resalta a tradición artesanal que dende séculos identifica este concello en canto a elaboración do pan.



- Festa do polbo en Mugardos. Ten lugar o 15 de agosto e está adicada ó polbo a mugardesa.
- Festa do Mexillón de Lorbé.

Entre o patrimonio cultural destaca un gran potencial de cara ó desenvolvemento turístico, como é a vinculación deste territorio cá familia de nobres dos Andrade. No século XIV foron algúns dos fillos de Rui Freire de Andrade os que darán a esta familia unha especial transcendencia. De entre eles, Nuño Freire de Andrade foi Maestre da Orden de Christus en Portugal, herdeira dos templarios. Este cabaleiro tivo gran poder con Pedro I (1357-1367), quen lle deu a criar ó Maestre de Avís, futuro Juan I (1385-1433). Cando Fernando I (1367-1383) invade Galicia na súa loita pola Coroa de Castilla, deixarao como Gobernador da Coruña (1369-1371). Desplazado do poder nos seus derradeiros anos, quedou en Galicia, onde morreu (sepulcro en S. Francisco de Betanzos), ó lado do seu irmán Fernán Pérez. Fernán Pérez de Andrade "o Bó", que foi un dos cabaleiros de maior relevancia na Galicia posterior á guerra entre Pedro I e Enrique de Trastámara, futuro Enrique II (1352-1369). Este cabaleiro que construíu camiños, pontes, igrexas, mosteiros, hospitais,... ademais foi señor de Ferrol, Pontedeume, Neda, Cedeira, Sta Marta, Viveiro e Vilalba, existindo un elevado patrimonio material ligado á historia desta linaxe.



Castelo de Andrade (Pontedeume)

Respecto ó patrimonio ligado ó mundo do mar, existen multitude de pequenos núcleos de poboación que tiveron importancia e tradición mariñeira, reflexada esta na arquitectura, e destacando entre outros os portos de Redes (Ares), Fontán (Sada) e Lorbé (Oleiros)



Vista aérea do pobo de Redes



Porto de Fontán (Sada)



Porto de Lorbé (Oleiros)



### 1.1.3. INFRAESTRUCTURAS DE COMUNICACIÓN

#### 1.1.3.1. As infraestructuras e comunicación no territorio




No referente ás infraestructuras de comunicación, o territorio é un dos mellor comunicados de Galicia, en gran parte pola proximidade das cidades da Coruña e Ferrol e pola relativa proximidade á capital da Comunidade (Santiago de Compostela). Neste senso, as principais vías de comunicación terrestre son a **Autovía E-70**, que dende Madrid chega ata Arteixo, pasando polos concellos de Cambre, Culleredo e Arteixo; a **Autoestrada A-9** que une Ferrol coa cidade da Coruña pasando polos concellos de Miño, Paderne, Bergondo, Cambre, Culleredo, Pontedeume, Fene, Cabanas, Neda e Narón e a **Autoestrada E-1/A-9** que comparte tramos ca A-9 e que dende a parroquia de Guísamo no concello de Bergondo une o territorio con Santiago, continuando ata a fronteira con Portugal, tocando as cidades de Pontevedra e Vigo.

A **Autoestrada A-55** que une a cidade da Coruña e Carballo tamén é importante, xa que pasa por Arteixo e conflúe coa autovía E-70 antes descrita. Outras vías de comunicación terrestre importante son a Nacional VI, que une a cidade da Coruña con Madrid pasando polos mesmos concellos que a E-70 (agás Arteixo), a Nacional 651 que une Betanzos con Ferrol pasando por Paderne, Miño, Cabanas, Fene, Neda e Narón e a Nacional 550 que une a Coruña con Santiago, pasando polo concello de Culleredo.



## Autopista A-55



Fonte: SITGA

Mentres que o estado das vías de comunicación principais pódese considerar como bó, a análise cambia sustancialmente nas vías de comunicación locais. Debido á alta densidade de poboación do territorio existen milleiros de quilómetros de vías, que en moitos casos atópanse en moi mal estado, xa que é complexo, por parte das distintas administracións asumir os custos da súa conservación e mantemento.

Por outra banda, aínda que as empresas que prestan servizos de transporte de viaxeiros por estrada son numerosas dentro do territorio, éstas céntranse nas conexións entre núcleos do territorio con certa poboación, deixando sen servizo na maioría dos casos unha importante poboación diseminada polo rural. Neste senso, son sempre mínimos os servizos de transporte que teñen como obxectivo á poboación diseminada, limitándose en moitos casos ós servizos ofertados polos propios concellos ou servizos puntuais de empresas privadas que aproveitan a celebración dunha feira ou festa para establecer unha liña de transporte alternativa.


A mobilidade no interior dos concellos é unha demanda clara das persoas de idade avanzada e dos que non dispoñen de vehículo propio.

Analizando outras vías de comunicación, resulta salientable a proximidade do territorio ó **Aeroporto de Alvedro (Culleredo)**, que actualmente ten vós directos coas cidades de Madrid, Barcelona, Sevilla, Palma de Mallorca, Tenerife, Londres e Lisboa; e ó **Aeroporto de Santiago**, con vós directos a Barcelona, Bilbao, Dublin, Frankfurt, Fuerteventura, Ginebra, Gran Canaria, Lanzarote, Liverpool, Londres, Madrid, Málaga, Menorca, Palma de Mallorca, Paris, Roma, Sevilla, Tenerife, Valencia e Zurich.



Aeroporto de Alvedro (Culleredo, A Coruña)

No relativo ó **ferrocarril**, as principais liñas son as que unen as cidades de A Coruña con Ferrol, pasando polos concellos de Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Cambre e Culleredo, e o enlace desta liña con Santiago de Compostela. En ámbolos dous casos, estas liñas están infrautilizadas podendo ser aproveitadas, sobre todo no primeiro dos casos dada a súa beleza paisaxística, para establecer unha ruta singular en tren, con paradas en diversos puntos do territorio.



Vistas da estación de tren de A Coruña

En canto ó **transporte marítimo** destacar que aínda que dentro do territorio non existe ningún porto no que exista transporte de pasaxeiros por mar, si existen na Coruña e Ferrol.

A futura posta en marcha dos portos exteriores en Ferrol e Arteixo terán un forte impacto sobre a ordenación do territorio nas dúas áreas, aínda que os distintos axentes locais non teñan participado nin avaliado as novas oportunidades que se abren.



Vista do porto exterior de Ferrol




Vista do porto exterior de Arteixo

### 1.1.3.2. Outras infraestruturas de comunicacións importantes

Outras infraestruturas de comunicación importantes, ademais do transporte son as infraestruturas de comunicación telefónica, de acceso a internet ou de sinal de televisión. Así, algunhas parroquias de concellos como o de Paderne, non dispoñen dunha boa cobertura de rede de telefonía móbil, e o acceso a internet límtase a unha liña telefónica que non chega a 1Mega de ancho de banda. No caso do resto dos concellos, sobre todo nos núcleos de poboación, o acceso a este tipo de servizos así como outros, como pode ser a televisión por cable, aínda que non están totalmente estendidos, están dispoñibles en moitos fogares.

No debuxo inferior pódese ver a cobertura de banda ancha dispoñible no territorio. As zonas máis escuras corresponden a unha boa cobertura.



Fonte: <http://empresas.mundo-r.com/>

## 1.1.4. MERCADO DE TRABAJO.

### 1.1.4.1. Evolución das taxas de actividade, ocupación e desemprego.

Tendo en conta os datos globais do territorio relativos á taxa de actividade e de ocupación e comparándoos cos datos da Provincia da Coruña e de Galicia do ano 2001, observase que ditas taxas son superiores á media provincial e galega, sendo tamén a taxa de paro lixeiramente superior á media rexional e provincial.

Porcentaxe de 16 anos e máis activa, parada e ocupada (Ano 2001)

	<b>Taxa de Actividade</b>	<b>Taxa de paro</b>	<b>Taxa de ocupación</b>
<b>PROV. A CORUÑA</b>	51%	12,53%	44,6%
<b>GALICIA</b>	50,7%	12,51%	44,3%
<b>G.A.C.</b>	53,43%	13,38%	46,36%

Fonte: IGE

Ó igual que sucedía coa evolución da poboación, tamén existe unha dinámica diferente entre os municipios máis próximos a importantes núcleos de poboación e aqueles máis afastados destes núcleos.

Estas diferenzas son en grande parte herdanza da evolución da poboación, pois o envellecemento e os movementos migratorios sinalados na análise sociodemográfica, inflúen de maneira rotunda nos indicadores que axudan a analizar o mercado de traballo. Deste xeito, os concellos menos dinámicos demográficamente do territorio, coinciden cós que presentan unha taxa de paro máis elevada. Estes concellos son: Mugardos, Fene, Ares, Pontedeume e Neda, con excepción de Ares que a pesar de ter un alto índice de paro, experimentou nos últimos anos un incremento da poboación de máis do 20%.

Sen embargo nos concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo, Narón, Oleiros e Bergondo a súa estrutura demográfica está máis rexuvenecida, polo que teñen unha poboación activa superior á inactiva. Sorprende o caso de Paderne que sen ter unha poboación especialmente xoven presenta a taxa de paro máis baixa do territorio (8,7%); isto é debido a que o municipio presenta unha taxa de actividade (poboación en idade e condicións de traballar) moi baixa así como unha poboación traballadora que ten o seu traballo en concellos cercanos e moito máis dinámicos economicamente.

Analizando as diferenzas entre xénero, a taxa de actividade é maior entre os varóns, debido a que as persoas que usualmente se adican ás tarefas do fogar, que na actualidade non se consideran ligadas ó mercado laboral, son na súa maioría mulleres. O 20,4% dos homes do territorio, respecto á poboación total, estaba en situación de desemprego no ano 2003 fronte ó 34,2% das mulleres.

En canto á taxa de paro sinalar que aqueles concellos onde os sectores secundario e terciario están máis desenvolvidos a taxa de paro é menor que nos demais. Ó contrario do que se podería pensar, sucede que os concellos con maior porcentaxe de poboación activa, que coinciden cos concellos con maior porcentaxe de poboación ocupada, son os de maior porcentaxe de paro. Lembrar que a taxa de poboación activa e taxa de poboación ocupada calcúlase en base á poboación total, mentres que a taxa de paro calcúlase en base ó total de poboación activa. Neste senso, factores como a incorporación da muller ó mercado laboral ou o abandono das actividades agrícolas inciden de maneira distinta nos concellos do territorio do Golfo Ártabro.

Nos concellos máis dinámicos como Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Narón, Miño, Oleiros e Sada, a taxa de paro ademais de ser menor que nos concellos restantes, ten unha evolución negativa, é dicir, descendeu. Este fenómeno explicase por unha mellora no mercado laboral propiciada pola proximidade das cidades de A Coruña e Ferrol e dos polígonos industriais, así como pola gran demanda no sector da construción que viviron estes concellos. Outro factor, será a incorporación das mulleres ó mercado laboral, sobre todo no sector servizos e industria que axudou a baixar a taxa de paro nestes municipios máis urbáns.

Nos concellos de Mugar dos, Neda e Pontedeume, tamén se aprecia unha diminución na taxa de paro para o decenio 1991-2001. Aquí, os factores que inflúen son distintos ó caso anterior. Estes municipios non viviron unha mellora da súa situación laboral polo que a explicación ó descenso do paro ven dada pola perda de poboación que sufriron no período estudado, pois estes municipios viron reducida a súa porcentaxe de poboación en idade de traballar. Este feito provoca unha redución no índice de paro sen a necesidade de que esto reflexe unha mellora na situación laboral da zona.

Analizando detalladamente esta diminución xeralizada da taxa de paro, apréciase que o paro feminino descendeu en maior medida que o masculino. Ademais, paradoxicamente este descenso foi máis acusado nos concellos menos dinámicos que nos que se poden considerar máis dinámicos. A razón disto é que mentres nos concellos máis dinámicos o proceso de incorporación da muller ó mercado laboral xa estaba consolidado, no resto dos concellos era un proceso que empezaba a producirse e que na actualidade está “asumido” pola poboación destes concellos.

Na táboa seguinte recóllese a evolución das taxas de actividade, ocupación e paro por concellos para os anos 1991 e 2001.

Taxa de actividade, ocupación e paro por sexo e municipios (Anos 1991 e 2001)

		1991			2001		
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	T. de actividade	49,2	66,4	33,5	50,7	62,1	40,3
	T. de ocupación	41,1	56,9	26,8	44,3	55,9	33,8
	T. de paro	16,4	14,3	20,1	12,5	9,9	16,1
A Coruña	T. de actividade	49,2	67	33	51	62,4	40,7
	T. de ocupación	41	57,5	26	44,6	56,2	34,1
	T. de paro	16,6	14,2	21,1	12,5	9,9	16,2
Ares	T. de actividade	41,4	60,8	23,6	47,5	61,7	33,9
	T. de ocupación	29,1	46,4	13,2	39,7	54,7	25,5
	T. de paro	29,7	23,6	44,1	16,3	11,4	24,7
Arteixo	T. de actividade	54,1	73,6	34,9	60,9	72,9	49,2
	T. de ocupación	46,2	65	27,5	53,1	66,2	40,3
	T. de paro	14,6	11,6	21	12,8	9,2	18,1
Bergondo	T. de actividade	46,7	62,4	32,3	49,5	60,4	39,1
	T. de ocupación	40,8	54,8	28,1	43,8	55,2	33
	T. de paro	12,5	12,1	13,2	11,4	8,5	15,5
Cabanas	T. de actividade	38,1	55,8	22	46,1	57,5	35,4
	T. de ocupación	28,4	44,2	14	39,8	51,5	28,8
	T. de paro	25,4	20,9	36,1	13,7	10,4	18,6
Cambre	T. de actividade	52,1	71,5	34	61	72,3	50,3
	T. de ocupación	43,7	63,2	25,6	54,2	67,2	41,9
	T. de paro	16,1	11,7	24,6	11,1	7	16,6
Culleredo	T. de actividade	53,5	71,9	36,3	60,7	72	50
	T. de ocupación	44,7	63,6	27,1	53,7	66,3	41,9
	T. de paro	16,3	11,5	25,3	11,5	8	16,3
Fene	T. de actividade	42	60,7	24,6	46,1	58,9	34
	T. de ocupación	30	45,6	15,5	38,5	52,3	25,6
	T. de paro	28,6	24,9	37	16,4	11,2	24,8
Miño	T. de actividade	43,1	63,1	24,7	46,9	59,4	35,6
	T. de ocupación	36,9	54,8	20,3	41	53,6	29,4
	T. de paro	14,5	13,3	17,5	12,7	9,7	17,3
Mugardos	T. de actividade	38,6	58,8	20,2	43,7	58,3	30,3
	T. de ocupación	29,5	47,6	13	35,5	49,8	22,4
	T. de paro	23,5	18,9	35,7	18,7	14,6	26

		1991			2001		
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Narón	T. de actividade	47	66,9	28,3	49,1	62,5	36,7
	T. de ocupación	36,3	55,7	18,2	41,8	56,1	28,5
	T. de paro	22,6	16,6	35,9	14,9	10,2	22,3
Neda	T. de actividade	39,1	58,1	22,2	45,5	58,3	33,6
	T. de ocupación	28,7	44,4	14,7	38,6	50,9	27,2
	T. de paro	26,7	23,6	33,9	15,2	12,8	19
Oleiros	T. de actividade	51,7	68,3	36,5	56,6	66,6	47,3
	T. de ocupación	43,9	61,2	27,9	49,7	60,4	39,7
	T. de paro	15,1	10,3	23,4	12,2	9,3	16
Paderne	T. de actividade	51,1	58,6	44,5	44,5	52,9	36,8
	T. de ocupación	47,5	54,5	41,2	40,6	48,5	33,4
	T. de paro	7,1	6,9	7,4	8,7	8,3	9,2
Pontedeume	T. de actividade	46,1	63,1	30,4	48,2	61,4	36
	T. de ocupación	35,3	50,9	20,9	40,8	55	27,7
	T. de paro	23,3	19,3	31,2	15,3	10,4	23
Sada	T. de actividade	48,3	65,7	32,8	50,4	62,3	39,3
	T. de ocupación	40,6	58,3	24,8	44	56,3	32,3
	T. de paro	16	11,2	24,5	12,8	9,5	17,8

Fonte: I.G.E.


En canto á evolución da Taxa de Actividade no decenio 1991 – 2001, tan só se reduciu no concello de Paderne nun 3%.

No resto do territorio a Taxa de Actividade experimentou un significativo ascenso. Ares, Cabanas e Cambre son os concellos nos que máis aumentou este índice (17,8% de media). A pesar disto as maiores Taxas de Actividade para o ano 2001 corresponden a Arteixo, Cambre, Culleredo e Sada, cunha media do 58,2%. Isto é debido, como xa explicou, á proximidade á cidade de A Coruña e á gran expansión dos sectores da construción, industria e servizos. Os concellos con menor Taxa de Actividade son Mugardos, Paderne, Fene e Miño, onde situase entorn a un 10% menos de media respecto ós anteriores.

#### 1.1.4.2. Evolución da poboación ocupada por sectores

Á vista dos datos do IGE, no ano 2001 o sector servizos é o sector con maior poboación ocupada, con gran diferenza respecto ó resto de sectores. O sector da pesca ten unha porcentaxe de poboación ocupada do 1,64%. Isto indica que aínda que a actividade relacionada ca pesca é menor proporcionalmente en comparación con outros territorios de Galicia (ver porcentaxe de poboación ocupada no sector da pesca no resto dos GAC), esta ocupación no sector pesqueiro ven dada polas diferentes oportunidades de traballo que ofrecen os núcleos da Coruña ou Ferrol, e outros concellos periféricos





Elaboración propia

Facendo unha análise por sectores e municipios apreciase o seguinte: os concellos cunha maior porcentaxe de ocupados na Agricultura son Paderne e Miño; na Pesca, Mugardos, Ares e Neda; na Industria, Arteixo e Fene; na Construcción, Cabanas e Arteixo e no sector Servizos os municipios con maior porcentaxe de ocupados son Oleiros, Culleredo, Cambre e Sada.

Porcentaxe de ocupados nos distintos sectores por municipios (Ano 2001)

	% ocupados Agricultura, gandería.	% ocupados Pesca	% ocupados Industria	% ocupados Construcción	% ocupados Servizos
Ares	1,43	4,92	22,66	16,31	54,66
Arteixo	2,15	0,98	30,46	15,95	50,44
Bergondo	4,95	0,53	18,69	13,58	62,23
Cabanas	4,01	0,68	23,07	17,26	54,95
Cambre	1,87	0,60	21,36	10,79	65,36
Culleredo	1,72	0,71	19,04	11,81	66,70
Fene	1,96	1,96	31,20	11,55	53,30
Miño	7,91	1,51	18,30	13,98	58,28
Mugardos	2,18	6,23	27,11	14,21	50,24
Narón	1,85	1,33	24,54	12,81	59,43
Neda	2,12	3,91	29,01	12,45	52,48
Oleiros	1,45	1,69	13,86	10,16	72,82
Paderne	22,87	1,18	16,93	14,15	44,85
Pontedeume	2,04	2,13	22,90	12,01	60,90
Sada	2,35	4,16	16,55	11,70	65,21
<b>TOTAL</b>	<b>2,41</b>	<b>1,64</b>	<b>22,29</b>	<b>12,57</b>	<b>61,09</b>

Fonte: I.G.E.

A táboa seguinte, reflexa a importancia do proceso de descapitalización dos activos agrarios do territorio. Esta redución da poboación ocupada no sector agro-gandeiro supera na maioría dos concellos o 50% da poboación ocupada en 1991, e denota unha gran perda de activos entre 1991 e 2001. A falta de relevo xeracional, baixa produtividade das explotacións, a adicación e carga de traballo que conleva o seu mantemento, a presión urbanística sobre certas terras de cultivo e as restriccións normativas impostas dende o ingreso na U.E., produciu un proceso de reconversión das explotacións tradicionais galegas que motivaron a busca de emprego noutros sectores productivos e o abandono deste sector no rural.

Segundo fontes do I.G.E. para o ano 2001, a taxa de actividade media no territorio para o sector da agricultura e gandeira foi do 2,41%.

Poboación en vivendas familiares ocupada segundo sexo na Agricultura

	1991			2001		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Galicia</b>	178149	89778	88371	79289	38056	41233
<b>A Coruña</b>	54110	27471	26639	26082	12577	13505
<b>Ares</b>	52	30	22	25	12	13
<b>Arteixo</b>	419	246	173	224	140	84
<b>Bergondo</b>	373	123	250	121	61	60
<b>Cabanas</b>	75	35	40	47	23	24
<b>Cambre</b>	303	158	145	164	96	68
<b>Culleredo</b>	236	124	112	173	114	59
<b>Fene</b>	118	63	55	98	57	41
<b>Miño</b>	300	113	187	141	55	86
<b>Mugardos</b>	52	27	25	40	21	19
<b>Narón</b>	468	203	265	218	112	106
<b>Neda</b>	82	30	52	44	22	22
<b>Oleiros</b>	333	184	149	165	102	63
<b>Paderne</b>	515	140	375	231	70	161
<b>Pontedeume</b>	184	64	120	62	36	26
<b>Sada</b>	232	97	135	103	72	31
<b>TOTAL</b>	<b>3742</b>	<b>1637</b>	<b>2105</b>	<b>1856</b>	<b>993</b>	<b>863</b>

Fonte: I.G.E.

O sector da Construcción foi un dos sectores que incrementaron o seu número de ocupados nun 2,8% durante o período de referencia. Este efecto incidiu maioritariamente na ocupación dos varóns, e afectou en maior media ós concellos de Neda, Fene Cabanas e Ares, e en xeral a aqueles que estaban preto da cidade de Ferrol.

Poboación en vivendas familiares ocupada segundo sexo na Construcción

	1991			2001		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Galicia</b>	116433	111723	4710	127505	119201	8304
<b>A Coruña</b>	48410	46545	1865	53276	49830	3446
<b>Ares</b>	172	167	5	285	264	21
<b>Arteixo</b>	1426	1387	39	1662	1589	73
<b>Bergondo</b>	339	329	10	332	305	27
<b>Cabanas</b>	121	115	6	202	187	15
<b>Cambre</b>	721	686	35	944	852	92
<b>Culleredo</b>	933	898	35	1188	1094	94
<b>Fene</b>	366	340	26	576	519	57
<b>Miño</b>	288	287	1	249	235	14
<b>Mugardos</b>	242	237	5	260	246	14
<b>Narón</b>	1173	1119	54	1504	1364	140
<b>Neda</b>	164	160	4	258	227	31
<b>Oleiros</b>	951	907	44	1151	1044	107
<b>Paderne</b>	169	163	6	143	136	7
<b>Pontedeume</b>	311	297	14	365	343	22
<b>Sada</b>	476	466	10	512	466	46
<b>TOTAL</b>	<b>172695</b>	<b>165826</b>	<b>6869</b>	<b>190412</b>	<b>177902</b>	<b>12510</b>

Fonte: I.G.E.

O sector Servizos aporta unha importante porcentaxe de ocupados en todo o territorio do G.A.C. Este sector ten importancia na empleabilidade das mulleres, como se pode observar na táboa seguinte.

Salientable é o gran incremento no número de ocupados no sector Servizos para o decenio 1991-2001. Este incremento foi do 51,44% e no ano 2001 a porcentaxe de poboación ocupada neste sector era do 61,09%.

Os incrementos neste sector foron máis importantes nos concellos máis próximos ás urbes de A Coruña e Ferrol (Oleiros, Narón, Cambre, Culleredo e Arteixo), onde se asentaron diversas empresas de servizos a poboación, así como medianas e pequenas empresas.

O menor aumento de ocupados neste sector corresponde ós concellos cunha baixa densidade de poboación: Paderne, Mugardos e Cabanas.

Poboación en vivendas familiares ocupada segundo sexo no sector Servizos.

	1991			2001		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Galicia</b>	403502	235146	168356	599592	301155	298437
<b>A Coruña</b>	172408	101626	70782	254477	130332	124145
<b>Ares</b>	477	295	182	955	503	452
<b>Arteixo</b>	2514	1553	961	5254	2859	2395
<b>Bergondo</b>	676	405	271	1521	788	733
<b>Cabanas</b>	318	196	122	643	299	344
<b>Cambre</b>	2039	1264	775	5716	2986	2730
<b>Culleredo</b>	2635	1517	1118	6707	3407	3300
<b>Fene</b>	1575	853	722	2658	1277	1381
<b>Miño</b>	582	377	205	1038	553	485
<b>Mugardos</b>	698	438	260	919	487	432
<b>Narón</b>	4485	2982	1503	6973	3719	3254
<b>Neda</b>	640	379	261	1087	532	555
<b>Oleiros</b>	3580	2041	1539	8249	4229	4020
<b>Paderne</b>	301	186	115	453	232	221
<b>Pontedeume</b>	1268	719	549	1851	920	931
<b>Sada</b>	1442	816	626	2852	1514	1338
<b>TOTAL</b>	<b>23230</b>	<b>14021</b>	<b>9209</b>	<b>46876</b>	<b>24305</b>	<b>22571</b>

Fonte: I.G.E.

O sector Industrial ten menor impacto sobre o emprego có sector servizos. O 22,29% da poboación do territorio está ocupada neste sector.

Nos concellos de Ares, Arteixo, Cabanas, Mugardos e Pontedeume tiveron o maior incremento deste sector dentro do Golfo Ártabro. O caso de Arteixo amosa a importancia do téxtil, onde existiu un importante incremento da ocupación feminina. No sentido contrario, os concellos de Culleredo, Oleiros e Sada diminuíron a súa taxa de emprego neste sector.

Poboación en vivendas familiares ocupadas segundo sexo na Industria.

	1991			2001		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Galicia</b>	163600	122200	41400	193581	135575	58006
<b>A Coruña</b>	68936	50120	18816	76302	49796	26506
<b>Ares</b>	282	242	40	396	312	84
<b>Arteixo</b>	1856	1152	704	3173	1765	1408
<b>Bergondo</b>	399	286	113	457	335	122
<b>Cabanas</b>	206	188	18	270	220	50
<b>Cambre</b>	1084	777	307	1868	1291	577
<b>Culleredo</b>	1326	980	346	1915	1345	570
<b>Fene</b>	1570	1406	164	1556	1358	198
<b>Miño</b>	293	258	35	326	253	73
<b>Mugardos</b>	499	424	75	496	403	93
<b>Narón</b>	2794	2311	483	2880	2289	591
<b>Neda</b>	619	528	91	601	479	122
<b>Oleiros</b>	1230	912	318	1570	1114	456
<b>Paderne</b>	182	140	42	171	136	35
<b>Pontedeume</b>	610	553	57	696	617	79
<b>Sada</b>	606	443	163	724	517	207
<b>TOTAL</b>	<b>13556</b>	<b>10600</b>	<b>2956</b>	<b>17099</b>	<b>12434</b>	<b>4665</b>

Fonte: I.G.E.

En canto ó sector da Pesca, este é o que menor porcentaxe de poboación total ocupa. Tan só o 1,64% dos habitantes do territorio estaban ocupados neste sector para o ano 2001. Vendo a evolución do número de ocupados dende 1991 apréciase un lixeiro ascenso do 0,06%.

Mugardos, Ares, Sada e Neda son os municipios que maior porcentaxe de ocupados teñen no sector da Pesca. Así mesmo, Fene, Mugardos e Narón son os que máis cota están a gañar, mentres que Sada, Oleiros e Arteixo están a perder importante porcentaxes de ocupados no sector pesca.

Poboación en vivendas familiares ocupadas segundo sexo na Pesca

	1991			2001		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Galicia</b>	34178	31089	3089	35211	27089	8122
<b>A Coruña</b>	14239	12841	1398	14773	11934	2839
<b>Ares</b>	86	83	3	86	82	4
<b>Arteixo</b>	126	101	25	103	72	31
<b>Bergondo</b>	18	13	5	13	11	2
<b>Cabanas</b>	1	1	0	8	4	4
<b>Cambre</b>	31	24	7	53	45	8
<b>Culleredo</b>	34	23	11	72	45	27
<b>Fene</b>	21	17	4	98	67	31
<b>Miño</b>	33	32	1	27	16	11
<b>Mugardos</b>	114	110	4	114	70	44
<b>Narón</b>	35	28	7	157	106	51
<b>Neda</b>	7	7	0	81	54	27
<b>Oleiros</b>	204	165	39	192	152	40
<b>Paderne</b>	9	8	1	12	2	10
<b>Pontedeume</b>	57	50	7	65	54	11
<b>Sada</b>	184	174	10	182	148	34
<b>TOTAL</b>	<b>960</b>	<b>836</b>	<b>124</b>	<b>1263</b>	<b>928</b>	<b>335</b>

Fonte: I.G.E.

Como resumo deste apartado pódese afirmar que o principal impulsor de emprego no territorio é o sector Servizos seguido da Industria. O sector pesqueiro representa unha porcentaxe moi pequena dos ocupados no Golfo Ártabro. A tendencia que marcan as estatísticas é dun lixeiro incremento desta taxa para os últimos anos; moi inferior ó resto de sectores agás a Agricultura, que sufriu un forte descenso.

#### 1.1.4.3. Situación laboral das mulleres e xóvenes no territorio.

Respecto ó paro rexistrado entre os xóvenes de ambos xéneros existe unha tendencia moi clara dentro do territorio. A porcentaxe de paro en menores de 25 anos é superior para os varóns que para as mulleres. Esta tendencia invírtese para a poboación maior de 25 anos, onde o paro entre as mulleres supera o dos varóns nun 26,14%.

En canto ás mulleres maiores de 25 anos, o paro rexistrado sinala que as mulleres que viven nos concellos que teñen polígonos industriais e comerciais, a incidencia dun período de crise e recesión económica incide na súa situación laboral. Como se pode observar na táboa seguinte, os concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Fene e Narón ten unha incidencia do paro feminino en proporción maior que no resto de municipios do Golfo Ártabro.

Polo tanto, observase a necesidade de fomentar o emprego e proxectos empresariais entre as mulleres maiores de 25 anos destes municipios.

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade. Metodoloxía SISPE (Xuño 2008)

	HOMES		MULLERES		Total concello Ambos sexos
	% Parados menores de 25 anos	% Parados de 25 e máis anos	% Parados menores de 25 anos	% Parados de 25 e máis anos	
<b>Galicia</b>	0,26	1,91	0,23	3,08	5,47
<b>A Coruña</b>	0,24	1,93	0,22	3,12	5,51
<b>Ares</b>	0,28	1,73	0,23	3,53	5,78
<b>Arteixo</b>	0,33	2,23	0,29	3,81	6,68
<b>Bergondo</b>	0,22	1,88	0,14	2,47	4,72
<b>Cabanas</b>	0,27	1,58	0,12	2,23	4,21
<b>Cambre</b>	0,24	1,47	0,21	3,41	5,35
<b>Culleredo</b>	0,28	1,72	0,16	2,98	5,15
<b>Fene</b>	0,21	1,82	0,18	3,58	5,80
<b>Miño</b>	0,24	1,52	0,17	2,07	4,01
<b>Mugardos</b>	0,35	2,35	0,23	3,45	6,40
<b>Narón</b>	0,29	1,77	0,27	3,91	6,25
<b>Neda</b>	0,33	1,64	0,23	3,08	5,29
<b>Oleiros</b>	0,20	1,67	0,14	2,55	4,50
<b>Paderne</b>	0,22	1,55	0,21	1,77	3,72
<b>Pontedeume</b>	0,32	1,73	0,24	2,65	4,95
<b>Sada</b>	0,13	1,84	0,13	2,80	4,96

Fonte: IGE 2008

En canto ás dificultades que teñen as mulleres traballadoras nos pequenos e medianos concellos, aparece de forma xeneralizada o problema de compatibilizar o traballo profesional co traballo na casa e coidado de nenos e maiores. Xurde pois a necesidade de promocionar servizos de respiro familiar para que as mulleres poidan traballar. A promoción do cooperativismo entre as mulleres para o aproveitamento do déficit existente no referente ós servizos á terceira idade, asistencia a domicilio, centros de día e outro posible nicho de emprego.

## .1.5. ACTIVIDADE ECONÓMICA

O tecido empresarial no territorio do G.A.C. Golfo Ártabro está formado na súa maioría de microempresas, e pequenas e medianas empresas. Os concellos de Arteixo, Culleredo, Cambre, Narón e Oleiros, concentran a maioría de empresas (69,8% do total do territorio). Nos concellos menos industrializados o número de empresas é menor, debido en parte a inexistencia de espazos para a súa instalación, á falla de servizos e á dificultade de conseguir licenzas para instalacións das empresas en solo rural. Paderne, Cabanas, Mugardos e Ares son os concellos cun máis feble tecido empresarial.

Cabe destacar a porcentaxe de empresas con gran número de empregados (50 e máis empregados) que supera a media provincial ou galega. A maioría destas empresas están ubicadas en polígonos industriais como o de Arteixo, Bergondo e Narón. Son empresas que na maioría dos casos buscan unha ubicación perto da cidade da Coruña ou Ferrol e un territorio cunhas boas comunicacións de cara ó exterior.

Porcentaxe de empresas por número de Asalariados


	Nº Total	0 (%)	1 a 2 (%)	3 a 5 (%)	6 a 9 (%)	10 a 19 (%)	20 a 49 (%)	50 a 99 (%)	100 a 249 (%)	250 ou máis (%)
<b>Galicia</b>	205906	59,4	22,3	9,3	3,9	2,7	1,6	0,3	0,1	0,05
<b>A Coruña</b>	86102	61,5	21,1	8,6	3,7	2,6	1,5	0,4	0,1	0,06
<b>Ares</b>	270	68,1	19,2	7,4	4,8	0,3	0	0	0	0
<b>Arteixo</b>	2341	56,2	21,3	8,7	4,7	3,9	3,1	0,8	0,7	0,2
<b>Bergondo</b>	755	47,8	21,9	10,1	5,9	7,0	5,1	1,4	0,2	0,1
<b>Cabanas</b>	221	62,4	18,5	9,9	1,8	2,9	2,7	1,3	0,9	0
<b>Cambre</b>	1889	60,2	19,3	9,7	4,3	3,7	2,1	0,3	0	0
<b>Culleredo</b>	2116	62,9	19,5	8,2	3,7	2,8	1,6	0,8	0,2	0
<b>Fene</b>	677	63,5	19,7	9,1	3,6	1,9	1,6	0,1	0	0,1
<b>Miño</b>	365	64,1	24,3	7,6	1,1	2,4	0,2	0	0	0
<b>Mugardos</b>	251	59,7	25,4	7,5	3,5	1,5	1,1	0,7	0	0
<b>Narón</b>	2046	55,9	21,7	9,8	5,7	3,0	2,3	0,7	0,3	0,1
<b>Neda</b>	336	64,8	18,4	10,1	2,3	2,9	0,5	0,2	0,2	0
<b>Oleiros</b>	2658	67,4	18,3	7,4	3,0	2,0	1,1	0,4	0,1	0
<b>Paderne</b>	134	63,4	21,6	10,4	3,7	0,7	0	0	0	0
<b>Pontedeume</b>	532	59,3	23,3	9,9	3,0	3,1	0,7	0,1	0,1	0
<b>Sada</b>	1231	60,6	20,2	10,3	4,2	2,3	1,7	0,2	0,8	0,1
<b>TOTAL</b>	<b>15822</b>	<b>60,6</b>	<b>20,3</b>	<b>8,9</b>	<b>4,1</b>	<b>3,0</b>	<b>1,9</b>	<b>0,5</b>	<b>0,2</b>	<b>0,1</b>

Empresas con actividade en Galicia segundo estrato de asalariados e sede social

Fonte: IGE.2007e elaboración propia.



Ó número de empresas presentes nos 15 concellos do territorio, tivo unha evolución ascendente nos últimos anos (gráfica inferior). Isto explica parte do incremento na taxa de ocupación estudado na análise do mercado de traballo.



### 5.1. Parques Empresariais do territorio

Na actualidade no territorio existen **15 polígonos empresariais** (inclúense os polígonos nas zonas de influencia de A Coruña e Ferrol), que concentran un importante número empresas existentes nas comarcas de A Coruña, Betanzos, Eume Ferrolterra.

Polígono	Concello	Promotor	Superficie total (m <sup>2</sup> )	Superficie industrial (m <sup>2</sup> )	Superficie industrial dispoñible (m <sup>2</sup> )
A Grela-Bens	A Coruña	SEPES	1.835.370	835.370	0
Pocomaco Sabón	A Coruña	Privado	736.000	475.000	0
Sabón XXI	Arteixo	Diputación da Coruña	3.287.910	1.900.000	7.648
Bergondo	Bergondo	Privado	50.000	-	-
Espíritu Santo	Cambre	SEPES	905.870	584.270	0
Temple Alvedro	Cambre	Privado	660.000	410.173	4.770
HCLT	Culleredo	Privado	325.953	-	-
Icaria	Oleiros	Privado	438.000	224.551	0
Iñas	Oleiros	Privado	602.479	-	162.950
Pontedeume	Pontedeume	IGVS-XESTUR	8.280	-	-
		Privado	396.316	269.000	-
		IGVS-XESTUR	116.269	75.007	2.580
Polígono	Concello	Promotor	Superficie total (m <sup>2</sup> )	Superficie industrial (m <sup>2</sup> )	Superficie industrial dispoñible

					(m <sup>2</sup> )
Río do Pozo	Narón	SEPES	627.813	-	-
As Lagoas	Narón	-	-	-	-
A Gándara	Ferrol	SEPES	515.000	-	35.000

Parques empresariais no territorio Coruña e Ferrol.

Fonte: elaboración propia. (<http://ender.igape.es/.suelo/info.html>)

Como se pode apreciar no cadro xunto a maioría da superficie industrial e comercial nestes polígonos está ocupada, quedando dispoñible pouca oferta deste tipo de solo. Por este motivo, na actualidade proxectanse novos parques empresariais no territorio do G.A.C. nos concellos de Arteixo, Ferrol e Narón, para facer fronte á necesidade de solo empresarial.

MUNICIPIO	PROMOTOR	SUPERFICIE TOTAL (M2)
Arteixo	XESTUR	1.500.000
Ferrol	IGVS	1.265.000
Ferrol	SEA	1.480.000
Narón	SEPES	940.000

Parques empresariais de próxima creación.

Elaboración propia

Unha das necesidades máis xeneralizadas entre as pequenas empresas é o asesoramento e o apoio financeiro.

#### 1.1.5.2. Actividade por sectores empresariais

Na táboa seguinte pódese ver o número de empresas segundo a actividade que desenvolven con maior representación no territorio.

Os sectores que contan cun maior número de empresas son: servizos (62,2%), construción (12,4%) e hostalería (8,6%). O sector de actividades recreativas, culturais e deportivas sería o seguinte en canto a representatividade empresarial, cunha porcentaxe cercana ó 2%. Estes datos a cerca do tecido empresarial, son significativos posto que o desenvolvemento do sector turístico será un obxectivo estratéxico.

Cabe destacar a existencia de 42 empresas adicadas á investigación e desenvolvemento. Este sector está a ter cada vez máis relevancia no desenvolvemento rexional.

Nº de empresas por sector de actividade (ano 2007)

<b>SECTOR INDSTRIAL</b>	<b>TOTAL G.A.C.</b>
Industrias extractivas	16
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	194
Industria téxtil e da confección	209
Industria da madeira e da cortiza	104
Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	117
Industria química	27
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	282
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	19
Construcción	2397
Servizos	11992
Hostalería	1653
Investigación e desenvolvemento	42
Actividades recreativas, culturais e deportivas	358
Outras actividades empresariais	1858
Fonte: I.G.E.	

### **1.1.5.3. O Sector Agroindustrial**


Observando o subsector das empresas alimentarias, predominan as empresas adicadas á elaboración e fabricación de produtos de alimentación animal, seguido da industria cárnica, elaboración e conservación de produtos derivados da pesca e fabricación de produtos de muíño.

As empresas de transformación e conserva de produtos a base de peixe sitúanse en Arteixo, Bergondo, Culleredo, Fene e Sada.



As Sociedades Anónimas do territorio teñen unha maior presenza nos sectores de produtos para a alimentación animal e nas industrias cárnicas e lácteas, como por exemplo Saprogal ou CARNICOSA, mentres que nos sectores de bebidas, de elaboración de produtos da pesca e outros produtos alimenticios é menor. As Cooperativas centran a súa actividade no sector hortofroitícola e no de fabricación de produtos de alimentación animal.

As empresas de responsabilidade limitada predominan dentro deste subsector nas actividades relacionadas cá pesca, a preparación e conservación de froitas e hortalizas e produtos de muíño.

Na gráfica pode apreciarse a evolución que seguiu o número de empresas, de elaboración e conservación de produtos pesqueiros no territorio. A principios deste decenio (ano 2003) o número destas empresas reduciuse un 50% respecto ó ano 1999. Nos últimos anos a tendencia inverteuse e refléxase un ascenso positivo no sector.



#### 1.1.5.4. Microempresas do sector alimentario no territorio



Industria da alimentación por rango de asalariados, no Golfo Ártabro  
Fonte: IGE 2007

As empresas do sector alimentario do Golfo Ártabro teñen un tamaño moi pequeno, a maioría entre un e nove empregados. Entre as microempresas predominan aquelas con dous ou menos asalariados, cunha porcentaxe do 49,4%.

Das 194 empresas alimentarias, 30 dan emprego a entre dez e corenta e nove empregados, contando só con 7 empresas que teñan máis de 50 traballadores.

Esta pequena dimensión das empresas do sector é un impedimento na maioría dos casos para xeración de dinámicas de innovación e mellora tecnolóxica, así como de artellar melloras para incrementar as produccions ou diversificalas.

#### **1.1.5.5. O Sector Turístico**

O sector turístico no territorio amosase en evolución, cunha oferta turística complementaria desarticulada e insuficiente, que provoca estacionalización, baixo gasto percápita e estancia media reducida.

Non existe ningún plan estratéxico que integre todos os concellos do territorio nunha estratexia común para o desenvolvemento do sector turístico. Estimase fundamental planificación conxunta do territorio e o xurdimento de sinerxías entre todos os seus axentes así como a cooperación con outros grupos dentro da zona có fin de xestionar axeitadamente todos os fondos que poidan repercutir neste sector.

Na actualidade está en marcha o Plan de Dinamización turística Ferrol-Ortegal e vai a poñerse en marcha outro na Área Metropolitana da Coruña, que engloba tamén ó Concello de Betanzos. Será pois necesaria a coordinación con estes Plans.

Así mesmo, traballarán tamén no turismo tres Grupos de Desenvolvemento Rural: Mariñas-Betanzos, Euroeume e Costa Noroeste, con Programas LEADER ata o ano 2013.

No territorio do Golfo Ártabro existe unha concentración de aloxamentos hoteleiros nos concellos máis próximos á cidade da A Coruña, que aproveitan o fluxo de turistas que visitan a cidade (Bergondo, Oleiros e Sada).

Os concellos de Ares, Cambre, Fene, Mugardos, Neda e Paderne non teñen prazas de hoteis, e o número de prazas de turismo rural é baixo. O nivel de ocupación dos establecementos é moi estacionario debido á falla de promoción e ás poucas actividades complementarias ó aloxamento existentes. Isto fai que o potencial cliente se decida por outro tipo de establecementos do ámbito urbano.

Instalacións de hospedaxe e prazas por municipio

	Hotéis		Turismo rural		Campamentos de turismo	
	Locais	Prazas	Locais	Prazas	Locais	Prazas
Galicia	767	49491	540	6428	113	34590
A Coruña	219	16160	147	1691	50	13110
Ares	0	0	0	0	2	384
Arteixo	8	388	1	6	1	171
Bergondo	2	98	0	0	8	1506
Cabanas	1	282	0	0	0	0
Cambre	0	0	0	0	0	0
Culleredo	4	447	1	8	0	0
Fene	0	0	0	0	0	0
Miño	2	41	2	25	4	806
Mugardos	0	0	0	0	0	0
Narón	8	460	0	0	1	42
Neda	0	0	1	16	0	0
Oleiros	10	781	0	0	2	470
Paderne	0	0	2	29	0	0
Pontedeume	2	170	1	20	2	405
Sada	3	391	0	0	2	389
<b>TOTAL</b>	<b>40</b>	<b>3058</b>	<b>8</b>	<b>104</b>	<b>22</b>	<b>4173</b>

No territorio existen 8 establecementos de Turismo Rural cun total de 104 prazas, de Categoría A e B, situados nos Concellos de Arteixo, Culleredo, Miño, Paderne, Neda e Pontedeume. Estes establecementos son unha alternativa ós hotéis e outros establecementos do territorio, aínda que sería preciso artellar unha estratexia e buscar unhas actividades complementarias atractivas que aumenten o valor engadido do aloxamento no ámbito rural.

Número de hotéis segundo categoría

	1 estrela	2 estrelas	3 estrelas	4 estrelas	5 estrelas
Ares	0	0	0	0	0
Arteixo	1	7	0	0	0
Bergondo	1	1	0	0	0
Cabanas	0	0	1	0	0
Cambre	0	0	0	0	0
Culleredo	1	2	0	1	0
Fene	0	0	0	0	0
Miño	2	0	0	0	0
Mugardos	1	0	0	0	0
Narón	4	1	1	2	0
Neda	0	0	0	0	0
Oleiros	3	3	3	1	0
	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>

	estrela	estrelas	estrelas	estrelas	estrelas
Paderne	0	0	0	0	0
Pontedeume	0	1	1	0	0
Sada	1	1	0	1	0
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>	<b>16</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>0</b>

Fonte: <http://www.turgalicia.es>

En canto á restauración, a distribución dos locais segue a mesma tendencia que os aloxamentos, isto significa que, a concentración destes establecementos é maior nas proximidades de grandes núcleos de poboación, como nos concellos de Oleiros, Sada e Culleredo.

A boa relación calidade-precio parece ser un aspecto salientable á hora do bó funcionamento dos establecementos, tanto hoteleiros como de restauración. Un problema importante é a falta de coñecemento do público en xeral dos demais atractivos e potencial turístico da zona.

A táboa seguinte resume a oferta de restaurantes no territorio. O número total de restaurantes é alto (246 establecementos), sen embargo vese unha escaseza total de establecementos de categoría alta (1ª categoría e luxo). Este dato reflexa que a oferta turística do territorio esta orientada cara un público de nivel adquisitivo medio, o que limita o gasto por persoa no territorio.

Enfocar un turismo cara ós extractos economicamente máis elevados incrementaría os ingresos totais do sector na zona. A celebración de “grandes eventos” dirixidos a estas persoas, como por exemplo a organización de concertos de música clásica ou grandes concentracións do sector náutico ou da pesca deportiva, poderían ter un efecto positivo no gasto turístico.

Número de restaurantes por municipio segundo categoría

	1 garfo	2 garfos	3 garfos	4 garfos	5 garfos
Ares	4	0	0	0	0
Arteixo	28	9	1	0	0
Bergondo	11	5	0	0	0
Cabanas	4	2	0	0	0
Cambre	11	3	0	0	0
Culleredo	16	7	1	0	0
Fene	6	3	0	0	0
Miño	10	0	1	0	0
Mugardos	4	1	0	0	0
	<b>1 garfo</b>	<b>2 garfos</b>	<b>3 garfos</b>	<b>4 garfos</b>	<b>5 garfos</b>

Narón	15	13	0	0	0
Neda	2	1	0	0	0
Oleiros	33	19	0	0	0
Paderne	1	0	0	0	0
Pontedeume	6	4	0	0	0
Sada	12	13	0	0	0
<b>Total G.A.C.</b>	<b>163</b>	<b>80</b>	<b>3</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

Fonte: <http://www.turgalicia.es>

Os expertos teñen manifestado que as empresas de actividades complementarias de ocio e tempo libre no territorio son insuficientes para dar un servizo de calidade ós visitantes e turistas, polo que sería preciso promover novas empresas deste tipo.



### **1.1.6 A ECONOMÍA MARIÑEIRA**

Segundo datos da Xunta de Galicia, o sector do mar é un dos primeiros axentes da economía galega. No ano 2004 a cifra de negocio deste sector superou a barreira dos 1.000 millóns de euros. Ademais da facturación directa esta actividade estimula o funcionamento doutros moitos axentes económicos en Galicia. De feito, do sector pesqueiro galego dependen non só máis de 25.700 mariñeiros, acuicultores e mariscadores que faenan habitualmente, senón tamén traballadores de actividades como a industria conserveira, os estaleiros ou o comercio.

O sector pesqueiro, engloba todas as actividades relacionadas cá pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura. Estas actividades supoñen o 1,98% do PIB galego.

A comercialización dos produtos faise en primeira instancia nas lonxas; estas son os lugares autorizados para levar a cabo a primeira venda dos produtos pesqueiros. No ano 2006, a Xunta de Galicia modificou o Decreto 419/1993, no que se refundía a normativa en materia de descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, e eliminou a obrigatoriedade de empregar a poxa á baixa como único sistema de primeira venda. Isto permite aplicar calquera outra fórmula que facilite ós produtores rendabilizar as súas capturas para obter así mellores prezos.

No Golfo Ártabro, a riqueza biolóxica do litoral constitúe unha fonte de recursos esenciais para unha parte da poboación do territorio, que dende antigo vense aproveitando como fonte de ingresos e para a súa alimentación. Desa herdanza hai dúas actividades de explotación que sobresaen: o tradicional marisqueo a pé e a pesca de baixura.

Segundo datos do I.G.E. o 0,64% dos habitantes do territorio estaban ocupados no sector da pesca para o ano 2001. A taxa de ocupados na pesca ten experimentado un lixeiro ascenso dende o ano 1991.

A relación dos distintos municipios cá pesca é moi dispar dentro do territorio. Os concellos de Mugardos, Ares, Sada e Neda presentan a maior porcentaxe de ocupados no sector, sen embargo son Fene, Mugardos e Narón os máis dinámicos e polo tanto os que máis cota están a gañar nos últimos anos. Sada, Oleiros e Arteixo están a perder unha porcentaxe importante de ocupados no sector pesca en pro principalmente do sector servizos.

Nesta análise refléxanse as características da economía mariñeira do Golfo Ártabro, estudando as infraestructuras existentes, as industrias e medios humanos empregados no sector e a evolución económica das lonxas, xunto cás especies máis vendidas.

### **1.1.6.1 Infraestructuras pesqueiras no territorio**

#### **1.1.6.1.1 Lonxas**

As lonxas son os lugares autorizados para levar a cabo a primeira venda dos produtos pesqueiros. Galicia conta con 63 lonxas, xestionadas xeralmente polas confrarías de pescadores.

Existen no territorio un total de cinco lonxas: Barallobre, Miño, Mugaros, Pontedeume e Sada, ás que poderían engadirse as lonxas de A Coruña e Ferrol representando en total o 11,11% das lonxas galegas. Incluíronse as lonxas da confraría de A Coruña e Ferrol por ser ambas centros receptores de gran parte das capturas feitas por pescadores e mariscadores/as dos 15 concellos do Golfo Ártabro; excluíuse sen embargo a Lonxa Coruña, S.A. posto que a maior parte das súas vendas corresponden a capturas de pesca de altura e de confrarías doutros municipios.

Dentro do territorio todas as lonxas están xestionadas por confrarías de pescadores.

#### **1.1.6.1.2 Embarcacións**

A flota pesqueira con porto base en Galicia está formada por máis de 5.200 buques de pesca e 1.132 de acuicultura, sendo a máis importante de todas as rexións europeas e tamén é a maior de España, sendo o sector pesqueiro máis potente da Unión Europea, e posuíndo Galicia preto do 40% dos barcos españois. Estes datos reflicten a grande importancia da flota galega no sector pesqueiro comunitario e estatal.

Na zona do Golfo Ártabro están rexistrados, segundo fontes oficiais de Pesca, un total de 355 barcos, onde o 93,5% son embarcacións de baixura e artes menores. Este dato representa case o 6,8% do total de embarcacións galegas, e supón a presenza dunha flota importante en canto a número dentro do territorio.

Na acuicultura hai 168 embarcacións, tanto auxiliares coma buques. Esta cifra representa o 14,8% do total galego.

Na táboa seguinte recóllense os datos oficiais de Pesca de Galicia, en canto ó rexistro de buques para a Zona VII de Coruña-Ferrol, actualizados a outubro de 2008.

Descrición e número de barcos dentro da zona VII Coruña-Ferrol

DESCRIPCIÓN		Nº BARCOS	TRB	GT	POTENCIA CV
PESQUERIA INTERNACIONAL (Gran Altura)	ARRASTRE	4	2.659,64	3.840,00	10.220,00
	PALANGRE SUPERFICIE	5	1.497,26	2.553,00	4.245,50
PESQUERIA COMUNITARIA (Altura)	PALANGRE FONDO	2	343,12	565	1.270,00
CALADERO NACIONAL (Cant/Noroeste)	ARRASTRE	12	2.745,10	4.144,77	9.909,00
	ARRASTRE	7	1.067,99	1.758,02	3.498,00
	ARTES MENORES	304	887,35	765,74	8.081,54
	CERCO	20	620,51	725,63	4.112,44
	PALANGRE FONDO	1	18,67	28,88	120
<b>Totales</b>		<b>355</b>	<b>9.839,64</b>	<b>14.381,04</b>	<b>41.456,48</b>
Buques para acuicultura e auxiliares		<b>168</b>			

Fonte: Pesca de Galicia

Facendo unha análise municipal segundo a táboa seguinte, apreciase que os municipios cun maior número de embarcacións son Barallobre, Sada e Pontedeume. Estes concellos coinciden, como era de esperar, con aqueles que presentan un desenvolvemento maior do sector pesqueiro.

Número de barcos segundo municipio (Ano 2007)

CONCELLOS	Nº TOTAL BARCOS	Artes menores	Cerco
ARES	11	6	5
BARALLOBRE	29	29	0
LORBÉ	16	15	1
MERA- OLEIROS	9	9	0
MIÑO	14	14	0
MUGARDOS	9	9	0
PONTEDEUME	24	19	5
SADA	25	14	8

Fonte: Pesca de Galicia

### 1.1.6.1.3 Instalacións portuarias

Galicia posúe competencias nos 122 portos e instalacións portuarias que nela se sitúan, aparte dos seis portos de interese xeneral do Estado xestionados por cinco Autoridades Portuarias, emprazados ó longo duns 1.700 quilómetros de litoral. É importante sinalar que en todos eles se realizan actividades pesqueiras, comerciais ou náutico-deportivas.

Para o conxunto do Golfo Ártabro cabe destacar as seguintes instalacións portuarias:

- Pequeno porto de Suevos, no concello de Arteixo. É aproveitado polos afeccionados á pesca e para o baño. Conta con servizo de guindastre para embarcacións.
- Pequeno porto de Santa Cruz, no concello de Oleiros.
- Pequeno porto de Mera, no concello de Oleiros.
- Pequeno porto de Sada.
- Porto de Dexo, no concello de Oleiros
- Porto pesqueiro de Lorbé. Trátase dun importante enclave turístico especialmente no verán. Conta con servizo de guindastre para embarcacións e produción acuícola na súa costa.
- Porto pesqueiro de Miño.
- Embarcadoiro de Perbes. Este embarcadoiro foi remodelado fai pouco tempo.
- Embarcadoiro do Pedrido, no concello de Bergondo.
- Porto pesqueiro de Pontedeume. Este porto está reservado só a barcos de pouco calado ó ser susceptible de quedar en seco na baixamar.
- Porto pesqueiro de Redes. Este porto é un dos máis pintorescos da zona.
- Pequeno porto de Ares.
- Instalacións de O Seixo.
- Porto pesqueiro Mariños-Barallobre.
- Instalacións portuarias de Neda.
- Instalacións de Mugar dos. A ocupación tradicional de Mugar dos foi a pesca, especialmente a do polvo.

En base a isto, pódese considerar que o territorio posúe unha importante rede de pequenos portos, tanto pesqueiros como deportivos que resultan de gran importancia para a supervivencia do sector pesqueiro en moitos dos seus pobos. Así

mesmo, tamén constitúen un atractivo turístico da zona pola beleza das paisaxes nas que están encadrados.

Sinalar tamén a existencia de importantes portos deportivos en expansión.

#### 1.1.6.1.4 Depuradoras de marisco

A Xunta de Galicia tiña rexistradas un total de 61 depuradoras no ano 2006.

No territorio do Golfo Ártabro hai na actualidade un total 27 depuradoras de mariscos das que só unha pertence a unha confraría de pescadores, a de Barallobre; sendo o resto de titularidade privada.

No cadro seguinte recóllese o número de depuradoras existentes por concello incluíndo tamén as pertencentes ás cidades de A Coruña e Ferrol, posto que son susceptibles de ofrecer servizos ós mariscadores/as do territorio.

Número de depuradoras por municipio

<b>CONCELLO</b>	<b>Nº DEPURADORAS</b>
Arteixo	2
Barallobre	1
Bergondo	1
Cambre	1
A Coruña	13
Fene	1
Ferrol	3
Mugardos	1
Oleiros	1
Sada	3
<b>TOTAL</b>	<b>27</b>

Elaboración propia (outubro 2008)

### 1.1.6.2 Recursos humanos

Segundo datos da Xunta de Galicia, o sector pesqueiro da emprego a máis de 25.700 mariñeiros, acuicultores e mariscadores/as. Así mesmo, tamén se pode considerar un motor para a taxa de actividade noutras actividades relacionadas como a industria conserveira, os estaleiros ou o comercio. Estímase que por cada emprego no mar se crean ó redor de catro empregos máis en terra.

O perfil medio do pescador galego é o dun home de entre 25 e 54 anos adicado á pesca extractiva. Polo contrario, son as mulleres, nun número próximo ás 4.400, as que forman o 85% do colectivo de mariscadoras a pé.

Na táboa seguinte xúntanse datos sobre os postos de traballo creados na comunidade galega entorno o sector pesqueiro para o ano 2004.

Nº de empregos segundo actividades pesqueiras en Galicia

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>Nº DE EMPREGOS</b>
Marisqueo a flote	3.465
Pesca costeira	7.251
Marisqueo a pé	5.057
Acuicultura	4.614
<b>Total</b>	<b>20.387</b>

Fonte: IGE. Macromagnitudes da pesca (2003-2004)

Dentro do territorio, segundo datos recollidos en sucesivas reunións cás confrarías, o número total de empregados na pesca e marisqueo é de 537 persoas. Este dato non é comparable có total galego, posto que os datos aportados pola Xunta corresponden a diferente ano.

De xeito aproximado estimase que entorno a un 4% dos pescadores e mariscadores/as galegos pertencen ó territorio do Golfo Ártabro.

Nº de empregos en pesca e marisqueo no Golfo Ártabro

<b>CONFRARIAS</b>	<b>ACTIVIDADE</b>	<b>Nº EMPREGOS</b>
Mugardos	Marisqueo a pé	70
	Pesca	10
Miño	Marisqueo a pé	40
	Pesca	2
Sada	Pesca	90
Mera	Pesca	40
Barallobre	Marisqueo a pé	70
	Marisqueo a flote	80
Lorbé	Pesca	40
Pontedeume	Marisqueo a pé	48
	Pesca	12
Ares	Marisqueo a pé	24
	pesca	11
<b>TOTAL PESCA E MARISQUEO</b>		<b>537</b>

Elaboración propia (Año 2008)

A actividade acuícola no territorio está pouco representada. Tras a revisión de diversas fontes, entre elas a base de datos da empresa Ardán que se adica a servizos de información e apoio empresarial, tan só aparece rexistrada no territorio unha empresa adicada á acuicultura: Proinsa, no concello de Sada.

Na táboa seguinte resúmese o total de empregos no territorio segundo a actividade desempeñada.

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>Nº DE EMPREGOS</b>
Marisqueo a flote	80
Pesca costeira	218
Marisqueo a pé	239
<b>Total</b>	<b>537</b>

Elaboración propia

### 1.1.6.3 Empresas transformadoras

En canto ás empresas transformadoras no sector da pesca débense destacar dous tipos: Industria conserveira e Industria conxeladora. Ambas industrias constitúen un sector fundamental na economía do noso país. Hoxe en día, as compañías galegas dominan o mercado español e son o maior referente na Unión Europea.

O 45% das empresas conserveiras españolas están establecidas en Galicia (67 empresas) e facturan o 83% do total nacional. En canto ás empresas de conxelación,

Galicia conta con 113 factorías que se adican a conxelar produtos do mar antes da súa comercialización. A maioría delas son almacéns frigoríficos encargados de procesar e conservar descargas dos pesqueiros.

Na táboa seguinte recóllese o número das principais industrias do sector pesqueiro dentro do territorio do Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”. Segundo as fontes consultadas, hai un total de 5 almacéns frigoríficos e 21 empresas de transformacións dos produtos pesqueiros, incluíndo as industrias conserveiras. Destacar a proximidade dunha das grandes industrias conserveiras a nivel nacional “CALVO S.A.” situada no concello de Carballo a 30 Km da cidade de A Coruña. Esta industria pode absorber parte da produción local sobre todo de certas especies por exemplo, berberechos.

Número de industrias por municipio

MUNICIPIO	ALMACÉNS FRIGORÍFICOS	TRANSFORMACIÓN
Arteixo		2
Bergondo		2
Cambre	1	2
Culleredo		1
Oleiros		1
Sada		3
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>11</b>

Fonte: [www.pesca2.com](http://www.pesca2.com) (páxina adicada ó sector pesqueiro)

Elaboración propia.

Destas empresas, só unha, Aldeca S.L. ubicada no concello de Cambre, adicase á conserva de mariscos e peixe, representando o 1,5% do total galego en canto a empresas conserveiras.

Os almacéns frigoríficos do territorio representan o 4,43% do total de Galicia.

Tendo en conta que o nivel de vendas nas lonxas do Golfo Ártabro representan o 1,8% do total vendido en Galicia e se compara coa porcentaxe de industrias transformadoras existentes no territorio, pódese concluír que existe un importante tecido industrial adicado a este sector.

Na seguinte táboa recollese un listado das empresas transformadoras e de almacéns frigoríficos con sede no territorio.



#### Listado de empresas do sector por municipio

MUNICIPIO	NOME
Arteixo	Bajamar Septima S.L. Froitomar S.L.
Bergondo	Congelados Asturgal S.L. ELCESA
Cambre	Galixeo S.A. Aldeca S.L. Porto Muiños S.L.
Culleredo	Coton y Sánchez S.L.
Oleiros	Frioko S.A.
Sada	Comercio Internacional Alimentos Mar S.A. Demarlosa Lorbé S.L. Proinsa (Cetárea)

Fonte: [www.pesca2.com](http://www.pesca2.com) (páxina dedicada ó sector pesqueiro)  
Elaboración propia.

#### 1.1.6.4 Análise económica das lonxas

As lonxas son o primeiro punto de venda para o pescado e marisco fresco e están xestionadas polas confrarías de pescadores.

Neste apartado faise unha exposición da situación actual das lonxas do territorio respecto a Comunidade Autónoma e a súa evolución nos últimos anos en canto ó nivel de vendas e facturación anual para as lonxas de: Confraría de A Coruña, Barallobre, Ferrol, Miño, Mugaridos, Pontedeume e Sada.

##### 1.1.6.4.1 Ventas das lonxas do territorio respecto ó total de Galicia

No ano 2007 vendéronse a través das lonxas galegas un total de 161.094 toneladas de produtos mariños frescos o que supuxo unha facturación de dito sector de 412.937.878,03€.

Na táboa seguinte xúntanse os datos das vendas, tanto en quilos como en importe monetario, das lonxas do territorio do Golfo Ártabro para o ano 2007, ademais de A Coruña e Ferrol.

Quilogramos e importe facturado polas distintas lonxas do “Golfo Ártabro”

<b>Lonxa</b>	<b>kilos</b>	<b>Importe €</b>
A (Confraría) Barallobre Ferrol Miño Mugardos Pontedeume Sada	Coruña 12.529,80 37.016,22 134.230,93 559,13 7.064,40 23.703,30 2.728.426,15	157.791,80 265.499,32 877.924,58 6.148,01 108.753,21 264.597,92 1.710.772,01
<b>TOTAL</b>	<b>2.943.529,93</b>	<b>3.391.486,8</b>

Fonte: Pesca de Galicia (Año 2007)


Nestas lonxas tense vendido o 1,8% dos quilos totais da Comunidade Autónoma de Galicia, que representa o 0,8% da facturación rexional a través dos produtos pesqueiros frescos para o ano estudado.

Analizando as lonxas do territorio por separado tal como se recolle na táboa seguinte, apreciase que en Sada se vende o 92,69% de todo o produto distribuído a través das lonxas consideradas; mentres que, en canto á facturación total só representa o 50,44%. A lonxa de Sada ocupa o posto número 9 das lonxas de Galicia en canto ós Kg que factura, por detrás de Vigo, Ribeira, A Coruña (Lonxa Coruña S.A.), Burela, Celeiro, Portosín, Camariñas e Muros.

Miño e Mugardos son as lonxas que presentan unha menor actividade.

Na gráfica inferior, obsérvanse os quilos vendidos e a facturación de cada unha das lonxas para o ano 2007. Nela é doado ver como algunhas lonxas teñen unha facturación moi superior ó nivel de ventas. Este fenómeno explícase polo alto prezo dos produtos máis vendidos en cada unha delas. Para estudar isto se podería facer a seguinte proporción:

<b>€ facturados / Kg vendidos</b>
-----------------------------------



Fonte: Pesca de Galicia  
Elaboración propia

A maior proporción de facturación respecto ós quilos de produto vendido, corresponde ás lonxas de Mugaridos, A Coruña, Pontedeume e Ferrol. As especies máis vendidas nestas lonxas son: distintos tipos de Ameixa (Fina, Babosa e Xaponesa), Barberechos e Percebes (Ferrol). Estes produtos presentan un baixo peso e un prezo elevado o que explica unha maior proporción (euros/quilos) que se sitúa nunha media de 22,41 mentres que Sada, cunha facturación case 5 veces maior á media das anteriores, ten unha relación de 0,63. As especies máis vendidas nesta última lonxa son as Sardiñas, Xurelos e Xardas que teñen un prezo de venda moi inferior ó resto de especies consideradas.

Na táboa seguinte aparece reflexada a importancia relativa de cada unha das lonxas segundo quilos vendidos e facturación anual respecto o total do territorio.

Reparto das vendas entre as lonxas do territorio

LONXA	%	
	Quilos	Facturación
<b>A Coruña (Confraría)</b>	0,42	4,65
<b>Barallobre</b>	1,25	7,82
<b>Ferrol</b>	4,56	25,88
<b>Miño</b>	0,02	0,18
<b>Mugaridos</b>	0,23	3,20
<b>Pontedeume</b>	0,80	7,80
<b>Sada</b>	92,69	50,44
<b>TOTAL</b>	100	100

Fonte: Pesca de Galicia  
Elaboración propia

Pode concluírse que o Golfo Ártabro, a pesar de estar formado tan só por 15 concellos e presentando unha taxa de actividade lixeiramente inferior á media galega, descarga unha porcentaxe considerable do pescado fresco vendido nas lonxas galegas (case o 2%). Dentro do territorio, é a lonxa de Sada onde se move a maior porcentaxe de quilos vendidos e euros facturados, seguida de Ferrol e Barallobre; en último lugar sitúanse as lonxas de Miño e Mugar dos.

#### 1.1.6.4.2 Evolución das vendas nas lonxas do territorio nos últimos anos

Os cadros que se xuntan neste apartado recollen a evolución de vendas para as lonxas no territorio entre os anos 2001 e 2007

Evolución dos Kg vendidos no territorio.

<b>LONXA</b>	<b>2001</b>	<b>2004</b>	<b>2007</b>
<b>A Coruña (Confraría)</b>	101.511,93	122.218,76	12.529,80
<b>Barallobre</b>	128.687,48	132.566,28	37.016,22
<b>Ferrol</b>	359.128,99	399.101,20	134.230,93
<b>Miño</b>	0	42.146,98	559,13
<b>Mugar dos</b>	7.563,00	16.569,30	7.064,40
<b>Pontedeume</b>	9.017,91	10.600,28	23.703,30
<b>Sada</b>	3.827.590,00	3.246.880,43	2.728.426,15
<b>TOTAL</b>	<b>4.433.499,31</b>	<b>3.970.083,23</b>	<b>2.943.529,93</b>

Fonte: Pesca de Galicia. Elaboración propia.

Evolución da facturación nas lonxas do territorio.

<b>LONXA</b>	<b>2001</b>	<b>2004</b>	<b>2007</b>
<b>A Coruña (Confraría)</b>	892.182,13	1.238.511,80	157.791,80
<b>Barallobre</b>	1.088.414,65	1.076.751,73	265.499,32
<b>Ferrol</b>	3.037.039,70	2.649.854,33	877.924,58
<b>Miño</b>	0	117.233,73	6.148,01
<b>Mugar dos</b>	69.276,47	233.128,48	108.753,21
<b>Pontedeume</b>	169.584,67	132.474,69	264.597,92
<b>Sada</b>	2.554.485,83	1.825.463,09	1.710.772,01
<b>TOTAL</b>	<b>7.810.983,45</b>	<b>7.273.417,85</b>	<b>3.391.486,80</b>

Fonte: Pesca de Galicia. Elaboración propia.

Actualmente os quilos de produto vendido nas sete lonxas estudadas diminuíu un 33,6% respecto ó ano 2001 mentres, que a facturación anual reduciuse máis da metade, un 56,58% menos, dende o mesmo ano.


Isto é debido a que as capturas son cada vez menores debido a fortes normativas e sobre todo á escaseza das capturas motivada pola excesiva esquilación que sofren as nosas augas e á contaminación.

A facturación das lonxas está a diminuír a un ritmo superior ó descenso das capturas, e isto é debido a que os prezos de venda dalgúns dos principais produtos subiron moi pouco nos últimos anos, mentres que outros como a Ameixa Xaponesa, Berberechos, Sardiñas e Xardas, baixaron de prezo un 22,9% de media. Todo isto provoca, xunto cá merma no número de capturas, unha drástica redución da facturación total do sector.

Estas dúas características son os principais problemas económicos do sector:

- Redución das capturas.
- Baixada dos prezos de venda medio das principais especies.

Na gráfica inferior representase esta evolución negativa das vendas nas lonxas do territorio nos últimos sete anos. No ano 2004 e 2005 apreciase unha subida nas vendas debido a un novo impulso dos produtos do mar galegos tras a catástrofe do Prestige.










Fonte: Pesca de Galicia  
Elaboración propia

A lonxa de Pontedeume é a única que mostrou unha tendencia á alta nos anos considerados. Mugardos aumentou a súa facturación respecto ó 2001 a pesar de ter

experimentado un descenso superior ó 50% respecto ó 2004, ano no que experimentou un pico importante no nivel de vendas.

O resto de lonxas mantiveron unha tendencia á baixa en todo o período incluíndo Sada, que é a lonxa máis importante do territorio.

Para máis información xúntanse os seguintes gráficos, que amosan a evolución das vendas en quilos totais en cada unha das lonxas consideradas no territorio para o período 1997-2007.



### 1.1.6.5 Principais especies vendidas nas lonxas do territorio

Segundo o Anuario de Pesca de Galicia para o ano 2006, as principais especies comercializadas nas lonxas galegas foron: Ameixa Babosa, Ameixa Fina, Ameixa Xaponesa, Berberecho, Bonito do Norte, Castañeta, Cegala, Congro, Coreano, Lirio, Maruca, Mendo Limón, Peixe Sapo, Percebe, Pescada, Polbo, Polbo Cabezón, Pota Pequena, Raias, Rapantes, Sanmartiño, Sardiña, Xarda, Xarda Pintada, Xuliana e Xurelo. Aquí inclúense especies de baixura e de altura.

No caso do territorio do Golfo Ártabro, as especies máis importantes veñen recollidas na táboa inferior segundo o seu volume de vendas nas lonxas estudadas. Estas especies supoñen a porcentaxe máis elevada dende o punto de vista dos quilos de produto vendido e euros facturados.

Especies máis importantes do territorio por lonxa.

LONXA	ESPECIES MÁIS IMPORTANTES
<b>Confraría de A Coruña</b>	Ameixa Babosa Ameixa Fina
<b>Barallobre</b>	Berberecho Ameixa Babosa Ameixa fina Carneiro Ostra Plana
<b>Ferrol</b>	Polbo Carneiro Choco Ameixa Babosa Percebe
<b>Miño</b>	Ameixa Fina Berberecho Ameixa Xaponesa
<b>Mugardos</b>	Ameixa Babosa Ameixa Fina Berberecho
<b>Pontedeume</b>	Ameixa Xaponesa Ameixa Fina Berberecho Ameixa Babosa
<b>Sada</b>	Sardiña Xurelo Xarda Peixes Mariños nep Choco

Fonte: Pesca de Galicia  
Elaboración propia


Observando o reparto segundo quilos de produto vendido, o 95,21% das vendas corresponden a tres especies: Sardiña, Xurelo e Xarda, mentres que o resto das especies consideradas correspóndelles o 4,79%. Aquí estase a estudar as especies principais, polo que se pode falar dunha dependencia do mercado case exclusiva das tres especies anteriores (ver gráfico adxunto).

Quilogramos vendidos por especie (Ano 2007)

ESPECIE	Kg vendidos	%
Ameixa Babosa	41.275,41	1,38%
Ameixa Fina	17.694,91	0,59%
Ameixa Xaponesa	17.428,59	0,58%
Berberechos	24.609,99	0,82%
Peixes Mariños	42.025,10	1,40%
Nep		
Sariñas	2.118.250,00	70,94%
Xardas	255.650,00	8,561%
Xurelos	468.950,00	15,70%
<b>TOTAL</b>	<b>2.985.884,00</b>	

Fonte: Pesca de Galicia  
Elaboración propia

No cadro inferior represéntanse estas porcentaxes de forma gráfica.



Fonte: Pesca de Galicia  
Elaboración propia



### 1.1.6.7 Evolución dos prezos de venta das principais especies

Como se estudiou no apartado adicado á evolución das vendas, a facturación do sector está a diminuír nos últimos anos de xeito alarmante. Un dos motivos principais é o descenso dos prezos de venta en lonxa. Este fenómeno ten a súa orixe en parte, na entrada no mercado de produtos acuícolas que compiten cós mariños.

A pesar de que algunha das especies aumentou o seu prezo nos últimos anos, como é o caso da Ameixa Babosa e a Ameixa Fina; o prezo medio das principais especies está a diminuír. Estes produtos (Ameixa Babosa e Ameixa Fina) incrementaron o seu prezo nun 42,32% de media pero a súa porcentaxe de vendas en quilos é inferior a outros produtos.


Os Berberechos, Xardas e Sardiñas son as especies que tiveron un descenso de prezo máis acusado (un 25,7% de media). Estes produtos son os máis vendidos (Kg) dentro do territorio, causa polo que o descenso da facturación total é tan acusado.

Evolución dos prezos medios de venta das principais especies (€/Kg)

ESPECIE	2001	2003	2005	2007	Diferenza 2001-2007
<b>Ameixa Babosa</b>	8,63	9,78	10,77	12,53	45,19%
<b>Ameixa Fina</b>	15,69	20,57	22,56	21,88	39,45%
<b>Ameixa Xaponesa</b>	0	9,26	7,84	7,91	-14,57%
<b>Berberechos</b>	3,04	2,31	3,12	2,16	-28,94%
<b>Peixes Mariños Nep</b>	0	0,33	3,6	0,36	9,09%
<b>Sariñas</b>	0,66	0,62	0,58	0,58	-12,12%
<b>Xardas</b>	0,61	0,23	0,56	0,39	-36,06%
<b>Xurelos</b>	0,66	0,4	0,61	0,72	9,09%

Fonte: Pesca de Galicia  
Elaboración propia

Na gráfica seguinte apréciase a evolución dos prezos nos últimos anos para as especies máis vendidas no territorio.



Fonte: Pesca de Galicia  
Elaboración propia

### 1.1.6.8 Prioridades estratéxicas no sector pesqueiro para Galicia

O Plan Estratéxico Nacional del Fondo Europeo de la Pesca elaborado en xullo do 2007, recolle as prioridades estratéxicas para cada unha das Comunidades Autónomas. No cadro seguinte recóllense as principais prioridades en cada unha das áreas do sector pesqueiro establecidas para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola situación actual na que se atopa o sector pesqueiro no Golfo Ártabro, estas prioridades estratéxicas poden extrapolarse ó territorio. Entre as prioridades destacan: I+D+i, mellora da sustentabilidade dos recursos mariños, protección do medio ambiente, mellora da situación laboral no sector e potenciación dos colectivos máis desfavorecidos dentro do mesmo, diversificación económica e revalorización dos produtos pesqueiros.

Prioridades estratéxicas do sector marítimo na comunidade de Galicia

<b>PRIORIDADES ESTRATÉGICAS</b>	
<b>FLOTA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Planes de recuperación.</li> <li>→ I+D+i</li> <li>→ Compensacións socioeconómicas para a xestión da flota</li> <li>→ Medidas dos estados membros dentro da zona de 12 millas mariñas.</li> <li>→ Medidas de urxencia.</li> </ul>
<b>ACTIVIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Mellora do control das capturas.</li> <li>→ Melloras do control do esforzo.</li> <li>→ Mellora da regulación e prohibición das actividades pesqueiras.</li> <li>→ Melloras da inspección e control das medidas para</li> </ul>

<b>PESQUERAS</b>	<p>optimizar as estruturas do sector pesqueiro incluído o marisqueo.</p> <p>→ Melloras do control das artes de pesca.</p>
<b>ACUICULTURA</b>	<p>→ Establecemento de métodos de explotación acuícola que reduzan os impactos negativos no medio ambiente e recursos naturais.</p> <p>→ Diversificación de especies.</p> <p>→ Aumento da produción de especies con boas perspectivas de mercado.</p> <p>→ Apoio a actividades tradicionais de acuicultura.</p> <p>→ Promoción de accións específicas sobre mercado.</p>
<b>TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN</b>	<p>→ Mellora de condicións hixiénicas e de saúde pública.</p> <p>→ Mellora das condicións de traballo e seguridade.</p> <p>→ Promoción da calidade.</p> <p>→ Redución do impacto negativo no medio ambiente.</p> <p>→ I+D+i</p>
<b>SOSTENIBILIDADE DO SECTOR</b>	<p>→ Manter a prosperidade económica e social e revalorizar os produtos da pesca.</p> <p>→ Manter e desenvolver postos de traballo, diversificación económica e reestructuración social.</p> <p>→ Potenciar a calidade ambiental costeira.</p> <p>→ Cooperación nacional e transnacional entre zonas de pesca.</p>
<b>PRIORIDADES ESTRATÉGICAS</b>	
<b>COMPETITIVIDADE DO SECTOR</b>	<p>→ I+D+i</p> <p>→ Tecnoloxías da información e comunicación.</p> <p>→ Mellora da estrutura organizativa do sector.</p> <p>→ Mellora da capacitación profesional.</p> <p>→ Financiamento de equipos para a modernización de embarcacións e industrias.</p>
<b>RECURSOS HUMANOS</b>	<p>→ Garantir o emprego sostible e reforzar a posición da muller e colectivos desfavorecidos.</p> <p>→ Mellora das actitudes e aptitudes profesionais.</p> <p>→ Promover a diversificación económica do sector.</p> <p>→ Mellora das condicións de traballo.</p>
<b>PROTECCIÓN DEL MEDIO</b>	<p>→ Protección do medio ambiente nas zonas pesqueiras.</p> <p>→ Protección e accións positivas sobre a fauna e flora acuática.</p> <p>→ Xestión e adaptación da flota pesqueira para o desenvolvemento dunha actividade sostible cós recursos mariños e respectuosa có medio ambiente.</p> <p>→ Mellora das prácticas medioambientais en portos.</p> <p>→ Técnicas máis respectuosas có medio ambiente nas industrias de conservación e transformación.</p>

Fonte: Plan Estratégico Nacional del Fondo Europeo de la Pesca (Año 2007).

### 1.1.6.9. Conclusións das enquisas das confrarías

Ó longo da elaboración da candidatura mantivéronse unha serie de reunións con representantes das distintas confrarías do Golfo Ártabro.

Mediante estas entrevistas detectáronse unha serie de **problemas** que afectan ó sector pesqueiro no territorio, entre os que destacan:

- Contaminación nas rías. Existen problemas na Ría de Ferrol polos recheos da regasificadora, Megasa, Astano e outras empresas da zona. A problemática da contaminación abrangue tamén ás Rías de Sada e Betanzos así coma a certos caladoiros ou bancos dunha importancia económica considerable. Contaminación por chumbo (restos chumbados da pesca deportiva).
- Rexeneración da costas da Praia de Sada.
- Competencia desleal por parte dos furtivos e pescadores deportivos. Os pescadores deportivos venden mercadoría a establecementos locais sen que se exerza ningún control sobre eles. A normativa actual non deixa ós pescadores profesionais capturar como se fosen deportivos.
- Nalgunhas praias do territorio practícase o marisqueo libre por non existir un plan de explotación, por exemplo, a praia do Pedrido.
- Non existen canles axeitadas ás características productivas da zona de cara a comercialización do produto.
- Falla de persoal nas confrarías debido a escaseza de fondos económicos.
- Considerase importante mellorar a formación dos traballadores en activo tanto da pesca, marisqueo como acuicultura polas dificultades que está a atravesar o sector de cara á sostibilidade dos recursos mariños.
- Falla de unión e comunicación entre as distintas asociacións, o que dificulta calquera acción conxunta que se decida impulsar no territorio.

De cara a contaminación se teñen feito algúns estudos por parte de distintas confrarías, por exemplo a confraría de Barallobre-Fene realizou un estudo biolóxico sobre a situación dos bancos pesqueiros e impacto do porto exterior de Ferrol. Este tipo de traballos son o primeiro paso para a loita contra a contaminación que é o principal problema da economía marítima.

En canto á comercialización dos produtos, existen experiencias precedentes no Golfo Ártabro por parte de certas confrarías. A confraría de Sada intentou comercializar a través dunha empresa especializada e non se conqueu o acordo pola imposibilidade de garantir un volume mínimo diario de produto. Estas experiencias indican deficiencias no sector que se deberán acometer nun futuro.

Os novos produtos do mar, como son as algas, supoñen un novo mercado para o sector marítimo. A existencia no territorio dunha industria adicada á comercialización deste tipo de produtos, Porto Muiños S.L., pode supoñer unha oportunidade para o sector que actualmente non se está aproveitando posto que esta materia prima provén doutros lugares.

Como necesidade xeral, da caza á comercialización, é preciso a revalorización dos produtos da zona mellorando a calidade e o servizo, por exemplo implantando sistemas de trazabilidade e marcas de garantía que aumenten a confianza dos consumidores e o valor engadido dos produtos.

Estímase como outras necesidades, dar formación ós profesionais mediante a organización de cursos e xornadas divulgativas, fomentar o asociacionismo e a cooperación intersectorial e a loita contra o furtivismo.

Relativo ós proxectos que se pretenden realizar no territorio por parte das confrarías destacan os seguintes:

- Creación dunha Aula do Mar en Sada que recolla a historia mariñeira da zona xunto con actividades de lecer que axuden a potenciar o turismo mariñeiro, enriquecer distintas rutas turísticas do territorio e á valorización social da cultura pesqueira. Esta Aula pode xogar un papel na inserción laboral de persoas con dificultades como discapacitados, mulleres, etc.
- Fomento da cultura mariñeira mediante a realización de actividades de coñecemento turístico.
- Creación dun arrecife artificial que sería que podería funcionar como reserva mariña e foco de interese turístico.
- Potenciar a pesca deportiva e o turismo fotográfico da natureza, así coma o turismo náutico relacionado cá Aula do Mar e o arrecife artificial.
- Revalorización dos produtos pesqueiros impulsando conservas de calidade.

## 1.1.7. SITUACIÓN AMBIENTAL DO TERRITORIO

### 1.1.7.1. Espazos naturais e protexidos na Rede Natura 2000

O territorio do Golfo Ártabro existen 6 Espazos Naturais protexidos que están na Rede Natura 2000. Estes espazos están catalogados como “Zona de especial Protección dos Valores Naturais” polo Decreto 72/2004, de 2 de abril. A Rede Natura 2000 foi concibida como unha ferramenta a escala europea para lograr os obxectivos da Directiva 92/43/CEE, de Conservación dos Hábitats Naturais da Flora e Fauna Silvestres.

Esta directiva, coñecida tamén como a “Directiva Habitats”, foi trasposta á lexislación nacional a través do Real Decreto 1997/1995 (BOE nº310 de 28 de decembro) e á lexislación autonómica na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza. Ademais, todos eles tamén están clasificados como Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) da rexión biogeográfica atlántica, aprobada pola Decisión da Comisión de 7 de decembro de 2004 (DOCE L387 de 29/12/2004). Algúns deles teñen outro tipo de clasificación, como as Zonas de especial protección para as aves” (ZEPA) .


#### Espazos Naturais Protexidos

ESPAZO NATURAL	CÓDIGO
Costa da Morte	LIC ES 1110005
Costa de Dexo	LIC ES 1110009
Costa Artabra*	LIC ES 1110002
Betanzos – Mandeo	LIC ES 1110007
Encoro Abegondo - Cecebre	LIC ES 1110004
Xubia – Castro	LIC ES 1110013
Costa de Ferrolterra - Valdoviño	ZEPA ES 0000258

Fonte: Elaboración propia

\* *Costa Artabra abarca o territorio de costa de Ferrolterra - Valdoviño*

## Localización dos humedais e Zonas Especial Protección Aves e Lugares de Interese Comunitario.



Así mesmo identifícanse no territorio posibles espazos para a súa inclusión na “Rede Natura 2000” como son: as Brañas de Sada ou o curso baixo do Río Lambre.

Existen ademais un conxunto de axentes que participan na divulgación, sensibilización e conservación do medio ambiente, como é o **CEIDA**, “Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental”, consorcio formado polo Concello de Oleiros, a Universidade da Coruña e a Consellería de Medio Ambiente, ou varias asociacións medio ambientais que traballan de forma activa de cara á conservación da natureza e a mellora e promoción do entorno natural, tratando de revalorizar o mesmo dende diversas ópticas.

Destacar no territorio a existencia dunha Aula do Mar sita no Faro de Mera en Oleiros, o Castelo de Santa Cruz onde se organizan exposicións, sito no Concello de Oleiros e un Xardín Botánico e Aula de Natureza na ría do Burgo (Culleredo).

### 1.1.7.1.1. LIC Costa da Morte



Este espazo, ademais de Lugar de Importancia Comunitaria tamén está clasificado como “Zona de especial protección para as aves” (ZEPA). Cunhas 11.809 Ha. esténdese dende Fisterra ata Arteixo ó longo de aproximadamente 152 km de litoral. Destas 11.809 Ha, 4.539 ha fan referencia a augas mariñas (principalmente ó sur e sueste do cabo Fisterra). O tramo que corresponde ao territorio do Golfo Ártabro, abarca unicamente a parte do litoral do concello de Arteixo (ata a punta de Alba), cunha lonxitude de 8,5 Km e unha superficie aproximada 425 hectáreas.

O tramo da costa do concello de Arteixo alterna zonas de cantís de baixo ou medio desenvolvemento, con numerosas praias de area. O espazo natural protagonista neste LIC é a praia de Barrañán (1,2 Km), cun gran cordón dunar no que medran multitude de especies de plantas perfectamente adaptadas a un medio tan duro, caracterizado pola volatilidade do chan, os fortes ventos, o sal que estes traen do mar e a escaseza de auga doce. Unhas pasarelas de madeira e outros servizos fan posible harmonizar o goce do areal coa súa conservación.

Detrás das dunas ábrese un val no que o río Sisalde creou un extenso carrizal salpicado de ameneiros. Este lugar é parada obrigada para moitas aves insectívoras nas súas migracións, que o empregan tanto para descansar como para facer provisión de enerxías. Un sendeiro peonil percorre parte deste ecosistema, conectando coa Área Recreativa “Os Barreiros” a través do “Roteiro Mariñan”; conxunto de rutas executadas con axuda do programa PRODER II pola Asociación Terra das Mariñas. Máis alá do carrizal ábrese fértiles cultivos. O río, pola súa parte, é frecuentado polas lontras e a súa presenza é garantía da saúde ambiental do lugar. Dende estas atalaias é habitual contemplar mascatos, corvos mariños, gaivotas, pardelas, e o ir e vir de golfinhos mulares.



#### 1.1.7.1.2. LIC Costa de Dexo



Fronte costeiro aberto que se estende pola franxa litoral entre o Cabo de Mera e o Porto de Lorbé (aproximadamente 11 km. de costa), no concello de Oleiros. Ten unha superficie de 349,96 ha, e ademais de constituír un LIC, tamén está clasificado como “Zona de Especial Protección dos Valores Naturais” e 266 ha. da súa superficie tamén o están como “Monumento Natural”.

Esta é unha das áreas mellor conservadas do territorio, xa que a súa situación xeográfica extrema fixo posible a conservación dos seus valores naturais e medio ambientais. O espazo natural alberga unha interesante e diversa fauna propia de cantís mariños. Este tipo de comunidade xa non se atopa co nivel de integridade que aparece aquí, en ningún lugar Golfo Ártabro.

#### 1.1.7.1.3. LIC Betanzos – Mandeo



O LIC Betanzos-Mandeo está integrado polo estuario e o curso baixo e medio do río Mandeo (25 km.), parte do seu afluente, o río Zarzo, así como o tramo baixo do río Mendo (9 km.) e a desembocadura do río Lambre, no lugar de Ponte do Porco.

A superficie deste LIC é de 864,58 Ha. e abarca os concellos de Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Irixoa, Miño, Paderne e Oza dos Ríos.

A substitución de masas forestais naturais por eucalipto, os vertidos<sup>4</sup> e a contaminación provocada pola rede hidrográfica do territorio son principais problemas neste complexo fluvial.

<sup>4</sup>Nun estudo realizado pola Universidade de Santiago de Compostela en 2006, detectáronse 69 puntos de vertido directo sen tratamento ós cursos de auga.

#### 1.1.7.1.4. LIC Parque Natural das Fragas do Eume



O río Eume e a súa rede hidrógrafica conforman o Parque Natural das Fragas do Eume, que abarca os concellos de Pontedeume, Cabanas, As Pontes, A Capela e Monfero.

As Fragas do Eume é un dos últimos Parques Naturais declarados en Galicia. Carballos, castiñeiros, bidueiros e outras especies arbóreas características do norte enchen as ladeiras do val do río Eume, constituíndo un dos bosques atlánticos de maior interese ecolóxico de Galicia. As depresións e o canón que se forma ó longo do cauce do río dan lugar a un contorno natural verdadeiramente único.

Na súa zona baixa e litoral, ten importancia a zona estuario do río Eume e da súa desembocadura, onde se alimenta especies migratorias e ten importante banco marisqueiro. Existen zonas deste banco que están cerradas debido a contaminación por augas fecais e outros vertidos.

O Parque Natural aínda carece do preceptivo Plan Reitor de Usos e Xestión, que é un dos factores que está a provocar controversia entre os propietarios das Fragas e a Administración.

#### 1.1.7.1.5. LIC Río Xuvia – Castro



O Lugar de Interese Comunitario Xuvia-Castro, está formado polas cuncas do río Xuvia e o seu afluente, o río Castro, así coma pola Serra do Forgoselo. O Xuvia-


Castro é un reduto natural declarado como Lugar de Importancia Comunitaria no ano 2001, conservando gran parte dos bosques tradicionais de ribeira.

Na parte alta do río Castro localízase unha grande extensión de turbeiras ben conservadas. Inclúese ademais no espazo protexido a Serra do Forgoselo, con zonas húmidas estancadas, turbeiras de moito interese e xacementos megalíticos.

Na súa zona baixa ou litoral forma a ría de Ferrol, de grande produtividade marisqueira e pesqueira. Esta ría sufríu importantes cambios nos últimos anos que produciron unha merma na calidade das augas e perda de hábitats de interese pesqueiro e marisqueiro, debido entre outras á creación de novas infraestructuras portuarias, recheos para instalacións de novas empresas, etc. Ademais na actualidade existen zonas productivas con problemas de contaminación de fecais e doutro tipo, por mor da falta dunha rede de saneamento integral dos municipios da ría.

Un impedimento importante para o saneamento da ría son os restos da Ponte das Pías, que fan de muralla artificial e impide que as correntes “limpen” parte da mesma.

#### **1.1.7.1.6. LIC Costa Artabra – ZEPA Costa de Ferrolterra – Valdoviño**



Extenso tramo de costa do extremo setentrional da provincia da Coruña, de máis de 100 km de fronte maioritariamente aberta, que se estende entre as rías de Ares e de Ortigueira. Inclúe, así mesmo, parte da serra da Capelada e da ría de Ferrol, e unha superficie de augas mariñas de 548 ha. Ademais de posuír unha beleza paisaxística sobresaínte no seu conxunto, algúns dos seus recantos son merecentes da máxima consideración pola súa excelencia e singularidade escénica. Por outra parte, a súa variedade litolóxica, a existencia de amplas áreas de rochas básicas e ultrabásicas e a frecuente alternancia de extensos depósitos sedimentarios e áreas acantiladas de gran desenvolvemento e forte pendente, propicia a existencia dunha variedade única de hábitats no marco da costa galega. Abarca os concellos do Golfo Ártabro de Ares, Mugardos e Narón e outros fora do territorio como son Cariño, Ortigueira, Cedeira e Ferrol.

O LIC está repartido entre tres áreas. No seu extremo sur, a cabalo das rías de Ares e Ferrol, encóntranse as puntas do Segañó e Coitelada, separadas pola cala de Chanteiro, cuxa costa de acantilados de baixa altura, constituídos por granodioritas biotíticas e cercados de extensas superficies de toxeira-uceira, se estende desde o castelo da Palma ata punta Avarenta, no extremo noroccidental da ría de Ares, ó

longo duns 8,5 km. Esta área tamén inclúe as augas da boca da ría de Ferrol ata unha profundidade de 20 m.

Inmediatamente ó norte da entrada á ría ferrolá, alongándose ininterrompidamente cara ó nordeste nun litoral relativamente pouco recortado, un novo sector, o máis extenso do espazo natural (aproximadamente 65 km de lonxitude), iníciase no cabo Prioriño Chico e remata no interior da ría de Cedeira, antes da praia de Santo Isidro, nos arredores da punta Robaleira.

Esta fronte costeira aberta, salpicada de pequenos cabos e baías moi expostas, é unha sucesión constante de areais e abruptos cantís mariños. O litoral areoso abarca uns 15 km, e caracterízase pola existencia de praias abertas con extensos sistemas dunares.

#### 1.1.7.1.7. Encoro de Abegondo – Cecebre



O río Mero abastece de auga á cidade da Coruña e parte da súa área metropolitana. No seu tramo medio está o encoro Abegondo – Cecebre, que se converteu nun espazo húmido no que aniñan aves e que levou a incluílo dentro da Rede Natura 2000. A superficie protexida é de 493,41 Ha., e abarca parte dos concellos de Abegondo, Betanzos, Cambre, Carral e Oza dos Ríos.

No seu curso baixo o río Mero atravesa os concellos de Cambre, Culleredo e Oleiros e forma unha ría con ricos bancos marisqueiros, onde se alimentan as aves migratorias. A Ría do Burgo ven sufrindo problemas de vertidos de augas fecais e industriais, que non se resolveron plenamente no proceso de saneamento integral da Ría. Na actualidade está pechada a explotación marisqueira por contaminación.

#### 1.1.7.2. PROXECTOS EN MARCHA DE INCIDENCIA AMBIENTAL

Actualmente hai unha serie de proxectos que se están a desenvolver no territorio, que teñen por obxecto o melloramento da situación ambiental. Entre estes proxectos atópase a axuda concedida pola “**Fundación Biodiversidad**” ó Concello de Paderne para a posta en valor do LIC Betanzos-Mandeo, que ascende ó total de 7.851,81 euros para o ano 2008.

Por outra banda o Concello de Abegondo ten aprobado pola Comisión Europea un **Proxecto LIFE+**: “Xestión Integrada dos Recursos Hídricos e a súa Aplicación no Planeamento Local do L.I.C. Abegondo - Cecebre”. Dito proxecto conta cun orzamento total de 987.564€ e cun financiamento da Comisión Europea de 330.304,00€. As accións pertinentes desenvolveranse entre 2009 e 2011 e permitirán afondar no desenvolvemento da Directiva Marco da Auga na cunca do Mero-Barcés, mellorando a xestión dos recursos hídricos e o goberno, trasladando todo isto á cidadanía.

En canto á posta en valor das concas fluviais do Mandeo-Mendo, a Deputación da Coruña ten elaborado o **Proxecto Mandeo (2007-2010)**, que abarca a todos os municipios da conca do río. O obxectivo de dito proxecto é potenciar o desenvolvemento sostible do territorio a partir da valorización do recurso da auga. Neste proxecto a AUGA é o elemento a potenciar, dinamizador e de cohesión do territorio. Algúns dos obxectivos que persegue o Proxecto Mandeo son: a recuperación ambiental do ecosistema fluvial seguindo a Directiva Marco da Auga, así como crear emprazamentos fluviais con fins culturais e recreativos que axuden á creación de riqueza no territorio en canto a calidade, goce e potenciación turística. Tamén incorporará criterios medio ambientais na planificación local, tratando de impoñer un alto nivel de protección ambiental na xestión da auga.

Dende o “**Consortio das Mariñas**”, entidade local que conforman os concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, estase a levar a cabo a posta en marcha dunha Axenda 21, na que participan a Asociación Terra das Mariñas e a Consellería do Medio Ambiente. As actuacións que se levan a cabo encádranse en dúas liñas; a primeira está encamiñada a unha auditoría ambiental, mentres que unha segunda liña orientase cara á animación e sensibilización para a posta en marcha de dita Axenda. Este proxecto preséntase como un proceso aberto e participativo, promovido polas entidades locais, dirixido a mellorar a calidade de vida dos cidadáns, comprometéndose a actuar cara a unha mellora ambiental, social e económica do territorio.

A Axenda 21 estase levando a cabo tamén nos concellos de Cabanas e Pontedeume, Cabana e os seu procesos están en distintos graos de execución.

### **1.1.7.3. PROBLEMAS MEDIO AMBIENTAIS DETECTADOS**

Os problemas detectados de contaminación están relacionados con vertidos en diferentes puntos das rías e dos ríos que desembocan do Golfo Ártabro. Estes vertidos débense por unha banda ó deficiente estado da redes de saneamento, a non conexión de tramos da rede de saneamento á rede xeral dos concellos e ó vertido directo a cauces dos ríos, das rías ou á costa, por parte de empresas e urbanizacións.

As confrarías e axentes medioambientais do territorio denunciaron vertidos de augas residuais e de empresas en diversos puntos do territorio do Golfo Ártabro.

Entre as denuncias destacan as relacionadas con vertidos en diversos puntos da Ría do Burgo. Esta ría está clasificada Zona C e non se pode mariscar.

No río Mandeo e na súa desembocadura existe varios puntos de vertidos temporais que contaminan o tramo baixo do río e a ría en diversos puntos. Nesta ría hai zonas clasificadas C onde non se pode mariscar por contaminación por augas fecais.

No Concello de Miño existen vertidos temporais no río Baxoi por mor das obras dunha urbanización, que contaminan con sedimentos o cauce do río.

Na desembocadura do río Eume na ría de Pontedeume, existen tamén vertidos de augas fecais a ría pola deficiente rede de saneamento. Hai zonas marisqueiras clasificada como Zona C e non se pode marisquear.

Na ría de Ferrol existen vertidos de augas fecais provintes da deficiente rede de saneamento existente, así como vertidos ocasionais de empresas ubicadas nesta zona. Estes problemas engádense á dificultade que ten a ría de autolimpase debido ós escombros da Ponte das Pias que non foron recollidos cando foi o accidente da plataforma petrolífera “Enterprise” e fan de barreira artificial que impide o saneamento da “natural” da ría. Nesta ría existen zonas clasificadas zona C onde non se pode mariscar.

Outro problema detectado é o desembalse dos encoros das centrais hidroeléctricas, que elevan o caudal habitual dos ríos e producen a mortalidade do marisco. O proxecto de rexeneración de praias onde existe zonas marisqueiras que poden perderse por esta actuación, tamén se comentou nas reunións, así como as avenidas tras incendios forestais.

Outras debilidades detectadas no territorio son:

- Baixa concienciación medioambiental respecto á sostenibilidade no uso da auga, de cidadáns e empresas.
- Falla de coordinación entre administración local e axentes sociais sobre a posta en valor dos espazos naturais.
- Inexistencia de Plans Xerais de Ordenación do territorio.
- Falla de saneamento nos núcleos pequenos, o que implica contaminación das rías

Como conclusión deste apartado subliñar a necesidade dun estudio pormenorizado dos puntos de vertidos no territorio do Golfo Ártabro, co obxectivo de realizar un plan de erradicación destes puntos e mellorar con elo a calidade das augas fluviais e costeiras do territorio.



Seixo Branco



Faro de Mera



Castelo de Santa Cruz





Ponte do Pedrido

## 1.2. ANÁLISES DAFO

### 1.2.1. DAFO Económico e do sector do mar.

DEBILIDADES	AMEAZAS
<p><b>Transporte</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Insostibilidade do transporte público. Desaproveitamento do ferrocarril e transporte marítimo.</li> </ul> <p><b>Economía e Tecido empresarial</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Desigualdade no nivel de renda bruta disponible entre a poboación.</li> <li>• Parques empresariais sen capacidade</li> <li>• Falla de servizos de aconsellamento a emprendedores e sobre innovación ás empresas.</li> <li>• Empresas de reducida dimensión incapaces planificar estratéxicamente, baixa cultura da innovación e da calidade e escasas relacións de cooperación entre empresarios.</li> <li>• Falla de axentes “tractores” para a innovación e o desenvolvemento económico.</li> </ul> <p><b>Turismo</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Falla de coordinación turística entre territorios e oferta turística desartellada.</li> <li>• Forte estacionalidade da demanda turística e falla de servizos complementarios de ocio.</li> <li>• Visións localistas e falla de cooperación.</li> <li>• Baixa calidade-modernización e formación no sector hosteleiro.</li> <li>• Beleza das rías e das Zonas Natura 2000</li> </ul> <p><b>Sector do mar</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elevada taxa de desemprego xuvenil e feminino.</li> <li>• Envellecemento de activos e estruturas obsoletas.</li> <li>• Dificultade para comercializar produtos do mar (baixo precio de venda).</li> <li>• Existencia de furtivismo.</li> <li>• Poucos produtos certificados de calidade.</li> <li>• Baixo grao de diversificación do sector e baixa innovación</li> <li>• Dificultade para acceder á formación no sector pesqueiro.</li> <li>• Pouca valorización do traballo no sector do mar.</li> </ul>	<p><b>Economía e Tecido empresarial</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia de territorios máis innovadores que poden supoñer a perda de competitividade xeral do territorio e as súas empresas.</li> <li>• Forte presión do urbanismo sobre a costa.</li> <li>• Situación económica actual de crise.</li> <li>• Diminución progresiva de recursos financeiros para Galicia da Política Rexional da UE.</li> <li>•</li> </ul> <p><b>Turismo</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Falla de conciencia pública do valor do turismo.</li> <li>• Competencia con destinos turísticos máis consolidados (Coruña, Camiño Francés, turismo de balneario, turismo de interior).</li> </ul> <p><b>Sector do mar</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Auxe da pesca deportiva pode facer perigar os recursos marítimos.</li> <li>• Crises do sector pesqueiro e incertidumbre sobre a súa evolución futura.</li> <li>• Incremento dos custes de produción.</li> <li>• Falla de normas e metodoloxías orientadas á xestión costeira.</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p><b>Economía e Tecido empresarial</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Proximidade a “Centros de innovación” (universidades, etc).</li> <li>• Existencia dun sector da poboación con experiencia no traballo industrial, que conta cun apreciable grao de cualificación profesional.</li> <li>• Ampla base de recursos endóxenos con potencial productivo.</li> <li>• Presenza de grupos industriais fortes e en expansión.</li> </ul> <p><b>Turismo</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia de importantes elementos de interese turístico (patrimonio, natural, etnográfico, inmaterial, gastronómico, patrimonio mariñeiro, etc.)</li> <li>• Calidade dos recursos endóxenos.</li> <li>• En marcha 2 Plans de Dinamización no territorio e 3 Grupos LEADER.</li> </ul> <p><b>Sector do mar</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia de varios portos pesqueiros con actividades.</li> <li>• Existencia de actividades mariñeiras, marisqueiras e acuícolas con tirón turístico.</li> <li>• A lonxa de Sada entre as 9 máis grandes de Galicia.</li> <li>• Existencia de pobos mariñeiros de interese turístico.</li> <li>• Sector motivado de cara ó cambio e á innovación.</li> <li>• Saber facer mariñeiro.</li> <li>• Existencia de Confrarías e liderazgo no proceso</li> </ul>	<p><b>Economía e Tecido empresarial</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia de programas Galescolas, Centros de día Maiores, etc; para poder conciliar traballo e familia.</li> <li>• En marcha o Porto Exterior de Ferrol e porto Exterior de A Coruña, como revulsivo para re-definir o modelo de desenvolvemento económico</li> <li>• Incorporación da muller ó mercado de traballo.</li> <li>• Axudas como INCITE, para “activar” a innovación.</li> <li>• Existencia de plataformas tecnolóxicas galegas e do Sistema Galego de I+D.</li> </ul> <p><b>Turismo</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia de A Coruña como produto turístico consolidado de cara a aproveitar o territorio do Golfo Ártabro para complementalo.</li> <li>• Vontade política de cooperar entre entidades.</li> <li>• O ferrocarril como produto turístico e auxe de aeroliñas de baixo custe para vender paquetes turísticos do territorio.</li> <li>• Existencia de solo industrial coa implantación de novos polígonos.</li> <li>• Crecemento da demanda de portos deportivos e do turismo náutico.</li> <li>• Visión pro-activa do sector do mar.</li> </ul>

## 1.2.2. DAFO Social

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desequilibrio territorial entre concellos que perden poboación e dinamismo e outros que non.</li> <li>• Elevada dispersión da poboación o que eleva o custo dos servizos.</li> <li>• Elevado peso relativo da poboación dependente, sobre todo en mulleres nas áreas máis rurais</li> <li>• Tecido social débil e desartellado.</li> <li>• Deficiencias nas vías de comunicación intraterritoriais.</li> <li>• Escasez de escolas infantís ou garderías, así como de centros de día ou xeriátricos.</li> <li>• Existencia de barreras arquitectónicas.</li> <li>• Insuficiencia de implantación das novas tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>• Inexistencia de Plans Xerais de Ordenación vixentes.</li> <li>• Desartellamento do sector do mar. Falta de cooperación.</li> <li>• Pouco coñecemento do mundo do mar por parte da sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tendencia ó despoboamento e envellecemento do rural.</li> <li>• Incremento xeralizado da poboación dependente.</li> <li>• Existencia de varias Asociacións de desenvolvemento rural consolidadas, representativas e con experiencia na xestión e execución de programas de desenvolvemento.</li> <li>• Crise económica xeralizada e risco de peche de moitas empresas.</li> <li>• Incremento do desemprego.</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia de persoas novas e ben formadas.</li> <li>• Territorio atractivo para vivir e traballar.</li> <li>• Localización estratéxica do territorio, nas proximidades de dúas das principais rexións urbanas de Galicia (Ferrolterra e A Coruña) conectado por estrada coas cidades do Eixo Atlántico así como co resto da Península,</li> <li>• Proximidade ós aeroportos. Melloras previstas, xa aprobadas doutras vías de comunicación.</li> <li>• Existencia de axentes do sector implicados (CETMAR, Instituto de Estudos Marítimos e Pesqueiros, etc)</li> <li>• Ilusión fronte a un novo proxecto de desenvolvemento do litoral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Chegada de inmigrantes ós concellos mais dinámicos.</li> <li>• Demanda social de espazos naturais.</li> <li>• Crecente interés da poboación dos países europeos polo turismo temático, cultural e de natureza.</li> <li>• Demanda social de produtos de calidade e comercializados en circuitos curtos, maior formación do consumidor.</li> <li>• Novas posibilidades de transformación e comercialización dos produtos pesqueiros.</li> <li>• Programas de I+D+i para fomentar a innovación.</li> </ul>

### 1.2.3. DAFO Ambiental

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Problemas ambientais derivados da deficiente rede de transporte.</li> <li>• Contaminación dos aquíferos e dos ríos conseguintemente das rías</li> <li>• Baixa conciencia medioambiental respecto á sustentabilidade no uso da auga, de cidadáns e empresas.</li> <li>• Baixo coñecemento científico do medio natural e litoral do territorio.</li> <li>• Mal estado de conservación dalgúns espazos de interese natural.</li> <li>• Existencia de espazos naturais de interese e fragilidade, carentes de protección. Falla de inventario.</li> <li>• Falla de coordinación entre administración local e axentes sociais sobre a conservación do medio</li> <li>• Falla de plans de xestión dos LIC's e inexistencia de Plans Xerais de Ordenación vixentes.</li> <li>• Falla de saneamento nos núcleos pequenos que implica contaminación. Existencia de vertidos.</li> <li>• Perda continua de biodiversidade terrestre e mariña.</li> <li>• Falla de saneamento nos núcleos pequenos que implica contaminación das rías</li> <li>• Baixas taxas de depuración de augas residuais e de recollida selectiva de residuos.</li> <li>• Falla visión sistémica do territorio e o litoral e falla de coñecemento científico das súas dinámicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Forte presión do urbanismo sobre o territorio.</li> <li>• Proxectos de grandes infraestruturas que poden xerar impactos ambientais (porto exterior, AVE, Vía Ártabra, Terceira Ronda, etc.)</li> <li>• Especies endémicas do territorio en perigo de extinción.</li> <li>• Riscos sobre explotación do territorio costeiro.</li> <li>• Ameazas sobre espazos naturais especialmente sensibles.</li> <li>• Proxectos de grandes infraestruturas que poden xerar impactos ambientais (porto exterior, AVE, Vía Ártabra, Terceira Ronda, etc.)</li> <li>• Posibles conflitos sociais polo uso do territorio e dos recursos (falla de xestión en cuncas hidrográficas, e rías), e falla de conciencia sobre a importancia da AUGA e a súa visión sistémica.</li> <li>• Presión excesiva sobre os recursos do mar.</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Zonas de elevado interese ecolóxico, como humedais estuarios da costa (desembocadura Mandeo-Mero, Lambre e Baxoi), e humedais continentais na conca do río Deo, Mandeo e Mendo, zonas costeiras.</li> <li>• Riqueza paisaxística, natural e cultural.</li> <li>• Amplo tecido social interesado no medio ambiente.</li> <li>• Existencia de espazos incluídos na Rede Natura 2000.</li> <li>• En marcha proceso de implantación de Axendas 21 no territorio.</li> <li>• Existencia de centros temáticos de divulgación ambiental (aulas natureza, centros interpretación, aula do mar...).</li> <li>• Localización do CEIDA no territorio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia de Fondos Europeos para proxectos relacionados co medio ambiente. Programa Mandeo (2008-2013) na conca do Mandeo e LIFE+ (2009-2011) na conca do Mero.</li> <li>• Visión do medio natural como elemento con gran potencial turístico e de ocio.</li> <li>• Futura ampliación da Rede Natura 2000</li> <li>• Estratexias europeas para invertir o cambio climático e fomentar o desenvolvemento sostible.</li> <li>• Entrada en funcionamento do novo Plan de Resíduos Sólidos Urbáns de Galicia.</li> <li>• Posta en marcha das reservas mariñeiras noutros territorios como experiencias a seguir.</li> <li>• Entrada en vigor da Directiva Marco da Auga como acicate para mellorar a xestión de recursos hídricos.</li> <li>• Preocupación Europea pola xestión do litoral.</li> </ul>

## 2. ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO G.A.C. “GOLFO ÁRTABRO”: XESTIÓN INTEGRADA DAS ZONAS COSTEIRAS (XIZC)

*Un proceso dinámico de planificación, xestión e desenvolvemento sostible do litoral, que integra e estrutura a acción de todos os axentes que interveñen nese proceso.*

### 2.1. INTRODUCCIÓN.

A UE recoñeceu a importancia das zonas costeiras como "soporte de poboación, actividades produtivas, diversidade biolóxica e fonte de recursos para todos os Estados membros". No caso concreto de España, a costa supón o patrimonio natural que maiores riquezas aporta á economía nacional, concretamente o turismo, derivado nun alto porcentaxe do coñecido "sol e praia", supón o 11% do Produto Interior Bruto, sendo a actividade que máis aporta ó PIB nacional.

En Galicia o sector do mar é un dos primeiros axentes da economía galega. No ano 2004 a cifra de negocio deste sector superou a barreira dos 1.000 millóns de euros. Ademais da facturación directa esta actividade estimula o funcionamento doutros moitos axentes económicos en Galicia. De feito, do sector pesqueiro galego dependen non só máis de 25.700 mariñeiros, acuicultores e mariscadores-as que faenan habitualmente, senón tamén persoas en actividades como a industria conserveira, os estaleiros ou o comercio. O sector pesqueiro, engloba todas as actividades relacionadas cá pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura. Estas actividades supoñen o 1,98% do PIB galego.

A importancia e o interese polo mar, a costa e o litoral refléxase nos impactos que está a sufrir nos últimos anos; actualmente o metro cadrado de costa é moi valioso para intereses privados de promotores, hoteleiros, industriais e das propias administracións. Segundo diversos expertos, as tres causas principais de destrución das costas son o urbanismo, xa que se constrúen sobre praias, dunas, humedais, etc., todo tipo de edificacións, campos de golf, paseos marítimos, etc, as presas nos ríos que reducen o aporte de sedimentos ó mar e, por último, os portos que alteran o equilibrio das correntes e sedimentación da liña costeira.

Segundo un recente estudio realizado polo Instituto Mundial de Recursos (WRI), na actualidade, preto do 30% do territorio adxacente ós ecosistemas costeiros do mundo foi alterado ou destruído debido principalmente á crecente demanda por terreos que logo son

destinados á construción de casas, á industria e ó recreo (Revista Ambientum, Ed. Abril 2004.- Aguas)

Finalmente, todas estas agresións se manifestan de diversas formas, sendo as máis comúns a *erosión costeira*, motivada por construír sen ter en conta os procesos e a dinámica da costa, *destrucción do hábitat e a biodiversidade*, como consecuencia dunha construción e ordenación territorial pouco planificadas ou da explotación masiva do mar, *contaminación do chan e dos recursos hídricos* por moi diversos vertidos industriais e urbanos e, por último, a *deficiencia na calidade e cantidade de auga potable dispoñible*, motivada polo aumento das poboacións costeiras e o deterioro dos acuíferos.

Para loitar contra estas situacións tan complexas non existe actualmente ningunha solución legislativa específica. Ata a data, as solucións técnicas, xurídicas e/ou administrativas aportadas polas distintas administracións nacionais, rexionais e/ou locais non deixaron de ser correccións a situacións puntuais, baseadas nas condicións físicas, económicas, culturais e institucionais de cada lugar e do problema en cuestión.

Esta situación desembocou, dentro do ámbito da unión Europea, na necesidade de definir estratexias baseadas en principios de actuación comúns destinadas á aplicación de **políticas de xestión sostible e integrada das costas**. Estas políticas se xustifican por tres razóns principais: a interrelación entre distintos Estados membros por un mesmo problema que debe ser solucionado por todos eles; a necesidade dun intercambio de experiencias e coñecementos na solución de problemas comúns; e a influencia das políticas e actuacións da Unión Europea no desenvolvemento das zonas costeiras.

Segundo os acordos internacionais do Mandato de Yakarta sobre Biodiversidade mariña e costeira, en virtude do Convenio sobre Biodiversidade Biolóxica e do Código de Conducta para a Pesca Responsable, a **Estratexía Europea** consistirá en guiar e orientar ós Estados membros en materia de xestión integrada das zonas costeiras (GZIC), a escala local, rexional e nacional, sendo os principais obxectivos "coordinar as diferentes políticas que inflúen sobre as rexións costeiras da UE, planificar e xestionar os recursos e espazos costeiros e protexer os ecosistemas naturais, incrementar o benestar social e económico das rexións costeiras e desenvolver o seu potencial".

Dentro destas políticas de **Xestión Integrada de Zonas Costeiras (XIZC)**, que se perfilan actualmente como ferramenta clave destinada a fomentar o desenvolvemento sostible destas zonas, realizáronse, dende o ano 1996 diversas actuacións desde todos os niveis e ámbitos de decisión, destacando estudos sobre o estado das costas, diagnoses sobre a súa potencialidade económica e ecolóxica, análise normativos, e posta en marcha de experiencias piloto.

Concretamente, a estratexia comunitaria de GIZC formula unha serie de accións concretas para cada unha das áreas de actuación local, rexional, nacional e comunitario, baseadas nos instrumentos, programas e recursos existentes, mellorando o seu uso mediante unha maior coordinación e adecuación.

A aplicación destas accións baseáse no uso de medidas xurídicas, instrumentos económicos, acordos voluntarios, subministración de información, solucións tecnolóxicas, investigación e educación; caracterizado pola existencia dunha serie de profesionais e voluntarios especializados nestes distintos campos co obxectivo común de aportar as mellores solucións e axudar ós distintos entes na posta en marcha e mantemento da XIZC.

Os últimos grandes avances nesta materia se realizaron no ano 2002, auspiciados por España no marco da súa presidencia da Unión Europea.

Concretamente celebrouse o primeiro "Foro Europeo sobre Estratexias para a Xestión Integrada de Zonas Costeiras" e realizouse o "Diagnóstico do estado de desenvolvemento das estratexias de XIZC na Unión Europea e no ámbito extracomunitario", unha "Análise da información proveniente dos convenios e programas dos distintos mares rexionais" e diversos "Informes nacionais de situación". Todo elo realizouse co obxectivo de crear un foro de encontro e diálogo internacional en materia de XIZC, fomentar a elaboración de inventarios e estratexias nacionais de XIZC, promover o desenvolvemento e a aplicación de boas prácticas en materia de xestión integrada de costas e xerar e distribuír a información necesaria sobre as zonas costeiras:

[http://www.mma.es/secciones/acm/aguas\\_marinas\\_litoral/medio\\_marino/gizc/index.htm](http://www.mma.es/secciones/acm/aguas_marinas_litoral/medio_marino/gizc/index.htm)

A pesar de todo, as solucións a determinados problemas son realmente complexos; os efectos dos grandes portos, as verteduras ó mar, os espazos naturais degradados ou eliminados, etc., son cuestións paralelas co desenvolvemento económico e social e, son aspectos que cada día afectan en maior medida ó entorno.

No gráfico seguinte se recollen os principais problemas (en cor amarelo) identificados polos xestores e actores das zonas costeiras. En azul recóllense posibles solucións.

En : <http://www.unesco.org.uy/mab/documentospdf/ecoplata-plantrab2006-09.pdf>




Figura 2.- Lista de problemas percibidos por gestores y actores vinculados a la zona costera. Fuente: Marco Lógico, Modificado González 2005.



**A Unión Europea ten elaborado a través do Parlamento Europeo e do Consello unha Recomendación, do 30 de maio de 2002, sobre a aplicación da Xestión Integrada das Zonas Costeiras en Europa.**

Nesta Recomendación se definen uns principios para a formulación de estratéxias para unha Xestión Integrada das Zonas Costeiras. Estas bases de aplicación son as seguintes:

- a) Unha perspectiva ampla e global (temática e xeográfica) que tome en conta a interdependencia e disparidade dos sistemas naturais e as actividades humanas que teñan incidencias nas zonas costeiras.
- b) Unha perspectiva a longo prazo que teña en conta o principio de cautela e as necesidades das xeracións actuais e futuras.
- c) Unha xestión modulada nun proceso gradual que facilite as adaptacións segundo xurdan problemas e evolucionen os coñecementos. Iso esixe unha sólida base científica relativa á evolución das zonas costeiras.
- d) Terá que considerar as características locais e a grande diversidade das zonas costeiras de Europa, de forma que poida responder ás súas necesidades prácticas con solucións específicas e medidas flexibles.
- e) Un traballo en sintonía cos procesos naturais e que respecte a capacidade de carga dos ecosistemas, co cal as actividades humanas serán máis respectuosas co medio e máis responsables socialmente dende o punto de vista económico, a longo prazo.
- f) A participación de todas as partes interesadas (interlocutores económicos e sociais, organizacións representativas dos residentes das zonas costeiras, as organizacións non gobernamentais e o sector empresarial) no proceso de xestión, por exemplo mediante acordos e segundo o principio de responsabilidade compartida.
- g) O apoio e a participación de todas as instancias administrativas competentes a escala nacional, rexional e local. Para establecer cales convirá manter os vínculos axeitados para mellorar a coordinación das distintas políticas existentes. Segundo corresponda,

deberíase proceder a establecer asociacións coas autoridades rexionais e locais ou entre estas.

- h) Aplicar unha combinación de instrumentos destinados a facilitar a coherencia entre os obxectivos da política sectorial e entre a ordenación e a xestión.

A efectos prácticos, a Xestión Integrada da Zona Costeira se constitúe como unha iniciativa a longo prazo, tendente a fortalecer ós axentes que interveñen no proceso (administracións, comunidade científica, xestores, xente que vive do mar e público en xeral).

O desafío principal consiste en **conectar o coñecemento coa acción**, coa posta en marcha en paralelo de proxectos para a posta en valor dos recursos. Para elo, é primordial unha fase inicial de xeración de coñecemento que permita tomar decisións específicas para unha mellor xestión do espazo costero, ademais dun cambio cultural que implique un cambio nos comportamentos, todo isto tanto a nivel de autoridades como dos grupos sociais e económicos involucrados. O fin, será establecer un proceso interdisciplinario, interinstitucional e con participación pública, sobre a base da información compartida e con un propósito común.

## **2.2. OBXECTIVO XERAL E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

O GAC Golfo Ártabro e os axentes nel reunidos teñen manifestado o seu interese en promover o desenvolvemento social e produtivo do territorio, que na actualidade presenta grandes problemas e carencias.

O GAC Golfo Ártabro promoverá a posta en marcha dun modelo de Xestión Integrada da súa Zona Costeira (XIZC).

O GAC Golfo Ártabro promoverá un modelo de xestión participativo e adaptativo baseado na investigación científica e a capacitación das institucións e os actores locais para facer uso do coñecemento no deseño e aplicación de proxectos de posta en valor dos recursos.

O GAC Golfo Ártabro promoverá a xeración e o uso do coñecemento como instrumento do proceso de toma de decisións sobre a xestión costeira. Se desenvolverán actividades para identificar os principais riscos de degradación dos ecosistemas costeiros, incluíndo a contaminación e a vulnerabilidade fronte a factores climáticos e antrópicos. Se promoverá a identificación dos focos de contaminación ambiental e as áreas máis vulnerables.

O GAC Golfo Ártabro involucrará, animará e apoiará a busca de solucións creativas e prácticas. Estas tarefas inclúen levar a cabo e apoiar economicamente accións que impulsen o desenvolvemento social e produtivo baseado na sustentabilidade dos recursos naturais e na protección do ambiente, prestando especial atención ós recursos ligados ó medio litoral.

O GAC Golfo Ártabro desenvolverá unha estratexia de comunicación e divulgación dos seus proxectos e resultados e da labor da súa equipa de traballo, dirixida principalmente á sociedade civil, ó sector e ás distintas administracións con competencias ambientais e marítimas.

O GAC Golfo Ártabro avanzará na análise, recomendación e promoción dun modelo de gobernanza que permita o funcionamento dunha estrutura de toma de decisións nos asuntos costeiros, coa participación da comunidade e dispoñendo de información para apoiar a toma de decisións.

O GAC Golfo Ártabro apoiará ás comunidades máis ligadas coa actividade do mar na consolidación de procesos de autoxestión, promovendo estratexias produtivas co menor impacto ambiental ou degradación dos recursos costeiros.

O GAC Golfo Ártabro contribuirá a avaliar a situación das infraestructuras existentes na costa e dos proxectos de infraestructuras, indicando o seu potencial impacto no medio ambiente, o seu efecto nos recursos naturais costeiros e a vulnerabilidade da zona costeira. Analizará ademais a necesidade da infraestructura mínima necesaria para as actividades produtivas a efectos de promover o desenvolvemento co mínimo impacto ambiental.

O GAC Golfo Ártabro orientará o desenvolvemento de ferramentas que contribúan á toma de decisións a través dun uso axeitado da información socio-económica e ambiental, a través da xeneración dun Sistema de Información Ambiental Costeira (SIAC).

O GAC Golfo Ártabro participará activamente na ordenación, conservación e posta en valor do litoral, con actuacións entre outras, que puidesen derivar na declaración de áreas mariñas protexidas.

O GAC Golfo Ártabro propiciará a consecución de novos programas e fondos para o desenvolvemento de todos este obxectivos e actuacións.

**En base a todo isto, o GAC GOLFO ÁRTABRO ten formulado o seguinte obxectivo:**

**O OBXECTIVO XERAL DO GAC GOLFO ÁRTABRO SERÁ**


**ASEGURAR A SOSTENIBILIDADE DO LITORAL NO GOLFO ÁRTABRO**

En base a este obxectivo xeral, se plantexan os seguintes OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- ✖ ASEGURAR A SOSTIBILIDADE SOCIAL**
- ✖ ASEGURAR A SOSTIBILIDADE ECONÓMICA**
- ✖ ASEGURAR A SOSTIBILIDADE AMBIENTAL**

A estratexia de actuación será a “ferramenta” que utilice o GAC Golfo Ártabro para acadar os seus obxectivos. A base da estratexia será:

**INICIAR UN PROCESO DE  
XESTIÓN INTEGRAL DA ZONA COSTEIRA  
DO GOLFO ÁRTABRO (XIZC)**



\*1. Porcentaxe fondos públicos do Programa

### **2.3. ACTUACIÓNS PREVISTAS PARA CADA EIXO**

A continuación se recollen diferentes liñas de axuda para cada un dos eixos verticais do Programa. Todos os proxectos que sexan apoiados economicamente deberían ter en conta os eixos horizontais (fomento das novas tecnoloxías; igualdade de oportunidades e cooperación/participación). Especialmente todos os proxectos subvencionados deberán cumprir a normativa de accesibilidade.

Se recollen para estes eixos horizontais algunha ficha con medidas específicas con cargo a estes eixos.

A posta en marcha dun proceso de Xestión Integral da Zona Costeira (XIZC), e todas as actividades que implica, realizáranse con cargo ó 10% de fondos para Animación e Sensibilización, mediante a contratación de persoal específico e outros gastos de difusión (ver apartado xestión do Programa).

Este equipo técnico será o encargado de deseñar programas para mobilizar novos recursos económicos para aplicar a estratexia (Programas LIFE, INTERREG, etc.)

#### **EIXO I: FOMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO**

Neste eixo pretendese apoiar proxectos dirixidos a fomentar a competitividade do sector pesqueiro mediante medidas de mellora da comercialización, a valorización dos produtos do mar en base a diferenciación e a calidade. Tamén se traballará na seguridade alimentaria e na trazabilidade dos produtos, na formación e capacitación dos axentes do mar e o impulso do I+D+i no sector entre outras actividades. Teráanse en conta a igualdade de oportunidades nos proxectos e solucións para aquelas persoas que teñan algúnha discapacidade.

Accións
Creación, mellora, ampliación e modernización, de empresas de extracción, cultivo e comercialización de produtos do mar.
Mellora da comercialización dos produtos das rías
Implantación da normativa de calidade nos produtos do mar. Mellora da seguridade alimentaria e da calidade. Trazabilidade, certificación de calidade.
Mellora da competitividade do sector acuícola e marisqueiro mediante a formación e incremento do valor engadido das producións e xurdimento de novas producións
Introducción de métodos para a retirada, tratamento ou valorización de residuos e descartes nas empresas transformadoras
Apoio a diferenciación e promoción mediante marcas de calidade dos produtos do mar
Deseñar imaxe do territorio para mellorar a comercialización dos produtos do mar
Desenvolvemento de novas producións do mar mediante o impulso do I+D+i
Seminarios de formación e capacitación para axentes do sector
Fomento de medidas de cooperación inter e intrasectoriais para reforzar o capital social do territorio
Aplicación de Novas Tecnoloxías para o control do furtivismo
Estudio de posibilidades de negocio no exterior (Acuicultura, Marisqueo, Pesca)

## **EIXO II: PROMOCIÓN ECONÓMICA E FOMENTO DA DIVERSIFICACIÓN**

Apoiarase economicamente o xurdimento de proxectos que diversifiquen a economía pesqueira, en ámbitos relacionados co sector.

As medidas de promoción económica e fomento da diversificación parten da busca de actividades alternativas para o sector nos ámbitos do turismo, a hostalería.

Por outra banda, buscarase mellorar a calidade da hostalería no territorio e acondicionamento de infraestructuras para persoas de mobilidade reducida. Primarase a igualdade de oportunidades nestes proxectos, así como a incorporación das novas tecnoloxías e o xurdimento de proxectos coordinados entre varios axentes.

Accións
Posta en marcha de actividades hostaleiras por Confrarías
Promoción e diversificación do traballo das redeiras. Fomento da artesanía
Creación, ampliación e mellora de empresas de servizos de ocio e turísticos
Mellora da calidade na hostalería e fomento do coñecemento do mundo mar
Fomento do Turismo mariñeiro e de litoral
Fomento das actividades náuticas sostibles
Fomento do consumo de produtos do mar como alimento. Investigación para outros usos
Creación de Aulas temáticas do mar polas confrarías
Valorización da Cultura Mariñeira inmaterial
Organización de eventos deportivos relacionados co mar, co fin de difundir e promocionar o territorio.
Recuperación e tematización de roteiros do litoral e do patrimonio histórico, cultural, material e inmaterial relacionado co mar
Mellora e acondicionamento de infraestructuras e equipamentos para uso turístico, adaptadas a persoas de mobilidade reducida.

### **EIXO III: MELLORA DO CONTORNO NATURAL E A CALIDADE AMBIENTAL**

Este eixo ten grande importancia no GAC. As Confrarías, institucións, e todos os axentes en xeral, amosaron a necesidade de traballar para mellorar o medioambiente.

A situación dos espazos naturais non é como debería. Dende o GAC amosase importante para o equilibrio ecolóxico das rías a eliminación dos problemas de vertidos e contaminación existentes, a mellora da calidade das augas dos ríos das conchas hidrográficas do Golfo Artabro e o saneamento das rías.

Apoiaranse tamén actuacións para mellorar os espazos naturais protexidos e aqueles de interese.



Os proxectos que se inclúan no resto de eixos, especialmente o I e II, deberán respectar os valores ambientais.

Accións
Mellora ambiental e valorización de Zonas na Rede Natura 2000 e outras de intereses natural
Valorización dos ecosistemas mariños
Recuperación e rehabilitación de zonas ambientalmente degradadas. Recuperación de habitats

#### **EIXO IV: PROMOCIÓN DA COHESIÓN SOCIAL**

Respecto a promoción da cohesión social amosase necesario dende o GAC a recuperación e rehabilitación dos pobos mariñeiros e barrios mariñeiros que existen no territorio, como elemento primordial da mellora da calidade de vida.

En todos os proxectos auxiliados dende o GAC se valorará a contribución destes, á promoción da cohesión social.

Accións
Recuperación e Rehabilitación de Pobos mariñeiros do Golfo Artabro

#### **EIXOS HORIZONTAIS:**

Os obxectivos dos eixos horizontais deberán incorporarse nos proxectos subvencionados a través dos eixos verticais (I, II, III, e IV). Así a todo, desenvolveranse liñas específicas par estes eixos horizontais.

#### **EIXO V: FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS**

Fomentar as novas tecnoloxías e a redución da factura enerxética son as accións que o GAC tratará como prioritarias nestes eixe.

Se valora positivamente a incorporación das novas tecnoloxías en todos os proxectos auxiliados polo GAC.

<b>Accións</b>
Fomento da incorporación das novas tecnoloxías no sector
Aplicación das novas tecnoloxías para a redución da factura enerxética. Fomento de enerxías renovables

## **EIXO VI: FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES**

Desenvolveranse dúas liñas específicas para o fomento da igualdade de oportunidades no Programa.

<b>Accións</b>
Fomento de actividades empresariais que sirvan para mellorar a empregabilidade da muller
Actuacións non produtivas para o fomento da incorporación dos colectivos de difícil inserción no mundo laboral

Todos os proxectos auxiliados polo GAC deberán cumprir as normas de accesibilidade para discapacitados.

## **EIXO VII: FOMENTO DA COOPERACIÓN E DA PARTICIPACIÓN**

A cooperación con outros axentes amosase como un dos principios polo que o GAC e as entidades nel asociadas se rexirán para ampliar o saber hacer (ou Know How) e con elo, se realizarán convenios de colaboración e proxectos para mellorar e conseguir a sostibilidade social, ambiental e económica do territorio.

Cooperación e participación son tamén dous dos pilares sobre os que se asenta a metodoloxía de xestión integrada de zonas costeiras (X.I.Z.C.)

<b>Accións</b>
Establecemento de Redes de Cooperación con outros G.A.C, Comunidades Pesqueiras e outros territorios
Cooperación con terceiros países para capacitar en pesca, marisqueo e acuicultura
Fomento de instrumentos de información, asesoramento e formación
Xornadas de intercambio cos centros de investigación Rexionais, Nacionais e Internacionais

## **EIXO 1**

# **FORTALECIMENTO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR PESQUEIRO**

## GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA "GOLFO ARTABRO"

### FICHA DE ACCIÓN

Nº 1

#### DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

Creación, mellora, ampliación e modernización de empresas de extracción, cultivo e comercialización de produtos do mar.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO

Sostibilidade Económica.

#### DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Axudas para a modernización de empresas adicadas á extracción, cultivo e comercialización de produtos do mar. Que non impliqu un aumento do esforzo pesqueiro.

#### CRONOGRAMA

2009-2012

#### LOCALIZACIÓN

Territorio do Golfo Ártabro

#### INDICADORES

Nº de especies recollidas  
Nº de quilos das diferentes especies recollidas  
Nº de quilos comercializados  
Volume anual de negocio (euros)  
Tipoloxía de produtos vendidos (Novidades)

Nº de empregos creados  
Nº de empresas modernizadas  
Nº de empresas creadas

#### EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

Fortalecemento de competitividade do sector pesqueiro (EIXO I)  
Fomento da igualdade de oportunidades.

#### PRESUPOSTO DA ACCIÓN

**498.314 € PROXECTOS PRODUTIVOS \***

\* O presuposto da acción é orientativo non se corresponde co plan financeiro aprobado

## GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA "GOLFO ARTABRO"

### FICHA DE ACCIÓN

Nº 2

#### DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

Mellora da comercialización dos produtos das rías.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO

Sostibilidade Económica.

#### DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Mellorar e unificar os sistemas de comercialización e loxística dos produtos do mar para aforrar custos.

Impulsar métodos de comercialización que eviten intermediarios (circuitos curtos) para que o produto vaia directamente do mar ó comprador último, introducindo a posibilidade de comercio electrónico.

#### CRONOGRAMA

2010-2011

#### LOCALIZACIÓN

En todo o territorio do Golfo Ártabro

#### INDICADORES

Nº de especies comercializadas.

Incremento prezo a produtores

Kg de produtos comercializados.

Nº canles abertas

Volume de negocio anual (euros)

#### EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro (EIXO I)

Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías.

#### PRESUPOSTO DA ACCIÓN

**175.559 € PROXECTOS PRODUTIVOS\***

\* O presuposto da acción é orientativo non se corresponde co plan financeiro aprobado

## GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA "GOLFO ARTABRO"

### FICHA DE ACCIÓN

Nº 3

#### DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

Implantación da normativa de calidade nos produtos do mar. Mellora da seguridade alimentaria e da calidade. Trazabilidade. Certificacións de Calidade.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO

Sostibilidade Económica

#### DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Axudas ás empresas para adecuarse ás esixencias das normativas de calidade. Sistemas de Trazabilidade de produtos. Certificación de calidade. Innovación tecnolóxica.

#### CRONOGRAMA

2011-2012

#### LOCALIZACIÓN

En todo o territorio do Golfo Ártabro

#### INDICADORES

Nº de empresas Certificadas  
Nº de producións con trazabilidade  
Nº de procesos certificados

#### EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro (EIXO I)  
Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías.

#### PRESUPOSTO DA ACCIÓN

**77.719 € PROXECTOS PRODUTIVOS\***

\* O presuposto da acción é orientativo non se corresponde co plan financeiro aprobado

## GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA "GOLFO ARTABRO"

### FICHA DE ACCIÓN

Nº 4

#### DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

Mellora da competitividade do sector acuícola e marisqueiro mediante a formación e incremento do valor engadido das produccions e xurdimento de novas produccions.

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO

Sostibilidade Económica

#### DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Mellorar a xestión e profesionalización do sector acuícola.  
Promocionar a comercialización de subproductos e elaborados e semi-preparados para o consumidor, e ampliar a diversificación das produccions.  
Peche ciclos produtivos.

#### CRONOGRAMA

2010-2013

#### LOCALIZACIÓN

Territorio do Golfo Ártabro

#### INDICADORES

Nº de profesionais formados  
Nº de novos produtos  
Nº de cursos impartidos

#### EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro (EIXO I).

#### PRESUPOSTO DA ACCIÓN

**114.292 € PROXECTOS PRODUTIVOS\***

\* O prosuposto da acción é orientativo non se corresponde co plan financeiro aprobado



## GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA "GOLFO ARTABRO"

### FICHA DE ACCIÓN

Nº 5

#### DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

Introdución de métodos para a retirada, tratamento ou valorización de residuos e descartes nas empresas transformadoras

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO

Sostibilidade Económica

#### DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Mellorar a xestión empresarial introducindo métodos novos para a retirada, tratamento e valorización de residuos, descartes e subproductos.

#### CRONOGRAMA

2010-2012

#### LOCALIZACIÓN

Territorio do Golfo Ártabro

#### INDICADORES

Nº de novos métodos introducidos  
Nº toneladas tratadas  
Novos productos

#### EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS

Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro (EIXO I).

#### PRESUPOSTO DA ACCIÓN

123.436 € PROXECTOS PRODUTIVOS\*

\* O presuposto da acción é orientativo non se corresponde co plan financeiro aprobado

**GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA “GOLFO ARTABRO”****FICHA DE ACCIÓN****Nº 6****DENOMINACIÓN DA ACCIÓN**

Apoio á diferenciación e promoción mediante marcas de calidade dos produtos do mar

**OBXECTIVO ESPECÍFICO**

Sostibilidade Económica

**DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN**

Apoiar á diferenciación dos produtos mediante marcas de calidade

**CRONOGRAMA**

2010-2013

**LOCALIZACIÓN**

Territorio do Golfo Ártabro

**INDICADORES**

Nº de campañas promocionais

Nº de novas marcas

**EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS**

Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro (EIXO I).

**PRESUPOSTO DA ACCIÓN****22.733 € PROXECTOS NON PRODUTIVOS\***

\* O presuposto da acción é orientativo non se corresponde co plan financeiro aprobado

## GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA "GOLFO ARTABRO"

### FICHA DE ACCIÓN

Nº 7

*A este respecto, o GAC Golfo Ártabro proporá a contratación dunha persoa para levar a xerencia do programa, así como outra persoa para desenvolver labores administrativas, como equipo técnico inicial desde o ano 2009.*

No segundo grupo, **Gastos de sensibilización e promoción**, comprenderán actos de publicidade e divulgación (publicacións, webs, xornadas informativas, seminarios, etc.), así como estudos técnicos e outras actividades que teñan como finalidade a difusión do PEZ. Inclúense outras actividades como o intercambio de experiencias e a formación.

*Sendo o pilar da estratexia do GAC GOLFO ÁRTABRO “Iniciar un proceso de Xestión Integral da Zona Costeira (XIZC)”, se contratarán dúas persoas con cargo a gastos de sensibilización e promoción, concretamente un Licenciado en Ciencias do Mar e un Técnico en Proxectos, para introducir a compoñente da participación e animación en todos os proxectos. Esta contratación realizarase a mediados do ano 2009.*

*O resto de fondos adicaránse a promoción dos recursos locais e difusión do proceso de XIZC.*

Xúntase a continuación a Ficha descritiva das accións a desenvolver polo persoal contratado dentro de Gastos de sensibilización e promoción.

## GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA “GOLFO ARTABRO”

### FICHA DE ACCIÓN

#### DENOMINACIÓN DA ACCIÓN

Xestión Integrada Zona Costeira “Golfo Artabro”

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO

Iniciar un proceso de Xestión Integral da Zona Costeira no Golfo Ártabro (XIZC).

#### DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN

Os procesos de Xestión Integral das Zonas Costeiras teñen o seu pilar de acción fundamentado nun profundo coñecemento científico e social das dinámicas do litoral, que permita tomar as decisión máis axeitadas ó respecto da posta en valor e conservación dos recursos, que permita dar a coñecer á sociedade a cultura mariñeira, e permita integrar a participación de todos os axentes interviñentes no territorio.

Por todo isto, o proceso de XIZC será o centro sobre o que pivotará a estratexia do GAC Golfo Ártabro. Para elo, será fundamental a especialización dos recursos humanos que participen no proceso. O GAC contratará a un técnico en participación e xestión de proxectos ademáis dun Licenciado en Ciencias do Mar.

As tarefas deste persoal técnico serán:

#### XENERAR INFORMACIÓN:

- Elaborar información científica sobre as dinámicas e funcionamento do litoral, e en concreto sobre os proxectos e aproveitamentos en marcha ou previstos.
- Elaboración dun Sistema de Información Xeográfico dos recursos mariños e dos ecosistemas.
- Estudio de base para o saneamento integral das rías que conforman o Golfo Artabro
- Inventario de todos os puntos de vertido directo á ría e elaboración dun plan de acción para erradicación destes puntos.

#### MELLORAR A TOMA DE DECISIÓNS E A XESTIÓN DOS RECURSOS

- Propoñer programas para unha mellor xestión do litoral. Coordinación interadministrativa.

#### CAPTAR FINANCIACIÓN EN BASE Ó COÑEMENTO CIENTÍFICO DOS PROBLEMAS:

- Elaboración de candidaturas para presentar proxectos a outros programas europeos (LIFE, INTEREG, etc.), que axuden a un saneamento e rexeneración integral da ría.
- Asesoramento a profesionais do sector para mellorar a sustentabilidade.
- Identificación novas liñas de negocio con base científica.
- Fomentar o I+D+i no sector

#### INTEGRAR A PARTICIPACIÓN NA XESTIÓN E TOMA DE DECISIÓNS:

- Creación, animación e dinamización da Mesa de Xestión Integrada do Litoral
- Identificar e propoñer áreas mariñas susceptibles de ser declaradas Reservas

Mariñas.  
**DIFUSIÓN E PROMOCIÓN**  
- Dar a coñecer a problemática, recursos e dinámicas do litoral ó público en xeral

### **CRONOGRAMA**

2009-2013

### **LOCALIZACIÓN**

O equipo de traballo terá a súa oficina na sede do GAC en Sada.

### **INDICADORES**

Capas de información no SIG. Número de entradas ó SIG desde web.  
Nº de puntos de vertido inventariados  
Nº de reunións da Mesa de Xestión do Litoral  
Nº participantes nas reunións da Mesa de Xestión do Litoral  
Nº documentos publicados e realizados. Número de monografías realizadas.  
Xornadas e seminarios de difusión dos recursos do territorio realizados. Nº de Asistentes  
Nº de cursos realizados polos técnicos do programa  
Nº de proxectos presentados a captación doutros fondos. Nº de proxectos aprobados.  
Euros mobilizados.  
Nº de asistencia técnicas especializadas contratadas  
% Fondos aportados polos axentes do territorio  
% Fondos cofinanciados por outros fondos  
Nº iniciativas de I+D+i asesoradas e postas en marcha

### **EIXES PRIORITARIOS SECTORIAIS**

Mellora do contorno natural e a calidade medioambiental.  
Fomento de cooperación e da participación

### **PRESUPOSTO DA ACCIÓN**

371.163,00 euros

CON CARGO A GASTOS DE SENSIBILIZACIÓN E PROMOCIÓN



### **3.3. SISTEMAS DE CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN.**

O control e seguimento do plan levará aparelado a elaboración dunha serie de indicadores que garantan unha correcta execución, segundo a planificación orzamentaria e financeira e segundo os obxectivos perseguidos.

#### **3.3.1. Indicadores de realización.**

Servirán para comparar as actuacións planificadas coas efectivamente realizadas. Serán indicadores cuantitativos.

INDICADORES:

- Nº de accións formativas desenvolvidas sobre as inicialmente previstas
- Nº de páxinas web
- Nº de accións de divulgación executadas sobre as previstas.
- Nº de construcións e bens artísticos ou culturais rehabilitados sobre os previstos.
- Nº de actuacións de mellora medioambiental e posta en valor de espazos naturais desenvolvidos sobre o total previsto.
- Nº de actividades executadas relacionadas co fomento da igualdade de oportunidades
- Nº de pobos mariñeiros rehabilitados sobre o previsto

#### **3.3.2. Indicadores de resultado.**

Servirán para medir os efectos directos ou inmediatos de cada unha das accións.

INDICADORES:

- Nº de persoas formadas nos seminarios.
- Nº de empresas xeradas.
- Nº de empresas modernizadas.
- Nº de empresas consolidadas.
- Nº de xóvenes / mulleres / discapacitados insertados laboralmente
- Nº de empresas adaptadas a discapacitados
- Nº de empresas que teñen mellorado a súa xestión ambiental
- Nº de postos de traballo creados / consolidados.
- Nº de persoas de colectivos desfavorecidos integradas laboralmente.
- Nº novas prazas de aloxamento creadas.
- Nº de especies naturais ou vexetais recuperadas.
- Nº de hábitats ou espazos com novas figuras de protección.
- Superficie declarada como Área protexida mariña
- Hectáreas rexeneradas medioambientalmente.
- Metros de roteiros recuperados e sinalizados.
- Volumen de fondos mobilizados con novos programas solicitados
- Nº de puntos de vertido identificados – mellorados
- Incremento no volume de ingresos das confradías

### **3.3.3. Indicadores de impacto.**

Ó final do programa elaboraránse unha serie de indicadores que englobarán o total dos impactos do programa e do traballo do GAC Golfo Ártabro.

INDICADORES:

- Diminución da taxa de paro.
- Incremento da ocupación hoteleira.
- Incremento da estancia media.
- Incremento de taxa de actividades por sectores.
- Incremento da taxa de actividade por xénero.
- Número de novos produtos turísticos creados.
- Número de paquetes turísticos comercializados.

### **3.3.4. Avaliación de execución do programa.**

Semestralmente analizaránse os proxectos comprometidos de cara a axustarse ó máximo posible ó plan financeiro. Para elo terásese en conta o nº de iniciativas presentadas, o nº de iniciativas subvencionadas, o estado de execución das mesmas, xustificación do gasto e o pago das axudas aos promotores. Isto medirá o estado de execución do programa continuamente o que permitirá actuar caso de existir desviacións.

### **3.3.5. Enquisas de satisfacción aos beneficiarios.**

A cada un dos promotores que presenten a solicitude para acceder a unha axuda facilitarásese unha enquisa sobre aspectos que servirán para avaliar os servizos prestados, aclarar dúbidas e mellorar o funcionamento e execución do programa. Trataránse os datos diferenciadamente para os perceptores reais da axuda.

Neste senso haberá preguntas sobre o funcionamento e atención do equipo técnico, sobre os criterios de baremación, sobre as medidas propostas no plan, sobre os proxectos subvencionados, sobre os porcentaxes de axuda, sobre a xustificación dos gastos, sobre o pago das axudas, etc...

Anualmente se realizará un informe cos resultados que estará dispoñible desde a web do proxecto. Ó finalizar o programa se elaborará un informe agregado de todas as anualidades.

### **3.3.6. Paneis de traballo con expertos para analizar as melloras cualitativas no territorio tras a posta en marcha do programa**

Ó final de cada ano natural se realizará un panel con expertos sectoriais e axentes do territorio, coa finalidade de analizar os avances cualitativos na mellora da xestión do litoral, favorecido pola posta en marcha do GAC Golfo Ártabro.

O reporte dos resultados se publicará na web do proxecto.

Se realizará unha comparativa de todos os resultados anuais, que se terá de xeito agregada nun documento, a disposición dos interesados na web.

### 3.4. CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN DO PLAN

G.A.C GOLFO ARTABRO																					
ACCIONS POR EIXOS		Ano 2009				Ano 2010				Ano 2011				Ano 2012				Ano 2013			
EIXO I		T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4
Creación, mellora, ampliación e modernización, de empresas de extracción, cultivo e comercialización de produtos do mar.																					
Mellora da comercialización dos produtos das rías																					
Implantación da normativa de calidade nos produtos do mar. Mellora da seguridade alimentaria e da calidade. Trazabilidade. Certificación de Calidade.																					
Mellora da competitividade do sector acuícola e marisqueiro mediante a formación e incremento do valor engadido das producións e xurdimento de novas producións																					
Introducción de métodos para a refraxada, tratamento ou valorización de residuos e descartes nas empresas transformadoras																					
Apoio a diferenciación e promoción mediante marcas de calidade dos produtos do mar																					
Diseñar imaxe do territorio para mellorar a comercialización dos produtos do mar																					
Desenvolvemento de novas producións do mar mediante o impulso do I+D+i																					
Beminaros de formación e capacitación para axentes do sector																					
Fomento de medidas de cooperación inter e intrasectoriais para reforzar o capital social do territorio																					
Aplicación de Novas Tecnoloxías para o control do furtivismo																					
Estudio de posibilidades de negocio no exterior (Acuícultura, Marisqueo, Pesca)																					
EIXO II		Ano 2009				Ano 2010				Ano 2011				Ano 2012				Ano 2013			
		T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4
Posta en marcha de actividades hostaleiras por Confrarías																					
Promoción e diversificación do traballo das redeiras. Fomento da artesanía																					
Creación, ampliación e mellora de empresas de servizos de ocio e turísticos																					
Mellora da calidade na hostalería e fomento do coñecemento do mundo mar																					
Fomento do Turismo marifeiro e de litoral																					
Fomento das actividades Náuticas Bostibles																					
Fomento do consumo de produtos do mar como alimento. Investigación para outros usos																					
Creación de Aulas temáticas do mar polas confrarías																					
Valorización da Cultura Marifeira Inmaterial																					
Organización de eventos deportivos relacionados co mar, co fin de difundir e promocionar o territorio.																					
Recuperación e tematización de roteiros do litoral e do patrimonio histórico, cultural, material e inmaterial relacionado co mar																					
Mellora e acondicionamento de Infraestruturas e equipamentos para uso turístico, adaptadas a persoas de mobilidade reducida.																					
EIXO III		Ano 2009				Ano 2010				Ano 2011				Ano 2012				Ano 2013			
		T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4
Mellora ambiental e valorización de Zonas na Rede Natura 2000 e outras de Intereses natural																					
Valorización dos ecosistemas mariños																					
Recuperación e rehabilitación de zonas ambientalmente degradadas. Recuperación de habitats																					
EIXO IV		Ano 2009				Ano 2010				Ano 2011				Ano 2012				Ano 2013			
		T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4
Recuperación e rehabilitación de pobos marifeiros																					
EIXO V		Ano 2009				Ano 2010				Ano 2011				Ano 2012				Ano 2013			
		T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4
Fomento da incorporación das novas tecnoloxías no sector																					
Novas tecnoloxías para a redución da factura enerxética. Fomento de enerxías renovables																					
EIXO VI		Ano 2009				Ano 2010				Ano 2011				Ano 2012				Ano 2013			
		T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4
Fomento de actividades empresariais que servan para mellorar a empleabilidade da muller																					
Actuacións non produtivas para o fomento da incorporación dos colectivos de difícil inserción no mundo laboral																					
EIXO VII		Ano 2009				Ano 2010				Ano 2011				Ano 2012				Ano 2013			
		T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4
Establecemento de redes de cooperación con outros G.A.C, comunidades pesqueiras e outros territorios																					
Cooperación con terceiros países para capacitar en pesca, marisqueo e acuicultura																					
Fomento de instrumentos de información, asesoramento e formación																					
Xornadas de intercambio cos centros de Investigación Rexionais, Nacionais e Internacionais																					

**GASTO PÚBLICO PARA O EIXE 4 DO FEP (PLAN FINANCIRO)**

Eixes		Tipo de proxecto	2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL	Gasto público	Gasto privado	Gasto Total	%
SECTORIAIS OU VERTICAIS	Fortalecemento da	Produtivos		509.551,33	283.898,58	283.898,58	283.898,58	283.898,58	1.845.145,63	987.087,38	858.058,25	1.845.145,63	60%
		Non produtivos		37.894,35	21.112,99	21.112,99	21.112,99	21.112,99	122.346,32	122.346,32	0,00	122.346,32	100%
	4.1. Promoción económica: Creación de	Produtivos		343.497,42	191.380,97	191.380,97	191.380,97	191.380,97	1.109.021,30	685.412,78	443.608,52	1.109.021,30	60%
		Non produtivos		38.533,02	21.468,83	21.468,83	21.468,83	21.468,83	124.408,34	124.408,34	0,00	124.408,34	100%
	4.2. Melhoria do contorno natural e a calidade	Produtivos		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	60%
		Non produtivos		114.960,40	64.050,65	64.050,65	64.050,65	64.050,65	371.163,00	371.163,00	0,00	371.163,00	100%
	4. Promoción da cohesión social	Produtivos		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	60%
		Non produtivos		76.640,27	42.700,43	42.700,43	42.700,43	42.700,43	247.442,00	247.442,00	0,00	247.442,00	100%
HORIZONTALS OU TRANSVERSAIS	3. Promoción da sociedade da información e as	Produtivos		48.432,39	26.984,30	26.984,30	26.984,30	26.984,30	156.369,60	93.821,76	62.547,84	156.369,60	60%
		Non produtivos		21.268,96	11.861,23	11.861,23	11.861,23	11.861,23	68.733,89	68.733,89	0,00	68.733,89	100%
	3. Promoción da igualdade de oportunidades	Produtivos		56.522,20	31.491,57	31.491,57	31.491,57	31.491,57	182.488,48	109.493,09	72.995,39	182.488,48	60%
		Non produtivos		17.244,06	9.607,60	9.607,60	9.607,60	9.607,60	55.674,45	55.674,45	0,00	55.674,45	100%
	3. Promoción da cooperación e da participación	Produtivos		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	60%
		Non produtivos		38.320,13	21.350,22	21.350,22	21.350,22	21.350,22	123.721,00	123.721,00	0,00	123.721,00	100%
TOTAL PROXECTOS	Produtivos		958.003,33	533.755,42	533.755,42	533.755,42	533.755,42	3.093.025,00	1.855.815,00	1.237.210,00	3.093.025,00	60%	
	Non produtivos		344.881,20	192.151,95	192.151,95	192.151,95	192.151,95	1.113.489,00	1.113.489,00	0,00	1.113.489,00	100%	
	Total		1.302.884,53	725.907,37	725.907,37	725.907,37	725.907,37	4.206.514,00	2.969.304,00	1.237.210,00	4.206.514,00	71%	
Gastos de funcionamento do GAC				114.960,40	64.050,65	64.050,65	64.050,65	64.050,65	371.163,00	371.163,00	0,00	371.163,00	100%
Gastos de sensibilización e promoción.				114.960,40	64.050,65	64.050,65	64.050,65	64.050,65	371.163,00	371.163,00	0,00	371.163,00	100%
Total Gastos de xestión				229.920,80	128.101,30	128.101,30	128.101,30	128.101,30	742.326,00	742.326,00	0,00	742.326,00	100%
Total Plan estratéxico zonal				1.149.603,96	640.506,50	640.506,50	640.506,50	640.506,50	4.948.840,00	3.711.630,00	1.237.210,00	4.948.840,00	25%



## 4. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

### 4.1. MECANISMOS ESTABLECIDOS PARA GARANTIR O PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.

Ademais de prever actuacións dentro do eixo transversal relativo á igualdade de oportunidades como poden ser cursos de formación destinados especificamente ás mulleres ou a persoas con algún tipo de discapacidade, un dos mecanismos adoptados polo GAC para o cumprimento deste principio será o establecemento de criterios de valoración específicos para todos os proxectos.

Neste senso, ademais de existir un punto específico (5) dentro dos criterios de valoración no que se incentiva que o promotor pertenza a un colectivo desfavorecido, existen outros criterios que tamén favorecen ós proxectos e iniciativas que teñen como obxectivo a igualdade de oportunidades (Ver criterio 2. Impacto sobre o territorio). Ademais, aínda que o proxecto non teña como obxectivo principal o fomentar a igualdade de oportunidades, sempre que xere emprego e favoreza indirectamente dita igualdade tamén será valorado positivamente (Ver punto 7 dos criterios de valoración de proxectos productivos).

Sinalar tamén, que segundo acordo do GAC, todos os proxectos auxiliados deberán cumprir as normas de accesibilidade.

Outro aspecto a ter en conta de cara a que todas as actuacións levadas a cabo polo GAC teñan en conta este principio, é a pertenza de varias asociacións de mulleres e de discapacitados no GAC con presenza na Xunta Directiva. Ditas asociacións comprométese a velar polo cumprimento deste principio, aportando experiencia, apoio técnico, ideas e solucións tanto no referido ás iniciativas elexibles e subvencionables como nas diferentes actuacións plantexadas nas mesas sectoriais, así como na assemblea xeral.

A continuación faise unha relación das entidades de mulleres e discapacitados que actualmente forman parte do GAC .:

- *Asociación Elas pro igualdade da muller.*
- *Meigas, Asociación sociocultural de mulleres*
- *Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)*
- *Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE)*
- *Asociación Pro personas con retraso mental de Galicia (ASPRONAGA)*

- *Asociación sociocultural de minusválidos.*

## **4.2. ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS**

a estratexia plantexada (Iniciar proceso de Xestión Integrada da Zona Costeira) é innovador en si mesmo, como demostra que ata o de agora só se teñen realizado programas piloto a nivel internacional.

No relativo ás accións que se prevén subvencionar, ó igual que sucede no referente á igualdade de oportunidades, o enfoque innovador virá garantizado por uns criterios de valoración específicos para os proxectos.

Neste senso existe un punto específico (3) dentro dos criterios de valoración no que se incentiva o nivel de innovación do proxecto. Existen outros criterios que están fortemente ligados coa innovación, como pode ser o criterio de utilización de novas tecnoloxías. Desta maneira, ademais de favorecer que os proxectos subvencionables sexan novedosos no seu ámbito, tamén se incentiva que sexan innovadores na súa forma (novas formas de traballar, de organizarse, etc.).

O GAC considera a este carácter innovador imprescindible, buscando o efecto demostrativo. Este efecto demostración é unha das bases nas que se asenta a estratexia de desenvolvemento sostible.

No referente á formulación do PEZ, é significativo que esta é a primeira vez que no territorio do Golfo Ártabro se pensa nun desenvolvemento integral da zona litoral e do sector pesqueiro. Neste senso á formación dun Grupo de Acción Costeira que ten como finalidade a dinamización e a xestión dos procesos de desenvolvemento pódese considerar como innovador. Ademais a maneira de definir a estratexia a seguir (aínda que herdada doutras experiencias similares, véxase filosofía Leader) é totalmente innovadora na súa formulación, xa que por primeira vez están implicados todos os axentes económicos, sociais, empresariais e da administración local. Neste senso a participación na elaboración do PEZ das confrarías, concellos, asociacións, etc... é outro elemento innovador na estratexia plantexada por este GAC.



En definitiva o Plan Estratégico Zonal (PEZ) do Golfo Ártabro constitúe un novo enfoque de desenvolvemento dirixido ó ámbito do mar.

### **4.3. PLAN DE DIFUSIÓN, PUBLICIDADE E TRANSFERENCIA**

Para difundir a existencia do GAC e do Plan así como das actuacións que se prevé subvencionar como resultado do principio de transparencia, articularase un Plan de información e difusión que terá os seguintes obxectivos. Os gastos que supoñan a consecución dos obxectivos que a continuación se relacionan estarán imputados ós gastos de sensibilización e promoción.

#### **4.3.1. OBXECTIVOS XERAIS**

- Facer público a formación do GAC “Golfo Ártabro” e o motivo da súa constitución, composición, finalidade, procedemento, funcionamento, etc...
- Difundir entre a poboación tanto a problemática territorial identificada como as potencialidades que presenta o territorio, para facela partícipe do GAC “Golfo Ártabro” no que rexe o principio de “portas abertas”.
- Facer público a existencia de liñas de axuda dos fondos europeos da pesca destinadas á sustentabilidade social, económica e ambiental das zonas costeiras de cara a mellorar a comercialización e revalorizar os produtos da pesca, manter o emprego mediante a diversificación económica e reestructuración social, promover a calidade ambiental da costa e do medio mariño, promover a cooperación nacional e transnacional entre as zonas costeiras, promover a igualdade de oportunidades e facilitar o acceso ás novas tecnoloxías.
- Motivar, sensibilizar e involucrar á poboación nesta iniciativa de desenvolvemento, impulsándoa para que presente proxectos e iniciativas. Desta maneira a poboación participa no seu propio desenvolvemento e futuro común.
- Difundir exemplos de iniciativas ou proxectos, así como de outras experiencias similares neste ou en outros territorios que sirva de “efecto demostración” de cara a poboación.

- Establecer dinámicas de participación social de cara a un desenvolvemento sustentable do territorio, tanto de cara a presentación de proxectos no GAC como abrindo outros frontes de actuación.
- Involucrar ao tecido social, económico/empresarial e do sector pesqueiro e da administración local nunha estratexia de desenvolvemento conxunta.

#### **4.3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Manter xuntanzas con colectivos, entidades, organizacións e grupos de diferentes características vinculados ao desenvolvemento do territorio con fin de difundir o Programa.
- Manter xuntanzas con profesionais do territorio (ADL, asistentes sociais, axentes de emprego,...) vinculados ao desenvolvemento co fin de que o Plan sexa coñecido pola poboación do territorio e para crear dinámicas de interacción.
- Creación dunha páxina web do GAC, manténdoa actualizada onde se facilite a información mais relevante (reunións, actuacións, proxectos financiados,...).
- Publicitar a creación do GAC e a existencia de un Plan de axudas de Fondos Europeos de Pesca en diferentes medios de comunicación locais e autonómicos.
- Difusión de carteis e trípticos entre entidades de diferentes ámbitos de cara a un maior coñecemento do Plan.
- Por no taboleiro de anuncios da oficina do GAC de información actualizada do Plan.
- Difusión do Plan no territorio de actuación, convocatorias, prazos de solicitude,... a través de charlas informativas polos Concellos que forman parte do GAC. Tanto nas dependencias municipais como en centros sociais, de veciños, confrarías,...

- Difundir anualmente a través da páxina web, prensa local,..., as axudas concedidas e denegadas con cargo ó Plan.
- Publicitar axeitadamente os proxectos subvencionados, segundo obriga a normativa.

Agárdase que todos estes obxectivos xerais e específicos se acaden a través das seguintes actuacións:

### **4.3.3. ACTUACIÓNS**

A primeira actuación será acadar financiación para publicar o documento candidatura (250 exemplares). Posteriormente, xa co programa en marcha, se realizaran as seguintes actuacións:

#### **4.3.3.1. Deseño de imaxe corporativa.**

O deseño da imaxe corporativa (Logotipo), permitirá identificar e diferenciar a Asociación. Esta imaxe responderá ás características culturais, históricas e naturais do territorio así como a unha imaxe de esforzo común dos diferentes axentes implicados no desenvolvemento do Plan.

#### **4.3.3.2. Sinalización da sede**

A sede do GAC, previsiblemente sita no Edificio Casa do Mar, planta 3ª, Avda. del Puerto s/n C.P.: 15160, no concello de Sada, estará sinalada cunha placa co nome e logo da asociación e dos demais logos dos diferentes fondos, en cumprimento da normativa específica.

#### **4.3.3.3. Elaboración de tarxetas de presentación.**

Impresión de 2.000 unidades cun deseño persoal e 1.000 xenérica da oficina.

#### **4.3.3.4. Difusión na prensa local.**

Colocación de anuncios sobre o lanzamento do GAC e do Plan de axudas. Con data do 20 de agosto de 2008, na Casa da Cultura de Sada, fíxose unha presentación á prensa do proceso de constitución do GAC “Golfo Ártabro”.

Se prevé unha presentación e rolda de prensa cando se conceda o Programa.

#### **4.3.3.5. Trípticos, guía do promotor e carteis informativos.**

Ata o momento elaboráronse 3.000 trípticos para dar a coñecer a posta en marcha do GAC e animar á participación no mesmo. Ditos trípticos foron repartidos polos concellos do territorio, asociacións e confrarías,...

Se elaborarán 5.000 trípticos informativos coa información sobre o Plan e o GAC, así como 300 carteis para distribuír entre Entidades financeiras, sedes asociacións, oficinas municipais, Técnicos Locais Emprego, viveiros de empresas, Universidade, restaurantes, Cámara de Comercio, Diputación Provincial, Clubes Deportivos, Asociacións de Empresarios, Bares, etc..

Tamén se elaborarán varios módulos móbiles para asistencia a feiras e charlas divulgativas.

Ademais se elaborarán e distribuirán numerosas GUIAS DO PROMOTOR (500 exemplares).

#### **4.3.3.6. Charlas en asociacións ou colectivos**

Á proposta de cada sector que forma parte do GAC e organizada en coordinación cos colectivos que a integran, se programarán reunións en distintas parroquias do territorio. Así mesmo, desde o equipo de xestión se organizarán reunións informativas coordinadas cos axentes locais, para difundir o Plan e o GAC polas distintas parroquias.

Ata o momento mantivéronse charlas e reunións informativas en todas as confrarías do territorio para informar ós seus asociados sobre a creación do GAC e as posibilidades de subvencionar proxectos que este Plan ofrece.

#### **4.3.3.7. Páxina web.**

Poñerase en marcha un sitio web xeral do GAC e do plan, no que se engadirá a maiores información relevante como contactos de interese, información sobre o territorio e as súas oportunidades, oferta formativa, iniciativas creadas ou en curso, xornadas de interese, etc.

A web levará os logotipos según normativa dos fondos financiadores.

UNHA PRIMEIRA CANLE DE COMUNICACIÓN FOI ABRIR UN BLOG PARA ACOMPAÑAR O PROCESO DE CONSTITUCIÓN DO GAC E ELABORACIÓN DA CANDIDATURA [HTTP://GACGOLFOARTABRO.BLOGSPOT.COM](http://GACGOLFOARTABRO.BLOGSPOT.COM) ONDE SE INFORMA DE TODAS AS ACTIVIDADES, REUNIÓNS, XUNTANZAS, CHARLAS,... REALIZADAS ATA O MOMENTO, E ONDE ESTÁ PUBLICADO O DOCUMENTO-CANDIDATURA.

#### **4.3.3.8. Pübilcacións periódicas.**

Elaborarase unha publicación semestral para dar a coñecer o programa, actuacións, acordos assemblearios e de xuntas directivas, incorporación de socios, etc. A publicación se fará en papel e tamén se colgará en internet.

Enviarase unha nota de prensa con foto para darlle publicidade ós contratos de axuda asinados, baseado en que esta é unha das ferramentas mais baratas de facer difusión do Plan.

Enviaranse as Actas das reunións de Xunta directiva e Asemblea a todos os asociados, colgándoas tamén na web.

#### **4.3.3.9 DIVULGACIÓN DIRIXIDA A COLECTIVOS ESPECÍFICOS.**

Buscarase un traballo coordinado coas Axencias de Desenvolvemento do territorio e os Técnicos Locais de Emprego e os Grupos de Desenvolvemento Rural, buscando optimizar os recursos humanos e non duplicando actuacións. Para todo iso terán lugar reunións de coordinación periódicas entre equipos técnicos e xuntas directivas.

#### **4.4. SOSTIBILIDADE.**

Por último todos os proxectos cumprirán co obxectivo de sostibilidade.

Tendo en conta que se entende como sostibilidade a capacidade de satisfacer as necesidades das xeracións presentes sen comprometer as posibilidades das xeracións futuras de atender as súas propias necesidades, establecerase a obrigatoriedade de que as actuacións subvencionables sexan perdurables no tempo, mais aló da duración das axudas.

Neste senso estableceranse varias condicións para que un proxecto sexa subvencionable (ver criterios valoración), aínda que todos deberán dispoñer dos preceptivos informes ambientais e sectoriais que esixe a lexislación.

Nos criterios de valoración recóllense algúns destes aspectos:

Todos os proxectos subvencionados deberán de ser respetuosos co medio-ambiente (Criterio 1 “Viabilidade técnica”). Ademais serán máis valorados aqueles que teñan como obxectivo específico a mellora do medio ambiente ou a utilización de técnicas ou enerxías favorables no mantemento e na mellora da calidade ambiental (criterio 2 “Impacto sobre o territorio”)

Todos os proxectos productivos deberán de ser viables economicamente como mínimo, nos cinco anos seguintes á concesión da axuda (criterio 1 “Viabilidade económica”).

Por outra banda todas as actuacións subvencionables terán a obrigatoriedade de manterse en funcionamento e en bo estado de conservación como mínimo nos 5 anos posteriores á concesión de axuda. Este aspecto virá recollido nos diferentes compromisos de concesión de axudas.

A creación de emprego (como parte da sostibilidade dun proxecto) tamén será un compromiso a cumprir polo promotor do proxecto como mínimo nos cinco anos posteriores á concesión da axuda.

Para o cumprimento destes compromisos o GAC establecerá un réxime de visitas e inspeccións nas que por medio de sorteo se inspeccionarán o 10% dos proxectos subvencionados ata o momento. Estes sorteos se farán tres veces ao ano (cada cuatrimestre). Nestas inspeccións revisarase o bo funcionamento da iniciativa, o estado de conservación, o cumprimento dos compromisos de creación de emprego, utilización de novas tecnoloxías, de igualdade de oportunidades, etc...

Unha vez rematado o prazo do Plan de axudas, e dado que haberá proxectos no que o compromiso de mantemento dos cinco anos posteriores aínda estará vixente, o equipo técnico do GAC seguirá encargándose das inspeccións.

En canto á sostibilidade propia do Grupo, prevese que o GAC acceda a outros Programas e Plans que permitan a súa continuidade no tempo.

## **6. BIBLIOGRAFÍA**

Agenda 21 Zaragoza (2006): "Guías de Buenas Prácticas Ambientales". Agenda 21 Zaragoza. Zaragoza.

Arroyos, C. (2007): Desarrollo rural sostenible en la Unión Europea: El nuevo FEADER 2007-2013. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Mundi – Prensa. Madrid.

Aullé J.L. (1990): "Atlas Fitoclimático de España". Espasa S.L. Madrid.

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, AGADER (2004): "A Coruña, Atlas Empresarial do Medio Rural Galego". Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, AGADER. Santiago de Compostela.

Centro de Desenvolvemento Sostible (2004): "Colección técnica de Medio Ambiente: Usos e funcións do bosque". Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

CIDADANÍA Rede de Aplicacións Sociais S. Coop. Galega (2000): "Estudo do mercado laboral na provincia de A Coruña". Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Consellería de Economía e Facenda (2007): "Plan estratégico de desenvolvemento económico de Galicia 2000-2006". Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (2008): "Guía de Candidatura G.A.C.-Grupos de Acción Costeira". Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Crecente Asociados (2004): "Estudio de desenvolvemento turístico "Terra das Mariñas". Tomo I: Diagnóstico". Asociación Terra das Mariñas. A Coruña.

Crecente Asociados (2004): "Estudio de desenvolvemento turístico "Terra das Mariñas". Tomo II: Estratexia turística". Asociación Terra das Mariñas. A Coruña.

Eiroa, Adriana R. (2007): "Mariñeiros, barcos y aparellos: la Galicia del mar: del oficio a las leyendas" S.L. E. A.

FEMP (2006): "Actuaciones urbanas por el clima". FEMP.Madrid.

Fundación Caixa Galicia (2007): "Plan estratégico de la provincia de A Coruña 2007-2013". Deputación Provincial da Coruña. A Coruña.

García del Hoyo, J.J., Santiago Pereira, J. A. (eds.) (2007): "Observatorio científico de las pesquerías artesanales". Servicio de Publicaciones, Universidad de Huelva. Huelva.

Grupo Pronatura (2007): "Guía de Buenas Prácticas ambientales" Junta de Andalucía. Andalucía.

I.E.C.E.I. (2000): "Guía Europea para a Planificación das Axendas 21 Locais". Consellería do Medio Ambiente, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.

Instituto Lawrence R. Klein-Centro Gauss; Universidad Autónoma de Madrid (2007): "Atlas socio-económico de Galicia 2007". Caixa Nova. Madrid.

López Fernández, C.; Rodríguez Fontán S. (2004): "A aplicación transversal da Igualdade de Oportunidades: unha experiencia práctica". Mancomunidade da Área intermunicipal de Vigo. Pontevedra.

Ortiz García, M. (2003): "La gestión eficiente de la zona costera: los parques marinos". Tirant lo Blanch. Valencia.

Precedo Ledo, A. (2007): "El Área Metropolitana de A Coruña: una Metrópoli Euroatlántica. Estudio de posicionamiento y marketing". Deputación Provincial da Coruña. A Coruña.



Rodríguez Vergara, X. (2007): “Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro”. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Santiago de Compostela.

Sánchez García, J.A. (2008): “Xardíns das Mariñas”. Fundación Juana de Vega, Asoc. G.A.L. Terra das Mariñas. A Coruña.

Secretaría General del Mar (2007): “Libro Blanco de la Pesca”. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Madrid.

Seoane Calvo, M. (2000): Manual de contaminación marina y restauración del litoral contaminación, accidentes y catástrofes, agresiones a las costas y soluciones: el turismo de costa, la pesca, la ordenación y gestión del litoral. Mundi – Prensa. Madrid.

Sobel, J. A. (2004): “Marine reserves: a guide to science, design, and use” Island Press. Washington.

TRAGSATEC, S.A. (2007): “Plan estratégico nacional del fondo europeo de la pesca”. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Madrid.

VV.AA. (2006): “Aplicación práctica del enfoque de ecosistemas en la pesca”. Organización de las Naciones Unidas para la Agricultura y la alimentación. Roma.

VV. AA. (1996) “La reconversión de las zonas dependientes de la pesca objetivos, experiencias, perspectivas: mesa redonda, Bruselas, 17 de Mayo de 1995.” Oficina de Publicaciones Oficiales de las Comunidades Europeas. Luxemburgo.

## **PÁXINAS WEB**

[http://ec.europa.eu/fisheries/index\\_es.htm](http://ec.europa.eu/fisheries/index_es.htm) (Comisión Europea: Pesca)

<http://europa.eu/scadplus/leg/es/lvb/l66004.htm> (Fondo Europeo de Pesca)

[http://www.mapa.es/es/pesca/pags/programa\\_fep/programa\\_fep.htm](http://www.mapa.es/es/pesca/pags/programa_fep/programa_fep.htm) (Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino)

[http://webpesca.xunta.es/pescacms/opencms/WebPesca\\_es/Conselleria/](http://webpesca.xunta.es/pescacms/opencms/WebPesca_es/Conselleria/) (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos)

<http://www.accioncosteira.es> (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos)

<http://www.ige.eu/> (Instituto Galego de Estadística)

<http://www.marm.es/> (Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino)

<http://webpesca.xunta.es/> (Consellería de Pesca. Xunta de Galicia)

<http://medioambiente.xunta.es/> (Consellería de Medio Ambiente)

<http://www.pesca2.com/> (Portal do Sector Pesqueiro)

<http://www.ces-galicia.org/> (Consello Económico e Social de Galicia)

<http://www.turgalicia.es/> (Páxina de Turismo de Galicia)

<http://www.dicoruna.es/> (Deputación de A Coruña)

<http://www.ardan.es/> (Servizo de apoio e información á actividade empresarial)

## **5. DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA REFERIDA ÓS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA.**

### **5.1. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA**

A elaboración do Plan Estratégico Zonal (PEZ) realizouse baixo unha metodoloxía participativa. Nunha primeira fase realizouse a recollida de información e datos, para o estudio Socioeconómico e Diagnose, á vez que se deseñou unha enquisa para os representantes das diferentes Confrarías. A partir da información acadada, os equipos técnicos de Terra das Mariñas e da Fundación de Betanzos realizaron unha serie de reunións con tódalas Confrarías do Territorio para afondar na diagnose, tal como reflexa no apartado de metodoloxía. Posteriormente, realizáronse reunións cas mesas sectoriais. Deuse tempo para recoller propostas e modificacións por parte deste axentes e se incorporaron ó PEZ. Finalmente a Xunta Directiva aprobou o borrador do PEZ e por último a Asemblea Xeral aprobou o programa. A participación foi fundamental para o desenvolvemento do PEZ, pois tódalas accións saíron das reunións mantidas.

Os equipos técnicos que realizaron o Plan Estratéxico Zonal e que pertencen ás Asociacións de Terras das Mariñas e á Fundación Comarcal de Betanzos, teñen experiencia na elaboración e xestión de programas financiados con fondos europeos, como a xestión de programas PRODER II e AGADER, ou a elaboración de Candidaturas como as elaboradas pola Asociación Terra das Mariñas para os Plans de Dinamización do Produto Turístico da Área Metropolitana da Coruña ou o proxecto recentemente aprobado dentro da Iniciativa LIFE + en Abegondo “Xestión integrada da Cunca do Mandeo e a súa aplicación no plantexamento local do LIC Abegondo-Cecebre”.

Tamén axudaron a elaborar a candidatura os equipos técnicos das asociacións membros do GAC e mesmo os concellos.

O Grupo de Acción Costeira contratará o personal necesario para levar a cabo o proxecto e manterá convenios de colaboración futura cas asociacións de interese para realizar proxectos conxuntos.

## 5.2. CRITERIOS DE REPRESENTATIVIDADE

En canto a representatividade do sector pesqueiro, destacar que no Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabro, están asociadas as 7 Confrarías do territorio, e as asociacións vinculadas ó sector do mar (Asociación de redeiras).

Dous dos representantes do sector pesqueiro pertencentes á Xunta Directiva do GAC acadaron por unanimidade da Xunta Directiva e da Asemblea, os cargos de Presidencia e Tesourería do GAC. Polo tanto se pode afirmar que están todas as confrarías representadas na Xunta Directiva do GAC.

## 5.3. CRITERIOS DE COHERENCIA

Respecto as accións de difusión e dinamización levadas a cabo, como se sinala no apartado “Metodoloxía”, realizáronse as seguintes actuacións:

- Divulgación por parte dos Concellos e as Asociacións do Territorio do GAC
- Divulgación WEB 2.0 información do GAC Golfo Artabro <http://gacgolfoartabro.blogspot.com>, onde se pon información da actualidade do GAC e información de interese.
- Presentación ós medios de Comunicación local do GAC
- Elaboración de Trípticos e Paneis informativos

Entre os mecanismos de coordinación do GAC e complementariedade con outras Asociacións e programas, o presidente do GAC é representante na Xunta Directiva pola Mesa do sector Pesqueiro, Marisqueiro e Acuicultura no Grupo de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.

Está previsto realizar convenios de colaboración con outras asociacións do Territorio para presentar proxectos comúns e coordinados.

O GAC “Golfo Ártabro” asociarase ás Redes temáticas e de desenvolvemento que se leven a cabo en Galicia para acadar sinerxias e poder presentar nun futuro proxectos comúns.

#### **5.4. CRITERIOS DE XÉNERO**

O Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabro aprobou por unanimidade unha Xunta Directiva paritaria ó 50%. Ademais nos órganos executivos están representadas dúas mulleres, nos postos de tesourería e secretaria.